



5 POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL




- 5.1. POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PAC)**
- 5.2. POLÍTICA AGRARIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA**
- 5.3. NORMATIVA URBANÍSITA NO MEDIO RURAL**
- 5.4. MELLORA E MODERNIZACIÓN DAS ESTRUCTURAS DE PRODUCCIÓN DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS**
- 5.5. O SUBSECTOR AGROGANDEIRO E FORESTAL E O MEDIO AMBIENTE**
- 5.6. POLÍTICA SANITARIA**
- 5.7. SEGUROS AGRARIOS**



5.1

POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PAC)



Obxectivo deste apartado é presenta-los aspectos máis importantes da situación actual da Política Agraria Común, así como da proposta de reforma presentada na *Comunicación sobre a Revisión intermedia da Política Agraria Común* feita pola Comisión e presentada no Parlamento Europeo o 10 de xullo de 2002.

Para iso, o capítulo estrutúrase en tres grandes apartados nos que se analiza, en primeiro lugar, a reforma da Política Agraria de 1999 contida na comunicación da Comisión denominada *Axenda 2000: por unha Europa máis forte e ampla*. A continuación, analízase a aplicación da PAC, centrándose nas diferentes fontes de axudas existentes en Galicia (as seccións Garantía e Orientación do FEOGA, as iniciativas comunitarias Leader + e Proder, e os programas da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural). Finalmente, analízase a proposta de reforma recollida na *Comunicación sobre a Revisión intermedia da Política Agraria Común* de 10 de xullo de 2002.

A PAC dende o seu nacemento estivo some-

tida a profundos cambios para poder facer fronte ós novos desafíos que ían aparecendo. Nun primeiro momento, o obxectivo da PAC decidida por unha comunidade de só 6 Estados membros era o de acadar los obxectivos do artigo 39 do Tratado (incrementar a produtividade, asegurar un nivel de vida equitativo á poboación agrícola e garantir a seguridade dos abastecementos a prezos razoables), debéndose despois corrixir los desequilibrios cuantitativos que xurdiran.

A principios dos anos noventa, algúns sectores agrarios acusaban un forte desequilibrio nos seus mercados ou ameazaban con facelo moi pronto. A pesares das reformas realizadas nalgúns OCMs para estabilizar los mercados, existía o perigo de que os gastos agrarios comezaran a crecer de forma descontrolada. A Unión, en pleno proceso de creación da Unión Económica e Monetaria, non podía permitirse que os desequilibrios orzamentarios provocados pola PAC o obstaculizara.

Doutro lado, os produtos agrarios eran un aspecto importante na Rolda Uruguai, onde un grupo de países estaba disposto a cuestiona-lo

proteccionismo agrario comunitario, dende as políticas de prezos ata a protección exterior. Isto facía que a Unión tivera que reformula-la súa política agraria se non quería ver en perigo os mercados exteriores doutros produtos moito máis relevantes para o conxunto da economía europea.

Resultaba necesario instrumentar un novo modelo de política agraria. En primeiro lugar, o sistema de regulación de mercados (prezos garantidos e mecanismos de intervención) distorsiona a asignación eficiente de recursos, incrementando artificialmente a oferta agraria. Namentres, a demanda interna está estabilizada como consecuencia da baixa elasticidade renda da meirande parte dos produtos agrarios, o que da lugar á xeración de excedentes estruturais que só poden ser evacuados nos mercados internacionais.

En segundo lugar, o modelo productivista, que se concreta nuns elevados e crecentes requirimentos de inputs químico-biolóxicos por unidade de produto, entra en contradición coas consideracións medioambientais progresivamente máis relevantes para a opinión pública.

En terceiro lugar, a caída relativa dos prezos agrarios impedía que tanto as ganancias de produtividade como o crecente gasto do FEOGA se materializase nunha progresión proporcional da renda agraria. Pola contra, no período 1975-91 o presuposta do FEOGA multiplicouse por 2,6 a prezos constantes mentres que a renda agraria permaneceu relativamente constante.

Por último, a Comisión estimaba que o gasto agrario era notablemente regresivo posto que, ó operar principalmente a través da política de prezos, se dirixía fundamentalmente ás explotacións máis eficientes. Así, estimaba que o 80% das axudas concedidas polo FEOGA era absorbido polo 20% das explotacións.

Todo isto fixo que a Comisión se plantexara a necesidade dunha reforma da PAC que fora máis alá dos axustes producidos no pasado. En febreiro de 1991, ofrece as conclusións da súa reflexión no documento *Evolución e futuro da*

PAC, e máis tarde, as propostas de reforma noutro, *Desenvolvemento e futuro da PAC*, que deron lugar á reforma de 1992 ou reforma Mc Sharry.

Os obxectivos que debían guiar esta nova política agraria son:

- Europa ten un modelo de agricultura que debe conservar, sustentado nunha organización social que xira en torno á agricultura familiar que, ademais, ten efectos directos sobre a preservación do medio ambiente. O agricultor desempeña, polo tanto, dous funcións simultaneamente: produce de alimentos e protexe o medio ambiente.

- O mundo rural é algo máis que o sector agrario e, aínda que a agricultura siga sendo o sector de actividade máis importante, deberán fomentarse outras formas de actividade que permitan mante-la poboación neste espacio e asentala economía das rexións rurais sobre bases sólidas.


- O sector agrícola deberá aumenta-la súa competitividade para poder manterse nos mercados internacionais. A súa vez, se reclama a adopción de métodos respectuosos co medio ambiente e a extensificación das producións agrícolas e gandeiras.

- Os principios básicos da PAC –unidade de mercado, preferencia comunitaria e solidariedade financeira– son incuestionables.

- A política de prezos e os controis cuantitativos da oferta agraria deben seguir desempeñando un papel central para acadar un mercado de produtos agrarios equilibrado.

Esta reforma consta de tres grandes elementos. Dunha banda, para mante-los ingresos dos agricultores, concede axudas directas á renda dos mesmos en vez de mante-los prezos dos produtos agrarios por riba do mercado mundial (“pagos compensatorios”).

Doutra, iníciase a reforma das principais OCMs, en función do gasto agrario, da agricultura europea: cereais, sementes oleaxinosas, plantas proteaxinosas, carne de vacún e o leite. Asemade, inclúense as OCMs de tabaco e ovino e caprino, dous producións deficitarias, pero suxeitas a reformas por razóns orzamentarias.



O terceiro elemento son as “medidas de acompañamento” co obxectivo dun desenvolvemento rural equilibrado, da incorporación de novos á actividade agraria, da mellora do medio ambiente e da atención á calidade dos alimentos.

• ***Axenda 2000: Por unha Europa máis forte e máis ampla***

O seguinte paso no proceso da reforma agrícola o constitúe a comunicación da Comisión denominada *Axenda 2000: por unha Europa máis forte e ampla*, froito da demanda xurdida no Consello Europeo de Madrid celebrada en 1995. A Axenda 2000 é a resposta ós requirimentos do Consello Europeo en relación ós procesos de Adhesión dos países de Europa Central e Oriental, ó marco financeiro para os próximos anos (o que estaba en vigor expiraba en decembro de 1999), e á necesidade de avanzar na reforma de 1992 tanto por aspectos externos (as negociacións no marco da OMC estaban condicionadas ó avance dos temas agrarios) como internos (os países candidatos teñen un potencial agrícola considerable, ante os que a PAC semireformada non resistía).

En xullo de 1997 presentouse a Axenda 2000, onde se establecen as propostas concretas para moderniza-las políticas clave e preparar á Unión para a ampliación. No mes de marzo de 1999 no Consello Europeo de Berlín foron aprobadas as reformas da Axenda 2000 e, centrándonos no seu contido agrícola, a reforma proposta afondaba e ampliaba a reforma de 1992, e consolidaba o desenvolvemento rural como segundo pilar da PAC. Esta nova PAC representa un paso máis cara a unha economía rural máis ampla que a mera produción agrícola e garante que ó agricultor se lle recompense pola súa contribución xeral á sociedade e non só polo que produce.

As decisións da reforma abarcan os sectores dos cultivos herbáceos, a carne de vacún, os produtos lácteos e o viño. Asemade, a reforma inclúe tamén novas disposicións sobre o desenvolvemento rural para o período 2000-2006.

A Comisión fixa como obxectivos da PAC:

- o aumento da competitividade, tanto en mercados interiores como exteriores, para garantir que os produtores da UE se beneficien por completo da evolución favorable do mercado mundial;
- seguridade e calidade dos alimentos, obrigación fundamental ante os consumidores;
- garantir un nivel de vida equitativo á comunidade rural e contribuír á estabilidade da renda agraria e a cohesión social;
- a integración dos obxectivos medioambientais na PAC;
- fomento dunha agricultura sostible;
- a creación de emprego alternativo e novas fontes de ingresos para os agricultores e as súas familias, aínda que sexa noutros sectores alleos á agricultura;
- simplificación da lexislación comunitaria.

En relación ós **cultivos herbáceos**, o Consello aprobou tres regulamentos, polos que se crea un sistema de apoio ós produtores de determinados cultivos herbáceos (R (CE) 1.251/99), se establece un réxime de continxentes para a produción de fécula de pataca (R (CE) 1.252/99), e o (R (CE) 1.253/99) sobre a OCMs no sector de cereais.

Fíxase un novo prezo de intervención dos cereais en dúas fases iguais a partires da campaña 2000/2001, que garanta un nivel de seguridade de 101,3 euros por tonelada (inicialmente se prevía reducir aa 95,35 euros). Establécese un pago por superficie, independentemente do cultivo de que se trate, de 63 euros por tonelada, multiplicando polos rendementos rexionais de referencia dos cereais da reforma de 1992, agás para España e Italia que medran. Mantense o actual sistema de superficies de base e os plans de rexionalización.

Recóllese a retirada de terra, cunha porcentaxe de referencia para a obrigatoria fixada no 10%, adaptándose ás condicións do mercado. Permítese as voluntarias pero ofrecendo melloiras para incorporar aspectos medioambientais. O pago por retirada ten idéntica contía que a compensación anterior.

Establécese unha axuda suplementaria de 72,5 euros por tonelada para os produtos proteaxinosos co fin de mante-la súa competitividade respecto ós cereais e mante-los suplementos actuais para o trigo duro. Pola contra, redúcense os pagos directos por hectárea para as oleaxinosas e o lino, ata igualarse cos cereais, o sistema de prezos de referencia para as sementes oleaxinosas se abolirá a partires da campaña de comercialización do 2002/03. Para determinados cultivos, como o xirasol e a colza de primavera, que dificilmente poderán resisti-la baixa rendibilidade dos cultivos fronte ós cereais nalgúns países como España, permíteselles que se acollan a programas medioambientais.

No caso do sector da **carne de vacún**, a UE optou por continuar coas liñas de reforma e substituí-las medidas de xestión de oferta por pagos directos (R (CE) nº 1.254/99). Propón a redución dun 20% do prezo de intervención nun período de tres anos, ó final do cal, se substituirá por un básico para o almacenamento privado.

Para compensa-la caída dos ingresos, propónse a medra das axuda directas por cabeza de gando establecendo os seguintes niveis: prima especial para animais machos, que aumentará en tres tramos ata acada-los 210 euros por toro e os 150 por boi no ano 2002; vaca nodriza ata 200 euros en 2002. Tamén se establece unha prima por sacrificio de 80 euros en animais adultos e 50 euros por tenreiros. Asemade, poderanse recibir pagos por extensificación sempre que se cumpran determinados requisitos.

Limitáase o máximo que os gandeiros poden recibir polas axudas en función da superficie forraxeira. Os Estados poderán efectuar pagos adicionais en función das diferencias rexionais no seu territorio.

No concernente ós **productos lácteos**, cómpre salientar que non se trata dunha verdadeira reforma, que se apraza por segunda vez ata a campaña 2005/06, senón de realizar algúns axustes parciais na OCMs. O Regulamento R (CE) nº 1.256/99 prorroga o réxime de cotas ata o 2000, ampliando as de España, Italia, Grecia, Irlanda e

Irlanda do Norte por estimar que as súas ganderías bovinas de especialización leiteira resultaron prexudicadas no anterior reparto.

Redúcense gradualmente os prezos de intervención para a manteiga e o leite desnatado en po nun 15% en tres fase iguais, pero cunha aplicación que se atrasa ata a campaña 2005/06, sendo esta redución compensada simultaneamente cunha prima láctea.


O Regulamento R (CE) 1.493/99 aprobou a **reforma da OCMs do viño**, que nun primeiro momento quedaba fóra do paquete de reformas.

A pesares de mante-la prohibición de plantar viñedo novo ata o 2010, asignaranse un total de 68.000 hectáreas de novas rotacións, das que 17.355 ha. (o 25,5%) corresponden a España Ademais, permítese as transferencias de dereitos de replantación cara a zonas máis necesitadas, e se introducen medidas destinadas á reestructuración e reconversión dos viñedos para adaptarse ás novas circunstancias do mercado.

Dentro dos mecanismos de mercado, segue vixente o réxime de axuda para o almacenamento privado de viño de mesa e mosto e as destilacións dos subproductos da vinificación. Introdúcese a autorización para destilar viño de mesa e o seu uso nas industrias de bebidas alcohólicas.

O devandito regulamento recolle as condicións para obte-lo recoñecemento de organización de produtores e interprofesional, así como as prácticas e tratamentos enolóxicos autorizados pola OCMs.

Unha das novidades incorporadas pola Axenda 2000 respecto a outras reformas, a constitúe o Regulamento R (CE) 1.259/99, de 17 de maio, polo que se establecen as disposicións comúns para os **réximes de axuda directa** no marco da política agrícola común. No seu artigo 1 establécese que o devandito regulamento se aplicará ós pagos concedidos directamente ós agricultores e financiados total o parcialmente pola sección Garantía do FEOGA, agás nos contemplados no regulamento de desenvolvemento rural.



No obxectivo de integrar mellor o medio ambiente nas OCMs, os Estados membros definirán as medidas medioambientais que teñen que aplicar os agricultores en función da terra empregada ou da produción (artigo 3). Tamén poderán determinar un réxime de sancións, condicionadas ó incumprimento dos requisitos medioambientais, que poderán incluí-la redución ou a supresión dos pagos directos.

O artigo 4, punto primeiro, reflicte que os Estados membros poderán decidi-los criterios e a porcentaxe de redución dos importes pagados ós agricultores para un ano civil determinado en función dos niveis que acaden os seguintes parámetros: utilización relativa da man de obra na explotación, rendibilidade ou marxes brutos, e importe total dos pagos concedidos.

A modulación resultante non poderá reducir en máis dun 20% o importe total dos pagos que, en ausencia de mesma, houbera correspondido ó agricultor. Tal e como se afirma na disposición común deste regulamento, os Estados membros poderán utiliza-los importes logrados por esta nova situación e destinalos a medidas agroambientais, réximes de cese anticipado, zonas desfavorecidas e zonas con limitacións medioambientais e repoboación forestal.

Estes pagos abonaranse na súa totalidade ós beneficiarios e estarán suxeitos a unha avaliación do grado de consecución dos obxectivos e da súa repercusión nos correspondentes mercados.

No concerne ás actuacións sobre o **desenvolvemento rural** na Unión Europea, o Regulamento (CE) nº 1.257/99, de 17 de maio, establece o marco das axudas comunitarias a favor do desenvolvemento rural sostible. Estas axudas, centradas nas actividades agrarias e na súa reconversión, poderán ter como obxecto:

- a mellora das estruturas das explotacións agrarias e da transformación e comercialización dos produtos agrícolas;

- a reconversión e reorientación da capacidade de produción agraria, a introducción de novas tecnoloxías e a mellora da calidade dos produtos;

- o fomento da produción non alimentaria;
- o desenvolvemento sostible dos bosques;
- a diversificación das actividades coa creación doutras de carácter complementario ou alternativo;

- o mantemento e consolidación dun tecido social viable nas zonas rurais;

- o desenvolvemento das actividades económicas e o mantemento e creación de postos de traballo co obxecto de garantir unha mellor explotación do potencial intrínseco actual;

- a mellora das condicións de traballo e da vida;

- o mantemento e fomento de sistemas agrícolas de baixos insumos;

- a conservación e promoción dunha natureza de alta calidade e dunha agricultura sostible que respecte as esixencias medioambientais;

- a eliminación das desigualdades entre homes e mulleres e o fomento de iguais oportunidades para ámbolos dous mediante o apoio a proxectos onde a iniciativa e execución corra a cargo de mulleres.

Todas estas axudas se concederán para as medidas de desenvolvemento rural contempladas no título II do devandito regulamento: investimentos nas explotacións agrarias, instalación de mozos agricultores, formación, cese anticipado da actividade agraria, zonas desfavorecidas e zonas con limitacións medioambientais específicas, medidas agroambientais, mellora da transformación e comercialización de produtos agrícolas, silvicultura, fomento da adaptación e desenvolvemento de zonas rurais, e normas de desenvolvemento.

As axudas comunitarias ó cese anticipado da actividade agraria, as zonas desfavorecidas e as zonas con restricións medioambientais, as medidas agroambientais e a forestación serán financiadas pola sección Garantía do FEOGA.

Para o resto das medidas de desenvolvemento rural, o artigo 35.2 recolle que as axudas serán financiadas pola sección Orientación do mesmo Fondo nas zonas cubertas polo obxectivo 1, e a sección Garantía nas zonas non comprendidas no devandito obxectivo.

Dentro das medidas de fomento da adaptación e desenvolvemento das zonas rurais, as correspondentes á renovación e desenvolvemento de pobos e a protección e conservación do patrimonio rural, a diversificación das actividades no ámbito agrario e ámbitos afíns, a fin de aumentalas posibilidades de emprego e de ingresos alternativos, e o desenvolvemento e mellora das infraestructuras relacionadas co desenvolvemento da produción agraria, serán financiadas polo FEOGA nas zonas dos obxectivos 1 e 2 e nas zonas en transición cando do financiamento destas medidas non se faga cargo o FEDER.

Para as axudas contempladas no apartado 2 do artigo 35 aplicarase:

– nas zonas do obxectivo nº 1, o Regulamento (CE) nº 1.260/99, complementado polas disposicións especiais do Regulamento 1.257/99,

– nas zonas do obxectivo nº 2, o Regulamento (CE) nº 1.260/99, complementado polas disposicións especiais do Regulamento 1.257/99 e salvo disposición do mesmo en contrario.

Para a axuda ás medidas de desenvolvemento rural financiadas pola sección de Garantía do FEOGA, aplicarase, salvo disposición en contrario, as disposicións especiais do Regulamento (CE) nº 1.260/99 e as adoptadas en aplicación do mesmo.

Programación do FEOGA-Orientación en Galicia

No concernente ó **marco financeiro**, o FEOGA-Orientación participa dentro da Comunidade Autónoma de Galicia nos distintos programas plurirrexionais. Os **cadros 5.1. e 5.2.** reflicten as actuacións que son propias da natureza da sección orientación do FEOGA e que están dentro do Programa Rexional Plurifondo de Galicia 2000-2006.

No que ás competencias da Administración Xeral do Estado se refire, o **cadro 5.1.** reflicte que a axuda total ascende a 296,2 millóns de euros (o 71,4% do custo total elixible), dos que 214,4 millóns de euros corresponden á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (MAPA) e o

81,8 millóns de euros restantes, ó Ministerio de Medio Ambiente.

Atendendo ás diferentes medidas, a que recibe unha maior axuda é a de prestación de servizos ás explotacións agrarias, comercialización de produtos agrarios de calidade e enxeñaría financeira, con 87,1 millóns de euros, seguida da mellora da transformación e comercialización dos produtos agrícolas, con 56,2 millóns de euros.

No concernente ás competencias da Xunta de Galicia, o **cadro 5.2.** amosa que a axuda total (sen reserva de eficacia) ascendeu a 406,2 millóns de euros, o que representa o 71,7% do custo elixible. Ó igual que acontece no caso das competencias da Administración Xeral do Estado, as principais medidas en canto ó montante da axuda se refire son as de prestacións de servizos ás explotacións agrarias, comercialización de produtos agrarios de calidade e enxeñaría financeira, e a da mellora da transformación e comercialización dos produtos agrícolas, con 122,3 e 90,9 millóns de euros, respectivamente.

No novo regulamento Xeral dos Fondos Estructurais e no Regulamento sobre a axuda ó desenvolvemento rural a cargo do FEOGA-Orientación, inclúese o financiamento de certas accións de desenvolvemento rural de carácter estrutural a cargo da sección Garantía do FEOGA (**cadros 5.3. e 5.4.**).

No caso da Administración Xeral do Estado, dos 81,0 millóns de euros de axuda no período 2000-2006 (o 61,2% do custo elixible), a medida que recibe unha maior axuda é a correspondente á investimentos, con 35,1 millóns de euros, seguida pola correspondente á xuventude e á silvicultura, con 23,4 e 20,8 millóns de euros, respectivamente.

No concernente ás competencias da Xunta de Galicia, as axudas ascenderon a 60,2 millóns de euros (o 60% do custo elixible), dos que 35,1 millóns de euros corresponden a investimentos e 23,4 millóns de euros a xuventude.

5.1.

FEOGA-O (Administración Xeral do Estado) P.O. 1

Eixe/Medida	Denominación Eixe/Medida	Denominación O. Eixe	Axuda 2000-2006 (en €)	Taxa	Custo elixible (en €)
1. Mellora da comeptividade e desenvolvemento productivo					
1.2.	Mellora da transformación e comerc. dos produtos agrícolas	D.X. de Desenvolvemento Rural (MAPA)	56.221.000,00	75	74.961.333,33
3. Medio ambiente contorno natural e recursos hídricos					
3.9.	Silvicultura	Ministerio Medio Ambiente	33.272.000,00	65	51.187.692,31
3.10.	Accións ambientais derivadas da conserv. paisaxe e da econ. agr	Ministerio Medio Ambiente	48.506.000,00	65	74.627.692,31
7. Agricultura e desenvolvemento rural					
7.2.	Desenvolvemento e mellora infraestruturas de apoio	D.X. de Desenvolvemento Rural (MAPA)	48.922.000,00	75	66.229.333,33
7.5.	Desenvolvemento endóxeno zonas rurais relativo actividades agrarias	D.X. de Desenvolvemento Rural (MAPA)	18.653.000,00	67	27.840.296,51
7.8.	Prest. serv. a explot. agraria comerc. pord. agraria de calidade e enxeñería financeira	D.X. de Desenvolvemento Rural (MAPA)	87.097.000,00	75	116.129.333,33
9. Asistencia técnica					
9.3.	Asistencia técnica FEOGA-O	D.X. de Desenvolvemento Rural (MAPA)	3.528.000,00	75	7.704.000,00
Total			296.201.000,00		414.679.683,12

Fonte: Xunta de Galicia, Guía didáctica dos Fondos Comunitarios Europeos 2000-2006

5.2.

FEOGA-O (Xunta de Galicia) P.O. 1

Eixe/Medida	Denominación Eixe/Medida	Denominación O. Eixe	Axuda 2000-2006 (en €)	Taxa	Custo elixible (en €)
1. Mellora da comeptividade e desenvolvemento productivo					
1.2.	Mellora da transformación e comerc. dos produtos agrícolas	D.X. de Planificación (Econ. F.)	90.871.000,00	75	121.161.333,33
3. Medio ambiente contorno natural e recursos hídricos					
3.9.	Silvicultura	D.X. de Planificación (Econ. F.)	39.102.000,00	65	60.156.923,08
3.10.	Accións ambientais derivadas da conserv. paisaxe e da econ. agr	D.X. de Planificación (Econ. F.)	66.762.000,00	65	102.710.769,23
7. Agricultura e desenvolvemento rural					
7.2.	Desenvolvemento e mellora infraestruturas de apoio	D.X. de Planificación (Econ. F.)	61.537.000,00	75	82.049.333,33
7.5.	Desenvolvemento endóxeno zonas rurais relativo actividades agrarias	D.X. de Planificación (Econ. F.)	18.653.000,00	67	27.840.298,51
7.7.	Formac. agraria territ. colec. e contidos non cubertos FSE.		6.960.000,00	75	9.280.000,00
7.8.	Prest. serv. a explot. agraria comerc. pord. agraria de calidade e enxeñería financeira	D.X. de Planificación (Econ. F.)	122.272.000,00	75	163.029.333,33
Total			406.157.000,00		566.227.990,81

Fonte: Xunta de Galicia, Guía didáctica dos Fondos Comunitarios Europeos 2000-2006

5.3.

FEOGA-O (Administración Xeral do Estado) P.O. 2

Eixe/Medida	Denominación Eixe/Medida	Denominación O. Eixe	Axuda 2000-2006 (en €)	Taxa	Custo elixible (en €)
7. Agricultura e desenvolvemento rural					
7.1.	Regadíos	MAPA	1.652.499,00	60	2.754.165,00
7.2.	Investimentos	MAPA	35.105.999,00	60	58.509.998,33
7.3.	Xuventude	MAPA	23.404.000,00	60	39.006.666,67
7.4.	Silvicultura	MAPA	20.812.000,00	65	32.018.461,54
Total			80.974.498,00		132.289.291,54

Fonte: Xunta de Galicia, Guía didáctica dos Fondos Comunitarios Europeos 2000-2006

5.4.

FEOGA-O (Xunta de Galicia) P.O. 2

Eixe/Medida	Denominación Eixe/Medida	Denominación O. Eixe	Axuda 2000-2006 (en €)	Taxa	Custo elixible (en €)
7. Agricultura e desenvolvemento rural					
7.1.	Regadíos	D.X. de Desenvolvemento Rural (MAPA)	1.652.499,00	60	2.754.165,00
7.2.	Investimentos	ILGA (Xunta)	35.105.999,00	60	58.509.998,33
7.3.	Xuventude	ILGA (Xunta)	23.404.000,00	60	39.006.666,67
Total			60.162.498,00		100.270.830,00

Fonte: Xunta de Galicia, Guía didáctica dos Fondos Comunitarios Europeos 2000-2006

5.5.

Financiamento dos programas LEADER+, PRODER e AGADER

Programa	Orzamento (en millóns de €)	Programa / Total (%)
LEADER +	136,0	42,8
Unión Europea	54,5	17,2
Administracións españolas	27,2	8,6
C. A. de Galicia	9,9	3,1
Adminstración Central	9,8	3,1
Entes Locais	7,5	2,4
Aportación privada	54,5	17,2
PRODER II	99,2	31,2
Unión Europea	37,1	11,7
Administracións españolas	24,6	7,7
C. A. de Galicia	9,2	2,9
Adminstración Central	9,2	2,9
Entes Locais	6,2	2,0
Aportación privada	37,3	11,7
AGADER	82,4	26,0
Total	317,6	100

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e Fernández, Gonzalo, *Economía rural e agraria en Galicia 2002*

Iniciativas comunitarias

Xunto ás actuacións realizadas no marco dos obxectivos marcados pola política estrutural, a Unión Europea creou as iniciativas comunitarias como instrumentos de política estrutural destinados dedicados a problemas específicos. Entre estas iniciativas, o programa LEADER é o que ten unha relación máis directa co mundo rural.

Asemade, cómpre salienta-la existencia de programas de desenvolvemento endógeno de grupos de acción local, PRODER 2 (2000-2006), nos que se van estendendo de forma específica a aplicación do método Leader.


En conxunto, na comunidade galega o orzamento para a realización destes proxectos de desenvolvemento rural ascende a 235,2 millóns de euros, dos que 136 millóns corresponden ó programa Leader plus, e 99,2 millóns de euros ó Proder II (cadro 5.5.).

O **Leader plus** (2000-2006), a última das tres iniciativas comunitarias de desenvolvemento rural –Leader I (1991-1994) e Leader II (1994-1999) son as dúas primeiras– ten como obxectivo xenérico o de incentivar e axudar ós axentes do mundo rural a reflexionar sobre o potencial do seu territorio nunha perspectiva a longo prazo.

Adicionalmente, presenta como obxectivos a experimentación de novas formas de valoración do patrimonio natural e cultural, a mellora do entorno económico a fin de contribuír á creación de emprego, e a mellora da capacidade de organización das respectivas comunidades rurais.

Como punto de partida da análise da estratexia Leader + , cómpre salientar que os Grupos de Acción Local (GAL) son os axentes transmisores da estratexia de desenvolvemento e se encargan da súa aplicación. Estes GAL han de “*estar constituídos por un conxunto equilibrado e representativo de interlocutores públicos e privados implantados a escala local que definen unha estratexia, informan e asesoran á poboación rural, mobilizan e estimulan ás comunidades en orde ó desenvolvemento económico e social da súa comarca e promoven a execución de proxectos de investimento que xeren emprego ou melloren a calidade de vida*”.

Esta iniciativa artículase en torno a un Programa Nacional e 17 Programas Rexionais, un por cada Comunidade Autónoma. No marco deste Programa Nacional e dos Programas Rexionais sitúanse os Programas Comarcais, que son sobre os que se aplica a Iniciativa Leader plus. O financiamento desta iniciativa realízase conxuntamente coas dotacións de fondos comunitarios (sección Orientación do FEOGA), e as contribucións



financeiras da Administración Xeral do Estado aprobadas mediante decisións da Comisión das Comunidades Europeas e incluídas nos programas desta iniciativa.

Tal e como reflicte o artigo sete do devandito RD 2/2002, de 11 de xaneiro, polo que se regula a aplicación da iniciativa comunitaria Leader plus e os programas de desenvolvemento endóxeno de grupos de acción local, incluídos nos Programas Operativos Integrados e nos Programas de Desenvolvemento Rural (PRODER), os programas comarcais ós que se aplica esta iniciativa deberán cumprir, ó menos, os seguintes requisitos:

- Abrangueren comarcas rurais que formen, cada unha delas, un conxunto homoxéneo dende o punto de vista físico, económico e social. Asemade, han de posuír unha masa crítica suficiente en termos de recursos humanos, financeiros e económicos para manter unha estratexia de desenvolvemento viable.

- Seren elaborados polos GAL e axustárense ás estratexias dos programas rexionais correspondentes.

- Inclúiren un procedemento de xestión de axudas que determine os aspectos establecidos no devandito RD, no caso de España e as CC.AA.

- Inclúiren unha sección sobre o GAL no que, con independencia da súa forma xurídica, se determine o réxime xurídico que lle sexa de aplicación.

- Intégrárense nun sistema de información en rede, participando nela activamente.

- Os programas comarcais deberán contar cos acordos plenarios das entidades locais que prevexan a súa participación financeira e polos que se comprometan a contribuír no cofinanciamento do programa comarcal.

A selección dos programas comarcais e dos grupos de acción local, artigo oito, realizarase mediante procesos públicos convocados ó efecto, conforme ás bases e criterios que establezan os programas Nacional e Rexional correspondentes á comarca en cuestión. A selección concreta do programa e do GAL será realizada por unha comisión de selección formada paritariamente

polo MAPA, a comunidade autónoma, e cando for o caso, a Administración local.

Unha vez seleccionados, subscribiranse os correspondentes convenios entre o Organismo Intermediario e os GAL, nos que se regularán as normas de adxudicación, emprego, control e seguimento das axudas concedidas.

No concernente á selección de proxectos, artigo 9, estes teñen de ser aprobados polo GAL correspondente, previo informe técnico favorable de subvencionalidade do Organismo Intermedio (formado por representantes do MAPA e da Comunidade Autónoma), e teren sido obxecto de contrato de axuda entre o GAL e o titular do expediente.

Este contrato deberá explicita-lo investimento aprobado, a subvención concedida por fontes de financiamento, o prazo máximo de execución, os compromisos asumidos polo titular, a forma de xustificación do gasto e a efectividade do pagamento e cantas estipulacións sexan necesarias para asegura-lo cumprimento dos obxectivos do proxecto, así como as consecuencias derivadas do contrato.

Na selección destes proxectos, segundo o devandito Real Decreto 2/2002, do 11 de xaneiro, *“darase prioridade, nos termos previstos nos programas comarcais e rexional e en igualdade de condicións, ós proxectos de investimento presentados por mulleres, mozos menores de corenta anos no momento da concesión da axuda, ou entidades asociativas nas que, ó menos, o 25% dos socios sexan mulleres ou novos, sen perxuízo doutros criterios de prioridade que se establezan nos devanditos programas”*.

No conxunto do Estado hai previstos, **cadro 5.6.**, un total de 143 grupos Leader + (excluídos os interautonómicos), dos que 119 estaban en funcionamento (con convenio firmado). En Galicia os 16 grupos previstos estaban en funcionamento.

A contribución financeira da Administración Xeral do Estado para o desenvolvemento desta

5.6.

LEADER + nas CC.AA.

	Número de grupos LEADER + (excluídos interautonómicos)		Orzamento	
	Previstos	En funcionamento (con convenio firmado)	Gasto público	Subvención comunitaria
	(en millóns de €)			
OBXECTIVO 1	101	98	553,59	369,30
Andalucía	22	22 (1)	129,71	85,50
Asturias	4	4	25,65	17,10
Canarias	7	5 (2)	22,95	15,30
Castela-A Mancha	13	13	82,19	54,00
Castela e León	17	16 (3)	100,49	69,00
Com. Valenciana	8	8	45,00	30,00
Estremadura	10	10	48,00	32,00
Galicia	16	16	81,75	54,50
Murcia	4	4	17,85	11,90
EN TRANSICIÓN	2	2	13,43	9,00
Cantabria	2	2	13,43	9,00
FÓRA DE OBXECTIVO 1	40	19	187,92	94,00
Aragón	12	11 (4)	76,00	38,00
Baleares	3	-	9,20	4,60
Cataluña	12	-	50,00	25,00
Madrid	4 (5)	4 (5)	12,60	6,30
Navarra	4	4	17,00	8,50
A Rioxa	2	-	11,20	5,60
Pais Vasco	3	-	11,92	6,00
Total	143 (5)	119	754,94	472,30

(1) Aplican tamén Programa PRODER A

(2) A falla de firma de 2 Grupos LEADER, Fuerteventura e Tenerife

(3) A falta de firma de 1 Grupo LEADER

(4) A falta de firma del Grupo LEADER Gúdar-Maestrazgo

(5) OLEADER Sierra de Jarama en adquisición de capacidades que pasará a PRODER

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación [<http://redrural.mapya.es> (última revisión: 24-04-2003)]

5.7.

Dotacións de fondos comunitarios e contribucións financeiras da Administración Xeral do Estado (MAPA) incluídas nos programas da iniciativa comunitaria LEADER PLUS e PRODER 2000-2006

	Leader +		PRODER	
	FEOGA	MAPA	FEOGA	MAPA
	(en €)		(en €)	
Andalucía	86.500.000	15.541.347	133.254.464	18.976.251
Aragón	38.000.000	13.236.667	19.111.000	6.364.000
Asturias	17.100.000	3.010.000	55.386.000	9.939.461
Baleares	4.600.000	1.604.940	-	-
Canarias	15.300.000	2.692.175	10.086.000	1.121.000
Cantabria	9.000.000	1.547.619	5.367.000	7.003.110
Castela A Mancha	54.000.000	9.396.000	39.791.000	7.141.974
Castela e León	69.000.000	11.678.250	65.787.289	16.912.952
Cataluña	25.000.000	8.666.667	15.343.839	15.343.839
Estremadura	32.000.000	5.621.333	26.354.000	3.566.000
Galicia	54.500.000	9.807.000	37.306.000	9.187.000
Madrid	6.300.000	2.140.000	6.148.995	2.590.422
Murcia	11.900.000	2.023.000	-	-
Navarra	8.500.000	2.500.000	-	-
Rioxa, A	5.600.000	1.866.667	-	-
C. Valenciana	30.000.000	5.176.667	27.639.045	5.866.111
Programa Nacional	23.600.000	13.964.835	-	-
Total	490.900.000	110.473.167	441.574.632	104.012.120

Fonte: Real Decreto 2/2002, do 11 de xaneiro, polo que se regula a aplicación da iniciativa comunitaria Leader Plus e os programas de desenvolvemento endógeno de grupos de acción local, incluídos nos Programas Operativos Integrados e nos Programas de Desenvolvemento Rural (PRODER)

Programa LEADER+ 2000-2006

Grupos de Acción Local - Programa LEADER+	Orzamento concedido	Grupo / Total
	(en €)	(%)
Asociación Val do Limia-Terra de Celanova	11.504.713	8,5
Asociación para o desenvolvemento do País do Bibei e Ribeira Sacra do Sil	8.875.870	6,5
Asociación grupo local de desenvolvemento rural Portodemouros.	13.203.585	9,7
Asociación Terras do Miño	9.901.943	7,3
Grupo local de desenvolvemento rural Ribeira Sacra Lucense	9.660.934	7,1
Asociación para o desenrolo integral da comarca ourensán do Miño	7.786.188	5,7
Asociación EuroEume	7.504.714	5,5
Fundación para o desenvolvemento da comarca de Terra Cha	9.623.794	7,1
Asociación de desenvolvemento rural Rio Lor	6.714.403	4,9
Asociación de desenvolvemento rural integrado das comarcas do Condado e A Paradanta	8.779.076	6,5
Asociación Montes	7.310.854	5,4
Asociación Neria	9.587.487	7,1
Asociación para o desenvolvemento rural Ulla-Umia	6.369.252	4,7
Asociación Terras de Miranda	6.647.241	4,9
Asociación de desenvolvemento Comarca de Ordes	6.632.574	4,9
Asociación de desenvolvemento Comarca de Monterrei- Verín.	5.847.374	4,3
Total	135.950.002	100

Fonte: Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

iniciativa non superará, no ámbito de cada comunidade autónoma o 18% da contribución dos Fondos Comunitarios reflectidos no Programa Rexional nas zonas obxectivo I, e o 35% en zonas fora do obxectivo I. Asemade, tampouco superará a contribución da comunidade autónoma ó financiamento da devandita iniciativa.

O **cadro 5.7.** amosa o Estado do cofinanciamento da iniciativa Leader + nas diferentes comunidades autónomas. No caso galego, dos case 136 millóns de euros de gasto total, o gasto público total ascendeu a 81,8 millóns de euros e a achega privada a 54,5 millóns.

Do gasto público total, a Unión Europea participa con 54,5 millóns de euros (o 11,1% da súa participación total en España para a execución desta iniciativa) e a Administración Xeral do Estado, con 9,8 millóns de euros (8,9%). A achega da C.A. de Galicia e dos Entes Locais foi de 9,9 e 7,5 millóns de euros, respectivamente (**cadro 5.5.**).

O **cadro 5.8.** reflicte os 16 proxectos galegos seleccionados e o seu presuposto. Estes proxectos benefician a 163 concellos (39 da provincia de A Coruña, 26 de Lugo, 70 de Ourense e 28

de Pontevedra) nos que reside unha poboación de preto de 730.000 persoas, e abranguen unha superficie de 18.540 quilómetros cadrados (o 62% da superficie galega).

A estes proxectos habería que engadi-los tres que recibiron financiamento do programa Leader Plus interautonómico: Os Ancares, Peña Trevinca e Ponte dos Santos.

No concernente ó programa **Proder II** (2000-2006), os seus obxectivos son o desenvolvemento endógeno e sostido do medio rural, o fortalecemento e diversificación da súa economía, o mantemento da súa poboación, a elevación das rendas e o benestar social dos seus habitantes, e a conservación do espazo e dos recursos naturais.

Entre as principais diferencias co Leader plus, cómpre salientar que mentres que no Leader + as accións teñen de ser innovadoras, transferibles e con efecto demostrativo, no Proder poden ser accións xerais a desenvolver na comarca. Ademais, en Leader plus, fronte ós Proder, os programas de desenvolvemento rural dos Grupos de Acción Local deben ter unha estratexia de carácter piloto. Nas comarcas onde se aplica o

5.9.

PRODER 2 nas CC.AA.

	Número de grupos previstos PRODER 2	Nome específico do PRODER 2 na CC.AA.	Financiación pública	
			Gasto público	Unión Europea
(en millóns de €)				
OBXECTIVO 1	134		700,20	470,80
Andalucía	50 (1)	PRODER A	212,42	149,80
Asturias	7	PRODER II	91,21	58,39
Canarias	-	-	20,12	15,09
Castela-A Mancha	16	PRODER-2	87,61	59,79
Castela e León	27	PRODERCAL	138,78	92,08
Com. Valenciana	10	PRODER-2	43,30	28,19
Estremadura	13	PRODER II	44,87	30,17
Galicia	11	PRODER	61,90	37,31
EN TRANSICIÓN	3		15,34	5,37
Cantabria	3	PRODERCAN	15,34	5,37
FÓRA DE OBXECTIVO 1	24		112,19	44,54
Aragón	8	PRODER	38,22	19,11
Cataluña	10	PRODER	46,03	15,34
Madrid	6	PRODER	27,94	10,09
Total	161		827,73	520,71

(1) 28 destes programas só se aplican PRODER A, o resto aplican tamén LEADER+

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación [<http://redrural.mapya.es> (última revisión: 24-04-2003)]

5.10.

Programa PRODER II 2000-2006

Grupos de Acción Local -	PRODER II	Programa	Orzamento concedido	Grupo / Total
			(en €)	(%)
Asociación de desenvolvemento rural Proder II-Comarca de Pontevedra			9.745.508,15	9,8
Asociación de desenvolvemento rural da mancomunidade da área intermunicipal de Vigo			11.511.848,00	11,6
Asociación rural de desenvolvemento río Muros-Noia			9.162.338,18	9,2
Fundación para o desenvolvemento da comarca do Salnés			9.518.659,37	9,6
Fundación para o desenvolvemento da comarca do Morrazo			7.858.890,95	7,9
Fundación para o desenvolvemento da comarca do Baixo Miño			7.895.237,04	8,0
Asociación de desenvolvemento local Deloia			9.545.021,25	9,6
Asociación Costa Artabra			9.486.301,17	9,6
Asociación Mariña Occidental, Asociación de desenvolvemento rural dos concellos de Viveiro, Xove, Cervo, O Vicedo, Oulol e Burela			6.846.518,50	6,9
Asociación de desenvolvemento Sar Ulla			8.084.520,45	8,1
Grupo de Acción Local "Terra das Mariñas"			9.549.156,94	9,6
Total			99.204.000,00	100

Fonte: Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Leader plus non se pode aplicar o Proder, agás en Andalucía e Madrid.

No conxunto do Estado seleccionáronse un total de 161 programas comarcais, que se desenvolverán en 12 comunidades autónomas: oito consideradas Obxectivo I, Andalucía, Asturias, Cantabria, Castela-A Mancha, Castela e León, Estremadura, Galicia e a C.Valenciana; unha considerada como Obxectivo I en transición, Cantabria; e tres fóra do Obxectivo I, Aragón, Cataluña e Madrid (**cadro 5.9**).

A subvención total para os proxectos seleccionados en Galicia neste programa ascendeu a

99,2 millóns de euros, dos que 37,3 millóns de euros corresponden á contribución da UE, 24,6 millóns á das Administracións Locais e 37,3 millóns á contribución privada.

No caso das administracións nacionais, a Comunidade Autónoma de Galicia e a Administración Central aportaron 9,2 millóns de euros cada unha, mentres que os Entes Locais aportaron 6,2 millóns de euros.

O **cadro 5.10**. reflicte os once grupos de acción local seleccionados e a súa subvención. Beneficiáronse da mesma un total de 71 concellos galegos (32 pertencentes a A Coruña, 6 a

Programa AGADER

Grupos de Acción Local - Programa AGADER	Orzamento concedido (en €)	Grupo / Total (%)
Asociación de desenvolvemento rural Eo-Rodil	10.324.791,49	12,5
Fundación para o desenvolvemento da comarca A Ulloa	6.010.121,00	7,3
Avinza	5.000.000,00	6,1
Centro de Iniciativas para o desenvolvemento da Comarca Conso-Frieiras	7.946.458,32	9,6
Fundación para o desenvolvemento da comarca de Ortegá	8.035.366,18	9,7
Asociación Terras da Comarca de Carballiño	8.729.874,55	10,6
Asociación de desenvolvemento rural Trastámara	8.745.030,42	10,6
Fundación para o desenvolvemento da comarca de Betanzos	9.799.553,69	11,9
Asociación de desenvolvemento da comarca de Bergantiños	10.818.218,00	13,1
Asociación de desenvolvemento Comarca de Valdeorras	7.038.354,11	8,5
Total	82.447.767,76	100

Fonte: Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Lugo, e 33 a Pontevedra), que abranguen unha superficie de 4.200 quilómetros cadrados, correspondentes a 827.00 habitantes.

• *Programas da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural*

En Galicia existe o programa AGADER, similar ós Proder e Leader pero financiado integramente con fondos autonómicos. Tal e como reflicte o **cadro 5.11.**, seleccionáronse un total de dez grupos ós que dotou unha subvención de 82,4 millóns de euros e abranguen unha superficie aproximada de 4.900 quilómetros cadrados, cunha poboación de 230.000 habitantes. Estes programas afectan a 47 concellos, dos que 21 pertencen á provincia de A Coruña, oito a Lugo e 18 a Ourense.

Aplicación da Política Agraria Común en Galicia

No que respecta á aplicación da PAC en Galicia, hai que ter en conta que a PAC non regula tódalas orientacións productivas, e polo tanto, os efectos da mesma en cada unha das rexións dependerán da especialización productiva que teñan, é dicir, que haxa presenza dos sectores máis ou menos protexidos.

Asemade, cómpre salientar que a PAC non só é unha política de transferencia de renda, senón que tamén regula importantes aspectos da actividade agraria que teñen un contido económico. Un dos cambios máis importantes da política agraria son as esixencias do cumprimento de normativas medioambientais e de políticas alimentarias, que obrigan a adoptar novas formas de produción e organización empresarial.

A sección Garantía do FEOGA financia fundamentalmente as intervencións que teñen por obxecto a regulación dos mercados, e dende a reforma de 1992, se inclúen algunhas que non teñen unha relación directa cos mercados e forman parte das medidas compensatorias.

Tamén se poden recibir fondos procedentes da sección Orientación do FEOGA, que actúa como fondo estrutural xunto o FEDER e o FSE, destinados á mellora das estruturas agrarias e a corrección dos desequilibrios dentro da UE.

A continuación analízanse as diferentes fontes de axuda que chegan á Comunidade Autónoma de Galicia: FEOGA-Garantía, FEOGA-Orientación e as Iniciativas comunitarias Leader + e Proder, ás que hai que engadir os programas Agader (Axencia Galega de

5.12.

Transferencias FEOGA-Garantía segundo organismos pagadores 2001

	Transferencia (en millones de €)	C.A/total (%)
Andalucía	1.619,3	25,7
Aragón	468,0	7,4
Asturias	53,9	0,9
Baleares	19,2	0,3
Canarias	164,3	2,6
Cantabria	27,2	0,4
Castela a Mancha	896,7	14,2
Castela e León	842,1	13,4
Cataluña	328,8	5,2
C. Valenciana	129,3	2,1
Estremadura	577,4	9,2
Galicia	101,8	1,6
Madrid	52,0	0,8
Murcia	85,7	1,4
Navarra	127,9	2,0
País Vasco	58,1	0,9
A Ríoxa	46,6	0,7
FEGA	696,2	11,0
FROM	8,1	0,1
Total	6.302,6	100

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de FEGA, Informe de actividad 2001.

5.13.

Transferencias FEOGA-Garantía segundo sectores 2001

	Galicia		España		G/E
	(en millones de €)	(%)	(en millones de €)	(%)	
Cultivos herbáceos	6,56	6,4	1.829,97	29,0	0,4
Axuda por superficie de cereais	6,56	6,4	1.124,71	17,8	0,6
Axuda por superficie de oleaxinosas	0,00	0,0	209,65	3,3	0,0
Retirada de terras	0,00	0,0	267,57	4,2	0,0
Cereais	0,00	0,0	14,70	0,2	0,0
Axuda á utilización de almidón e fécula pataca	0,00	0,0	2,92	0,0	0,1
Leguminosas gran e forraxes	0,06	0,1	230,88	3,7	0,0
Axuda por superficie de leguminosas gran	0,00	0,0	105,67	1,7	0,0
Axuda á produción de forraxes desecados	0,06	0,1	125,67	2,0	0,0
Apicultura	0,19	0,2	3,89	0,1	4,8
Aceite de oliva	6,37	6,3	996,85	15,8	0,6
Axuda utilización de aceite de oliva en conservas	6,37	6,3	8,52	0,1	74,7
Víños e alcohois	4,78	4,7	506,16	8,0	0,9
Destilación obrigatoria subproductos vinificación	0,05	0,1	24,14	0,4	0,2
Destilación de víños de mesa	0,07	0,1	167,67	2,7	0,0
Accións reestruturación reconversión viñedo	4,66	4,6	172,33	2,7	2,7
Vacún	47,92	47,1	747,41	11,9	6,4
Prima á vaca nodriza	26,53	26,1	260,04	4,1	10,2
Prima ó tenreiro	5,17	5,1	113,36	1,8	4,6
Prima por extensificación	11,85	11,7	155,85	2,5	7,6
Prima por sacrificio	2,62	2,6	46,41	0,7	5,6
Pagos adicionais das primas	1,75	1,7	10,56	0,2	16,5
Ovino e caprino	1,15	1,1	353,39	5,6	0,3
Prima á ovella e á cabra	1,05	1,0	248,30	3,9	0,4
Prima en zonas desfavorecidas e de montaña	0,10	0,1	105,42	1,7	0,1
Leite e produtos lácteos	0,36	0,4	47,75	0,8	0,8
Leite para escolares	0,36	0,4	3,88	0,1	9,4
Desenvolvemento rural	34,37	33,8	471,17	7,5	7,3
Programas	34,37	33,8	472,34	7,5	7,3
Recuperacións, irregularidades ou fraudes	-0,01	0,0	-1,17	0,0	0,6
Outras recuperacións, irregularidades ou fraudes	0,00	0,0	-1,48	0,0	0,0
Subtotal			1.101,87	17,5	
Total	101,75	100	6.302,57	100	1,6

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de FEGA, Informe de actividad 2001.

Transferencias FEOGA-Garantía a programas de desenvolvemento rural 2001

	Galicia		España		G/E
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	
Investimentos en explotacións agrícolas	-	-	10,7	2,3	-
Instalacións xóvenes agricultores	-	-	6,0	1,3	-
Formación	-	-	1,0	0,2	-
Xubilación anticipada	12,7	36,9	38,6	8,2	32,8
Zonas desf. e suxeitas a dificultades medioambientais	5,8	16,8	20,7	4,4	27,9
Medidas agro-medioambientais	0,4	1,2	106,2	22,5	0,4
Mellora da transform. e comercializ. prod. agrícolas	-	-	43,1	9,2	-
Silvicultura e repoboación forestal	15,5	45,1	144,6	30,7	10,7
Fomento adaptación e desenvolvemento zonas rurais	-	-	86,2	18,3	-
Outros programas	-	-	15,2	3,2	-
Recuperacións, irregularidades ou fraudes	0,0	0,0	-1,2	-0,2	0,6
Total	34,4	100	471,2	100	7,3

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de FEAGA, Informe de actividad 2001.

Desenvolvemento Rural, creada no ano 2001).

A execución do gasto público do POI de Galicia 2000-2006, a 31 de decembro de 2001, foi de 652 millóns de euros, un 45% do programado para o período 2000-2001. O reducido grao de execución, e a falta de datos nalgúns puntos, débese a dous motivos: por unha banda, ó desfase entre a elaboración e a aprobación do POI de Galicia 2000-2006 respecto ó inicio do período de elixibilidade dos gastos (1 de xaneiro de 2001). Por outra, a que os procedementos de asignación, ó principio de cada período, das porcentaxes de cada anualidade en comparación co total executado, que débese corresponder co total do gasto subvencionable efectivamente pagado e certificado, desvirtúan o grao de execución ó inicio da intervención.

• FEOGA-Garantía

No concerne ó grao de protección dispensado pola sección Garantía do FEOGA, os datos do Fondo Español de Garantía Agraria (FEAGA) –organismo autónomo adscrito ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que ten entre as súas funcións a de actuar como interlocutor único ante a Comisión Europea para aquelas cuestións relativas á sección Garantía do FEOGA– reflicten que as transferencias FEOGA-Garantía no ano 2001 ascenderon en Galicia a 101,8 millóns de euros, o que representa o 1,6% do total estatal.

O **cadro 5.12.** amosa a importancia destas transferencias realizadas cara a Andalucía, co 25,7%, Castela–A Mancha, co 14,2%, e Castela e León, co 13,4%. Estas tres comunidades autónomas reciben en conxunto o 53,3% do total das transferencias do FEOGA-Garantía. Estas tres comunidades están sendo beneficiadas pola súa especialización agraria caracterizada polo predominio dos cultivos herbáceos, e nas dous máis meridionais, polo peso do sector do olivar.

Tomando como referencia os créditos do FEOGA-garantía previstos para o exercicio 2002 no conxunto da UE, o 40,5% dos mesmos corresponden ós cultivos herbáceos e un 5,3% ó aceite de oliva. No conxunto de España, segundo os datos do FEAGA para o no 2001, estas porcentaxes ascenden ó 29,0% e 15,8%, respectivamente.

Afondando na distribución sectorial, o **cadro 5.13.** amosa os dez sectores galegos que reciben estas transferencias, así como a súa importancia relativa no total estatal. En primeiro lugar cómpre salientar que a contía das transferencias recibidas nestes dez sectores en España representan o 17,5% do total das transferencias no conxunto do Estado.

En Galicia, os dous sectores máis importantes en termos das subvencións recibidas son o sector do vacún e o desenvolvemento rural, que acollen o 47,1% e o 33,8%, respectivamente, das transferencias galegas. No conxunto do Estado,

5.15.

Marco de Apoio Comunitario do obxectivo 1: grao de execución do gasto público por medidas a 31/12/2001. Programa Operativo Integrado de Galicia (tódalas admnistracións). FEOGA-Orientación

	Total programado 2000-2001	Total executado ó 31/12/2001	(B/A)	Total programado 2000-2006	(B/C)
	(A)	(B)	(%)	(C)	(%)
	(en miles de €)		(%)	(en miles de €)	
1.2.- Mellora da transformación e comercialización dos produtos agrícolas	59.545,3	3,9	0,0	196.122,7	0,0
3.9.- Silvicultura	30.063,1	13.893,6	46,2	111.344,6	12,5
3.10.- Accións medioambientais derivadas da conservación da paisaxe e a ec. agraria	46.569,2	27.119,0	58,2	177.338,5	15,3
7.2.- Desenvolvemento e mellora das infraestruturas de apoio	55.185,3	25.550,3	46,3	147.278,7	17,3
7.5.- Desenvolvemento endóxeno de zonas rurais, relativo ás actividades agrarias	1.719,4	-	-	55.680,6	-
7.7.- Formación agraria en territorios, colectivos e contidos non queden cubertos por FSE	1.541,3	368,0	23,9	9.280,0	4,0
7.8.- Prestación de servizos ás explotacións agrarias, comercialización de produtos agrarios de calidade e enxeñería financeira.	79.936,0	24.790,5	31,0	279.158,7	8,9
9.3.- Asistencia técnica	1.336,0	-	-	4.704,0	-

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de Informe de execución do programa operativo integrado de Galicia 2000-2006, Anualidade 2001

5.16.

Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006: Estado de execución a 31/12/2001 das medidas financiadas polo FEOGA Orientación

Tipo indicador	Definición	Medición	Valor realizado (31/12/01)	Valor previsto	realizado / previsto (%)
1.2.- Mellora da transformación e comercialización dos produtos agrícolas					
Realizacións	Empresas beneficiadas (PEMES)	(nº)	1	1.200	0,1
Realizacións	Empresas beneficiadas	(nº)	1	1.300	0,1
Resultados	Investimento privado inducido	(miles de €)	20,6	462.640,0	0,0
Impactos	Empregos mantidos	(nº)	8	9.100	0,1
3.9.- Silvicultura					
Realizacións	Proxectos de montes privados	(nº)	181	1.000	18,1
Realizacións	Proxectos de montes públicos	(nº)	192	284	67,6
Resultados	Investimento privado inducido	(miles de €)	316,1	14.105,8	2,2
Resultados	Sup. afectada polas infraestruturas	(en Has.)	256,5	60,0	427,4
Impactos	Superficie forestal mellorada en estado sano ós 3 anos	(en Has.)	11.545,8	76.320,0	15,1
Impactos	Empregos creados	(nº)	635	500	126,9
3.10.- Accións medioambientais derivadas da conservación da paisaxe e a economía agraria					
Realizacións	Acción de formación	(nº)	21	15	140,0
Realizacións	Permisos e autorización de queima	(nº)	606.288	225.000	269,5
Resultados	Superficie conservada	(en Has.)	572.856	2.000.000	28,6
Resultados	Superficie ordenada	(en Has.)	9.680	100.000	9,7
Resultados	Áreas recreativas	(nº)	20	10	200,0
Resultados	Participantes en accións de formación	(nº)	717	400	179,3
Impactos	Sup. media queimada igual ou menor 3ha.	(en Has.)	5,5	3,0	183,3
7.2.- Desenvolvemento e mellora das infraestruturas de apoio					
Realizacións	Camiños rurais construídos ou mellorados	(en Km.)	24,5	200,0	12,3
Realizacións	Sup. afectada en reparación de terras	(en Has.)	57.199	150.000	38,1
7.5.- Desenvolvemento endóxeno de zonas rurais, relativo ás actividades agrarias					
7.7.- Formación agraria en territorios, colectivos e contidos non queden cubertos por FSE					
Realizacións	Accións de formación	(nº)	415	2.303	18,0
Resultados	Participantes nos cursos (individuos formados, etc)	(nº)	9.707	50.666	19,2
7.8.- Prestación de servizos ás explotacións agrarias, comercialización de produtos agrarios de calidade e enxeñería financeira.					
Realizacións	Demostracións realizadas	(nº)	168	200	84,0
Realizacións	Plans realizados	(nº)	24	150	16,0
Realizacións	Estacións RAIF melloradas	(nº)	22	75	29,3
Realizacións	Puntos de control biolóxico	(nº)	22	75	29,3
Realizacións	Servizos creados de substitución e de asistencia á xestión das expl. agrarias	(nº)	424	1.120	37,9
Realizacións	Proxectos de comercialización de produtos agrícolas da calidade	(nº)	18	50	36,0
Resultados	Agricultores beneficiados	(nº)	236.788	121.300	194,4
Resultados	Solicitudes investimento mellora calidade presentados	(nº)	91	1.260	7,2
Resultados	Explotacións investigadas	(nº)	118.534	99.000	119,7
Resultados	Explotacións acollidas/controladas	(nº)	233.534	110.000	212,3
Resultados	Cabezas acollidas/controladas	(nº)	2.995.949	1.338.456	223,8
Resultados	Agricultores afectados (servizos básicos)	(nº)	4.457	120.000	3,7
Resultados	Participantes na rede de comercialización	(nº)	40	50	80,0
Impactos	Empregos creados	(nº)	951	2.360	40,3
9.3.- Asistencia técnica					

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de Informe de execución do programa operativo integrado de Galicia 2000-2006, Anualidade 2001

Programa Operativo Galicia: execución de indicadores de reserva de eficacia a 31/12/2001

Código	Descrición	Medida	Previsto a 31/12/2002	Executado a 31/12/2001	Executado/ Previsto (%)
4008	Superficie beneficiada por actuacións de restauración, prevención, protección ou rexeneración	(en Ha.)	169	-	-
4040	Superficie afectada en reparcelación de terras	(en Ha.)	35.000	57.199	163,4
4041	Explotacións beneficiadas/controladas	(nº)	22.000	233.534	1.061,5
4046	Superficie forestal mellorada en estado san ós tres anos	(en Ha.)	10.000	11.546	115,5
4047	Superficie conservada e/ou rehabilitada	(en Ha.)	300.000	572.856	191,0

Fonte: Informe de execución do programa operativo integrado de Galicia 2000-2006

estes sectores acollen o 11,9% e 7,5%, respectivamente.

No caso das axudas ó sector do vacún, o devandito **cadro 5.13.** amosa a importancia das primas á vaca nodriza, que representan o 26,5% das transferencias galegas fronte ó 4,1% de media en España, e das primas por extensificación, co 11,7% (2,5% en España). Asemade, cómpre salienta-la importancia relativa dos pagos adicionais das primas no total estatal, que representan o 16,5% dos pagos totais.

No caso das axudas ó desenvolvemento rural, **cadro 5.14.**, o 45,1% da contía total destas transferencias corresponden á silvicultura e reboación forestal, fronte ó 36,9% da transferencias destinadas ós programas de xubilación anticipada, e o 16,8% no caso das axudas a zonas desfavorecidas e suxeitas a dificultades medioambientais. No conxunto do Estado, estas tres medidas acollen o 43,3% das axudas ó desenvolvemento rural.

Outros dous sectores que hai que salientar son os dos cultivos herbáceos e o de aceite de oliva. O primeiro, por mor de que representan o 6,4% das axudas recibidas en Galicia, fronte ó 29,0% no conxunto do Estado. O segundo, por mor de que as axudas á utilización de aceite de oliva en conservas representan o 6,3% das axudas galegas, e significan o 74,7% do total de axudas distribuídas en España.

• FEOGA-Orientación

En relación ó FEOGA-Orientación, que se encarga fundamentalmente do financiamento da

política de estruturas agrarias, o **cadro 5.15.** amosa que o total programado para o período 2000-2001 ascende a 275,9 millóns de euros, dos que o total executado foi de 91,7 millóns de euros, o 33,2% do programado para ese período. Comparado coa programación total para o período 2000-2006, o total executado representa o 9,4%.

Atendendo ó grao de execución do gasto público segundo medidas a 31 de decembro de 2001, o **cadro 5.16.** amosa que as medidas que presentan un valor máis elevado son as accións medioambientais derivadas da conservación da paisaxe e a economía agraria, cunha execución do 58,2% sobre o total programado no período 2000-01, seguida das medidas de desenvolvemento endógeno de zonas rurais, relativo ás actividades agrarias, e a silvicultura, co 46,3% e 46,2%, respectivamente.

O **cadro 5.17.** recolle o comportamento dos obxectivos directamente relacionados co sector agrogandeiro e forestal e o **cadro 5.10.** os establecidos inicialmente como criterios de eficacia para a asignación da “reserva de eficacia” a 31 de decembro de 2001.

Revisión intermedia da Política Agraria Común

Co obxectivo de verifica-lo Estado do proceso de reforma da Axenda 2000 e introducir melloras, pediuse á Comisión que examinara a evolución dos mercados de cereais e oleaxinosas e informara da situación; que comprobara a situación do mercado da carne de vacún; que presentara un informe sobre o futuro do sistema de cotas

lácteas, orientándoo cara a eliminación do sistema a partir de 2006; e que informara da evolución do gasto agrario.

O Consello Europeo pediu á Comisión que fixera propostas de axuste das organizacións comúns de mercado (OCMs), sempre que fora necesario, para garanti-la plena consecución dos obxectivos establecidos na Axenda 2000. Asemade, pediuse que incluía nas revisións 2002/03 os efectos sobre o medio ambiente e o desenvolvemento sostible.

O 10 de xullo de 2002 a Comisión aprobou a *Revisión intermedia da Política Agrícola Común*, na que se analiza a evolución do proceso de reforma da PAC dende 1992 e se chegaba á conclusión de que se obtiveron logros como unha medra dos equilibrios de mercado e a evolución positiva das rendas agrarias. Sen embargo, dada a persistencia do desequilibrio entre os obxectivos fixados pola PAC e a capacidade da mesma para obte-los resultados que espera a sociedade, a Comisión propuxo efectuar unha serie de axustes.

Nestas propostas de axuste, tivéronse en conta as conclusións do Consello Europeo de Bruxelas (outubro 2002), o debate trala publicación da Comunicación (xullo 2002), así como a análise das repercusións e as novas limitacións orzamentarias xurdidas do Acordo de Bruxelas.

O novo marco a longo prazo do gasto agrario que representa o límite fixado esixe situalo futuro desenvolvemento da política agrícola común nunha perspectiva clara. Dado que as novas medidas da reforma esixirán gastos adicionais, pois será preciso estabiliza-las rendas agrarias, haberá que xerar recursos dispoñibles aforrando fondos noutras esferas do primeiro pilar, tendo que ser esta xeración de forma equitativa, transparente e previsible. Deste xeito, as novas reformas farán necesario reduci-las actuais axudas directas e o gasto de mercado.

Tal e como se indica na comunicación sobre a revisión intermedia, a reforma precisa dunha serie de medidas adicionais, sendo os seus propósitos os de incrementa-la competitividade da agri-

cultura na UE, promover unha agricultura sostible e orientada cara o mercado, e acadar un maior equilibrio das axudas e potencia-lo desenvolvemento rural.


• *Consecuencias das reformas propostas*

A plena consecución dunha agricultura e un desenvolvemento rural sostible esixe efectuar unha serie de axustes na PAC, que permiten *“a máxima flexibilidade nas decisións de produción e simplifican notablemente a forma de axuda ós agricultores, garantindo, non obstante, a estabilidade da renda agraria. [...] Supón tamén unha importante simplificación da PAC e facilitan o proceso de ampliación e a defensa da PAC ante a OMC”*.

Con estes axustes, considérase que “a UE poderá preservar unha política agrícola estable no futuro, garantir unha distribución transparente e máis equitativa da axuda á renda dos agricultores e responder mellor ás expectativas dos consumidores e os contribuíntes”.

Á hora de analiza-las repercusións dos axustes propostos na revisión intermedia, hai que ter en conta tanto os efectos económicos como os efectos orzamentarios. No primeiro caso, pese a unha lixeira variación no nivel total da axuda, as propostas da revisión intermedia permitirán distribuír mellor os recursos entre os distintos produtos e farán máis eficaz a transferencia de renda.

En xeral, considérase que os efectos das propostas da revisión intermedia sobre a renda agraria serán limitados para o sector agrario no seu conxunto, se ben o impacto sobre os diferentes sectores e rexións pode variar. No caso do subsector gandeiro, a disociación das axudas directas da produción comportará un incremento da renda (pola elevación dos prezos de mercado), pero esta medra se verá contrarrestada, en gran medida, polo impacto negativo sobre a renda do descenso dos prezos no mercado dos cereais secundarios como consecuencia da supresión da intervención no sector do centeo.



5.18.

Previsións de gastos: previsión de acordo coas propostas da revisión intermedia (1)

	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2004/13	Total sen a introducción das propostas
(I)	3.853,4	3.062,1	2.513,1	2.066,5	1.702,4	1.489,6	1.433,8	1.433,8	1.433,8	1.433,8	20.422,3	33.468,5
Medidas de mercado e de promoción na UE-15	3.786,4	2.955,1	2.464,1	2.032,5	1.676,4	1.465,6	1.409,8	1.409,8	1.409,8	1.409,8	20.059,3	32.798,5
Total medidas mercado	492,8	244,1	167,2	157,4	161,8	162,5	164,7	164,7	164,7	164,7	2.044,6	5.084,9
cereais	243,3	144,1	104,1	64,1	24,0	7,0	7,0	7,0	7,0	7,0	579,6	3.168,0
fornaxe desecado	110,0	38,0	7,0	7,0	7,0	7,0	7,0	7,0	7,0	7,0	204,0	3.340,0
Aroz	2.461,0	2.101,0	1.754,0	1.393,0	1.090,0	919,0	861,0	861,0	861,0	861,0	13.162,0	16.804,0
Leite e produtos lácteos	479,3	467,9	431,8	411,0	393,6	377,1	377,1	377,1	377,1	377,1	4.069,1	4.401,6
Carne vacún	67,0	67,0	49,0	34,0	26,0	24,0	24,0	24,0	24,0	24,0	363,0	670,0
Medidas de promoción												
(II)	216,3	480,0	490,0	458,0	426,0	394,0	394,0	394,0	394,0	394,0	4.040,3	5.655,3
Medidas de mercado CC-10	37,6	97,0	87,0	85,0	86,0	85,0	85,0	85,0	85,0	85,0	816,6	910,6
cereais	2,8	7,0	7,0	7,0	7,0	7,0	7,0	7,0	7,0	7,0	65,8	65,8
fornaxe desecado	p.m.	p.m.	p.m.	p.m.	p.m.	p.m.	p.m.	p.m.	p.m.	p.m.		
Aroz	154,4	321,0	341,0	279,0	279,0	247,0	247,0	247,0	247,0	247,0	2.641,4	4.162,4
Leite e produtos lácteos	21,5	55,0	55,0	55,0	55,0	55,0	55,0	55,0	55,0	55,0	516,5	516,5
Carne vacún												
(III = I+II)	4.069,7	3.542,1	3.003,1	2.524,5	2.128,4	1.883,6	1.827,8	1.827,8	1.827,8	1.827,8	24.462,6	39.123,8
Medidas de mercado e de promoción UE-25												
(IV)	27.616,4	28.658,2	29.533,6	30.413,4	31.392,6	32.371,9	32.371,9	32.371,9	32.371,9	32.371,9	309.473,7	288.603,9
Axudas directas ós produtores na UE-15 (2)												
Pagos únicos por explotación	27.616,4	28.025,6	28.901,0	29.780,8	30.760,0	31.739,3	31.739,3	31.739,3	31.739,3	31.739,3	276.163,9	-
Axudas directas		632,6	632,6	632,6	632,6	632,6	632,6	632,6	632,6	632,6	33.309,8	288.603,9
(V)		1.450,0	1.786,0	2.142,0	2.522,0	3.232,0	3.879,0	4.525,0	5.171,0	5.819,0	30.526,0	28.297,0
Axudas directas ós produtores na CC-10 (2)												
(VI = IV + V)	27.616,4	30.108,2	31.319,6	32.555,4	33.914,6	35.603,9	36.250,9	36.896,9	37.542,9	38.190,9	339.999,7	326.900,9
Axudas directas ós produtores na UE-25 (2)												
(I + IV)	31.469,8	31.720,3	32.046,7	32.479,9	33.095,0	33.861,5	33.805,7	33.805,7	33.805,7	33.805,7	329.896,0	332.072,4
Axudas totais UE-15												
(II + V)	216,3	1.930,0	2.276,0	2.600,0	2.948,0	3.626,0	4.273,0	4.919,0	5.565,0	6.213,0	34.566,3	33.952,3
Axudas totais CC-10												
(III + VI)	31.686,1	33.650,3	34.322,7	35.079,9	36.043,0	37.487,5	38.078,7	38.724,7	39.370,7	40.018,7	364.462,3	366.024,7
Axudas totais UE-25												

(1) Cereais (restitucións por exportación, almacenamento público, restitucións por produción de fécula, primas á fécula de patata, e axuda alimentaria), fornaxe desecado (axuda á produción de fornaxe desecado), aroz (restitucións por exportación, almacenamento público e privado, axuda alimentaria, axuda á produción de leite e produtos lácteos (restitucións por exportación, almacenamento público, axudas internas, almacenamento privado, axuda alimentaria, leite para escolas e taxinaes), restitucións por exportación de carne de vacuno (restitucións por exportación)).

(2) Medidas modificadas, suprimidas ou introducidas de conformidade coas propostas da revisión intermedia

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Comisión Europea

5.19.

Previsións de gastos: repercusión financeira da aplicación das propostas da revisión intermedia no período 2004-13

	Coa introducción das propostas	Sen a introducción das propostas	Repercusión financeira
	(en millóns de euros)		
(I) Medidas de mercado e de promoción na UE-15	20.422,3	33.468,5	-13.046,2
Total medidas mercado	20.059,3	32.798,5	-12.739,2
cereais	2.044,6	5.084,9	-3.040,3
forraxe desecado	579,6	3.168,0	-2.588,4
Arroz	204,0	3.340,0	-3.136,0
Leite e produtos lácteos	13.162,0	16.804,0	-3.642,0
Carne vacún	4.069,1	4.401,6	-332,5
Medidas de promoción	363,0	670,0	-307,0
(II) Medidas de mercado CC-10	4.040,3	5.655,3	-1.615,0
cereais	816,6	910,6	-94,0
forraxe desecado	65,8	65,8	
Arroz			
Leite e produtos lácteos	2.641,4	4.162,4	-1.521,0
Carne vacún	516,5	516,5	0,0
(III = I+II) Medidas de mercado e de promoción UE-25	24.462,6	39.123,8	-14.661,2
(IV) Axudas directas ós produtores na UE-15	309.473,7	298.603,9	10.869,8
Pagos únicos por explotación	276.163,9	-	276.163,9
Axudas directas	33.309,8	298.603,9	-265.294,1
(V) Axudas directas ós produtores na CC-10	30.526,0	28.297,0	2.229,0
(VI = IV + V) Axudas directas ós produtores na UE-25	339.999,7	326.900,9	13.098,8
(I + IV) Axudas totais UE-15	329.896,0	332.072,4	-2.176,4
(II + V) Axudas totais CC-10	34.566,3	33.952,3	614,0
(III + VI) Axudas totais UE-25	364.462,3	366.024,7	-1.562,4

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Comisión Europea

En relación ós efectos orzamentarios, os cadros 5.18. e 5.19. recollen as previsións de gastos de acordo coas propostas de revisión intermedia e a repercusión financeira da aplicación das devanditas propostas. Estímase que as medidas propostas supoñen un aforro de 2.176,4 millóns de euros no conxunto do período 2004-13, dado que o aforro derivado das propostas sobre medidas de mercado e de promoción (13.046,2 millóns de euros) é maior que o efecto das propostas sobre as axudas directas (10.869,8 millóns de euros).


No caso dos dez países que formarán parte da UE na vindeira ampliación, os devanditos cadros amosan a existencia dun gasto suplementario de 614,0 millóns de euros, xa que as axudas directas ós produtores ascenden a 2.229,0 millóns de euros, e o aforro derivado das medidas de mercado, ascendería a 1.615,0 millóns de euros.

• Descrición das propostas

Entre os axustes destinados a **incrementar a competitividade da agricultura**, facendo da intervención unha verdadeira rede de seguridade, que permita ós produtores comunitarios responder ós sinais do mercado sen perder a protección ante fluctuacións extremas dos prezos, proponse as seguintes medidas:

– No subsector dos cereais, co obxectivo de culminar a reforma iniciada no ano 1992, aplícase unha redución definitiva do 5% (fronte ó 20% proposto na Axenda 2000) ó prezo de intervención (de 101,31 euros a 95,35 euros) a partires de 2004/05. Ó reducirse o papel da intervención, proponse eliminar a medra mensual. Xa non se outorgarán restitucións pola produción de féculas e certos produtos derivados.

Por mor do recorte do prezo de intervención



dos cereais, as axudas por superficie no sector dos cereais e outros cultivos herbáceos relevantes aumentará de 63 euros/t a 66 euros/t e se incluíra na axuda única por explotación.

– No caso do centeo, ó obxecto de que se segan acumulando existencias, este quedará excluído do sistema de intervención.

– Reduci-lo actual suplemento específico do trigo duro de 344,5 euros por hectárea a 250 euros/ha nas zonas tradicionais, incluíndose na axuda única por explotación, e reducir progresivamente a axuda específica a outras rexións nos que este cultivo está subvencionado (estes cambios se introducirían nun período de tres anos a partir de 2004). Asemade, co fin de mellora-la calidade do trigo destinado á produción de sémola e pasta, nas zonas de produción tradicionais, introdúcese unha prima específica de 40 euros/ha que está suxeita ós límites marcados polas superficies máximas garantidas.

– Manterase o suplemento destinado ás proteaxinosas (9,5 euros/t), convertíndose nunha axuda específica por superficie de cultivo de 55,57 euros por hectárea. A súa concesión vincularase a unha nova superficie máxima garantida, que se establece en 1,4 millóns de hectáreas.

– As axudas ó sector dos forraxes desecados distribuírse entre os agricultores e a industria de transformación: No primeiro caso a axuda integrarase no sistema de axuda única por explotación (baseándose no historial de entregas á industria) e no segundo caso, manterase un sistema de axuda única decrecente ó longo dun período transitorio de catro anos, iniciándose a mesma en 33 euros/t en 2004/05.

– Proponse reduci-lo prezo de intervención do arroz para adecualo ós mercados mundiais e compensar ós agricultores con axudas directas. Esta redución sería do 50%, dunha soa vez, ata un prezo básico de 150 euros por tonelada. A axuda directa, co fin de estabiliza-los ingresos dos agricultores, pasa de 52 euros/t a 177 euros/t, dos que 102 euros/t incluíranse na axuda única por explotación (abonarase en función dos

dereitos históricos, co límite imposto pola superficie máxima garantida) e os restantes 75 euros/t, multiplicados polo rendemento de 1995, constituirán unha axuda específica por cultivo. Se introducirá un réxime de almacenamento privado que se activará sempre que o prezo de mercado sexa inferior ó básico. A rede de seguridade fixarase en 120 euros por tonelada.

– No concernente ó sector dos froitos secos, introducirase un pago anual a tanto alzado de 100 euros por hectárea, cunha superficie máxima garantida de 800.000 hectáreas, dividida en superficies garantidas nacionais. A iso pódense engadi-los Estados Membros ata un máximo anual suplementario de 109 euros por hectárea.

– Finalmente, no caso do sector lácteo, a Comisión, por razóns orzamentarias, propón prolongar un sistema de cotas lácteas reformado ata a campaña 2014/15. Considera que é necesario reduci-lo prezo de apoio ó leite, incrementando a cota láctea, ó mesmo tempo, nun 1% nos anos 2007 e 2008, baseándose na plena aplicación da Axenda 2000.

Asemade, a redución uniforme prevista do 5% anual substituírse por recortes asimétricos dos rezos de intervención: -3,5% anual para o leite en po desnatado e -7% anual para a manteiga no transcurso do período de 5 anos. En conxunto, esta redución equivale a unha redución global dun 28% dos prezos indicativos do leite na UE nese período de tempo. As compras de manteiga en intervención suspenderanse a partires do límite de 30.000 toneladas anuais, por riba do cal se propón que as compras se efectúen mediante licitación.

En 2007 e 2008 efectuaranse compensacións adicionais en forma de axudas directas, utilizando igual método de cálculo que na Axenda 2000. Tódalas axudas ó sector lácteo incluíranse na axuda única por explotación.

Na proposta de regulamento do Consello polo que se establece unha taxa no sector do leite e dos produtos lácteos se afirma que a partir do 1 de abril do 2004 e ó longo de 11 períodos de

5.20.

Sector leiteiro nos países da UE-15: cantidades de referencia

	Período 2004/05	Período 2005/06	Período 2006/07	Período 2007/08	Período 2008/09 a 2014/15
	(en miles de toneladas)				
Bélxica	3.327,0	3.343,5	3.360,1	3.393,7	3.427,3
Dinamarca	4.477,6	4.499,9	4.522,2	4.567,4	4.612,6
Alemaña	28.004,1	28.143,5	28.282,8	28.565,6	28.848,4
Grecia	700,5	700,5	700,5	707,5	714,5
España	6.117,0	6.117,0	6.117,0	6.178,1	6.239,3
Francia	24.357,0	24.478,2	24.599,3	24.845,3	25.091,3
Irlanda	5.395,8	5.395,8	5.395,8	5.449,7	5.503,7
Italia	10.530,1	10.530,1	10.530,1	10.635,4	10.740,7
Luxemburgo	270,4	271,7	273,1	275,8	278,5
Países Baixos	11.130,1	11.185,4	11.240,8	11.353,2	11.465,6
Austria	2.763,1	2.776,9	2.790,6	2.818,5	2.846,5
Portugal (1)	1.879,8	1.889,2	1.898,5	1.917,5	1.936,5
Finlandia	2.419,0	2.431,0	2.443,1	2.467,5	2.491,9
Suecia	3.319,5	3.336,0	3.352,5	3.386,1	3.419,6
Reino Unido	14.682,7	14.755,6	14.828,6	14.976,9	15.125,2

(1) Agás madeira

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Comisión Europea

5.21.

Sector leiteiro nos países da UE-15:
contidos de materia graxa de referencia

	Materia graxa
	(en g / kg)
Bélxica	36,91
Dinamarca	43,68
Alemaña	40,11
Grecia	36,10
España	36,37
Francia	39,48
Irlanda	35,81
Italia	36,88
Luxemburgo	39,17
Países Baixos	42,36
Austria	40,30
Portugal	37,30
Finlandia	43,40
Suecia	43,40
Reino Unido	39,70


Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Comisión Europea

doce meses se establece unha taxa sobre as cantidades de leite de vaca e outros produtos lácteos que se comercialicen ó longo do período de 12 meses en cuestión e exceda as cantidades fixadas (**cadro 5.20.**). A devandita taxa ascenderá ó 115% do prezo indicativo do leite.

Antes do 1 de setembro seguinte ó período de doce meses de que se trate, os países abonarán ó FEOGA unha suma equivalente á taxa calculada sobre tódolos rebasamentos das cantidades de referencia fixadas (**cadro 5.20.**), tendo en conta o contido de materia graxa de referencia (**cadro 5.21.**). A taxa repartirase enteiramente entre os produtores que contribúan ós rebasamentos en función das cantidades de referencia individuais.

No concernente á xestión da taxa (os **cadros 3.23.** e **3.24.** reflicten a evolución das transferencias e as cesións temporais de cota en Galicia nas últimas catro campañas), este regulamento afirma que antes de que finalice cada período de 12 meses, os Estados membros autorizarán cesións temporais (artigo 15), para o período de que se trate, da parte da cantidade de referencia individual que os produtores que dispoñen dela non a vaian empregar.

Os Estados membros poderán regula-las operacións de cesión en función das categorías de produtores ou das estruturas de produción de leite, limitalas ó nivel do comprador ou das rexións e determinar en qué medida o cedente



poderá volver a efectuar operacións de cesión.

Os países poderán non dar cumprimento a estas cesións por necesidade de facilitar cambios e adaptacións estruturais ou necesidades administrativas imperiosas.

En relación ás transferencias definitivas (artigo 16), establécese que en caso de venda, arrendamento ou transmisión por herdanza directa ou anticipada dunha explotación, transferirase ós produtores que se fagan cargo dela as cantidades de referencia individuais.

En caso de transferencia de terras ás autoridades públicas ou por causa de utilidade pública, ou cando a transferencia se efectúa con fins non agrícolas, os Estados membros disporán que se apliquen as disposicións necesarias para a salvagarda dos intereses lexítimos das partes e, en particular, que o produtor saínte poida continua-la produción de leite se desexa facelo.

A falta de acordo entre as partes, nos arrendamentos rústicos que vaian a expirar sen posibilidades de recondución en condicións análogas, ou en situacións que produzan efectos xurídicos comparables, as cantidades individuais de referencia transferiranse, ós produtores que se fagan cargo da explotación.

Este artigo reflicte que os países poderán prever transferencias de cantidades de referencia por mutuo acordo, ben entre produtores, ben por medio de transferencias organizadas por iniciativa das autoridades competentes.

No caso das transferencias definitivas, os países reterán unha parte da cantidade transferida e a engadirán á reserva nacional.

No caso das medidas de transferencia específicas (art. 17), co obxecto de levar a bo termo a reestructuración da produción leiteira ou de mellora-lo medio ambiente, os países poderán:

i. Conceder unha indemnización ós produtores que se comprometan a abandonar definitivamente unha parte ou a totalidade da súa pro-

ducción, e incrementa-la reserva nacional coa cantidade liberada;

ii. Determinar, de acordo con criterios obxectivos, as condicións, con arreglo ás cales os produtores poderán obter, mediante pago e ó comezo dun período de 12 meses, a reasignación de cantidades de referencia que foran definitivamente liberadas por outros produtores ó final do período de 12 meses anterior contra o desembolso, nunha ou varias anualidades, dunha indemnización igual ó mencionado pago;

iii. Establecer, no caso da transferencia para mellora-lo medio ambiente, que a cantidade de referencia individual de que se trate se asigne ó produtor saínte se este desexa continua-la produción leiteira;

iv. Determinar, con arreglo a criterios obxectivos, as rexións e as zonas de recollidas onde se autorizan as transferencias definitivas de cantidades de referencia sexa a correspondente transferencia de terras, ó obxecto de mellora-la estrutura da produción leiteira;

v. Autoriza-la transferencia definitiva de cantidades de referencia sen a correspondente transferencia de terras, ou viceversa, previa petición do produtor á autoridade competente ou o organismo que esta designara, co fin de mellora-la estrutura da produción leiteira da explotación ou contribuír á extensificación da produción;

vi. Determina-las condicións de asignación das cantidades adicionais atribuídas ó Estado membro.

No concernente ó obxectivo de **promover unha agricultura sostible e orientada cara ó mercado**, a Comisión considera que as vantaxes do desprazamento das axudas dende o produto ó produtor só poden aproveitarse se se leva ata as súas últimas consecuencias. Propón para rematar este desprazamento da axuda, a implantación dun sistema de axuda única por explotación baseada en referencias históricas e condicionado ó cumprimento de determinados requisitos en materia de medio ambiente, salubridade alimentaria, sanidade e benestar animal e seguridade no traballo aplicables na explotación. Deste xeito, a Comisión considera que as axudas á renda gañarán en eficacia.

A finalidade deste mecanismo de condicionalidade é favorecer a aplicación de “boas condicións agrarias”, definidas como un conxunto integral de normas de obrigado cumprimento. En caso de incumprimento, as axudas directas reduciríanse total ou parcialmente, segundo sexa a gravidade do caso.

No que respecta ós produtos afectados, as axudas únicas por explotación estenderanse ó maior número de sectores: a tódolos produtos incluídos no réxime COP (cereais, oleaxinosas e proteaxinosas), así como as leguminosas de gran, as patacas de fécula, a carne de vacún e de ovella. Así mesmo, inclúense as axudas revisadas do arroz, o trigo duro e os forraxes desecados, e o sector lácteo. Ó longo do 2003 presentaríanse propostas para outros sectores onde a súa reforma está prevista como son o azucre, aceite de oliva, tabaco, algodón e, posiblemente, froitas e hortaliças e o viño.

O novo sistema de axudas substituirá á maioría das primas outorgadas ó amparo das organizacións comúns de mercado. A axuda fragmentaríase en dereitos de axuda para facilitar a súa cesión, calculándose os mesmos dividindo o importe de referencia polo número de hectáreas que deron lugar ó devandito importe (incluída a superficie forraxeira) nos anos de referencia.

Toda solicitude de pago en virtude dun dereito deberá basearse nunha hectárea subvencionable, entendida como calquera superficie agraria da explotación. Non terán a consideración de hectáreas subvencionables as ocupadas con cultivos permanentes ou bosques ou empregadas para fins non agrícolas a 31 de decembro de 2002. A produción gandeira non vinculada a unha determinada superficie de terra ou en relación coa que os dereitos sexan superiores a 10.000 euros recibirá unha axuda especial coas correspondentes condicións. Fixaranse límites nacionais para a axuda única por explotación e a axuda especial. Deste último importe, o 1% reservarase en cada Estado membro para circunstancias excepcionais.

Os dereitos, con e sen terras, poderán ceder-

se entre agricultores do mesmo Estado membro, e estes poderán establecer rexións ás que se limiten as cesións. Asemade, os países poderán axustar os dereitos conforme a medias rexionais.

Os agricultores poderán empregar estas terras para calquera actividade agraria, agás para cultivos permanentes. A excepción de casos de forza maior e en circunstancias excepcionais, todo dereito non empregado ó longo dun período máximo de cinco anos se asignará a unha reserva nacional.

Co obxectivo xeral de asesorar a tódalas explotacións, establécese un sistema de auditoría obrigatorio, incluído no principio de condicionalidade, que comprenderá a análise periódico e estruturado de existencias e a comprobación dos fluxos materiais e os procesos empresariais que se consideren relevantes a determinados efectos (medio ambiente, salubridade alimentaria e sanidade animal). En principio, limitarase ós agricultores que perciban máis de 15.000 euros anuais de axudas directa ou que o seu volume de negocio sexa superior a 100.000 euros anuais, sendo voluntario para o resto dos agricultores. Para a realización destas auditorías, outorgaríanse axudas a través dos fondos de desenvolvemento rural.

A fin de manter as vantaxes da retirada de terras no control da oferta, ó tempo que se potencian os seus beneficios medioambientais co novo sistema de axudas dissociadas, un elemento máis da condicionalidade que debe respectarse para percibi-la axuda por explotación é que os agricultores que están actualmente obrigados á retirada de terra o seguirán estando (con respecto a unha superficie equivalente ó 10% da súa actual superficie COP). A superficie dedicada á agricultura ecolóxica non estará suxeita a este requisito. A retirada de terras non será rotativa e as terras retiradas non poderán utilizarse con fines agrarios nin producir cultivos con fins comerciais. Non obstante, os países poderán autorizar a retirada rotativa se se considera necesario por razóns medioambientais.

A Comisión propón unha axuda de 45 euros

Regresividade e modulación: porcentaxe de redución das axudas directas 2006-2012

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Regresividade							
% de redución xeral das axudas directas	1,0	4,0	12,0	14,0	16,0	18,0	19,0
% de redución total que se aplicará ós diferentes tipos de axudas directas							
Entre 1 e 5.000 euros	-	-	-	-	-	-	-
Entre 5.001 e 50.000 euros	1,0	3,0	7,5	9,0	10,5	12,0	12,5
Máis de 50.000 euros	1,0	4,0	12,0	14,0	16,0	18,0	19,0
Modulación							
% das axudas directas destinada ó presuposto de desenvolvemento rural							
Entre 5.001 e 50.000 euros	1,0	2,0	3,0	4,0	5,0	6,0	6,0
Máis de 50.000 euros	1,0	2,0	3,0	4,0	5,0	6,0	6,0
Destinado ó financiamento de futuras necesidades de mercado							
Entre 5.001 e 50.000 euros	-	1,0	4,5	5,0	5,5	6,0	6,5
Máis de 50.000 euros	-	2,0	9,0	10,0	11,0	12,0	13,0

Fonte: Comisión Europea

por hectárea de cultivo enerxético, cunha superficie máxima garantida a escala da UE de 1,5 millóns de hectáreas, que se pagará ós agricultores que teñan un contrato cunha empresa transformadora (agás se a transformación a realiza o propio agricultor na explotación). O sistema revisarase cinco anos despois da súa entrada en aplicación.

No concenrente ó terceiro propósito dos axustes mencionados, preténdese lograr un **maior equilibrio e potencia-lo desenvolvemento rural** transferindo fondos do primeiro ó segundo pilar da PAC, mediante un sistema de modulación dinámica obrigatoria en toda a UE (**cadro 5.22.**), e facendo extensivos os actuais instrumentos de desenvolvemento rural ó fomento da calidade alimentaria e o benestar animal, e a consecución de mellores condicións ambientais.

Os importes derivados da modulación que resulta da regresividade asignaranse ós Estados membros en calidade de axuda comunitaria adicional para os seus programas de desenvolvemento rural. Estes importes distribuiranse segundo criterios sobre a superficie agraria, o emprego no sector agrario e o PIB per cápita en termos de poder adquisitivo. Os restantes importes destinaranse ás novas necesidades financeiras que suxiran as novas reformas de mercado. Este sistema de regresividade e modulación non se aplicará ós novos Estados membros ata tanto a gradual introducción de axudas directas non acade o nivel normal da UE.

A Comisión propón amplia-las medidas de acompañamento existentes –axudas agroambientais, axudas a zonas menos favorecidas, axudas para a reforestación de terras agrícolas e axudas para a reforestación de terras agrícolas e axudas por xubilación- que serán financiadas pola sección garantía do FEOGA, e se dirixirán ante todo ós agricultores beneficiarios. Os Estados membros e as rexións poderán decidir se desexan incluír estas medidas nos seus programas de desenvolvemento rural. As novas medidas comprenderán:

- un novo capítulo no Regulamento (CE) 1257/1999 denominado “calidade alimentaria” no que se alentará ós agricultores a participar nos sistemas, comunitarios ou nacionais, de certificación e garantía de calidade recoñecidos. Asemade, preveranse axudas ás organizacións de produtores para actividades de promoción dos produtos que gocen do recoñecemento destes sistemas de certificación e garantía de calidade.


- Propón engadi-lo capítulo “Cumprimento das normas” dirixido a axudar ós agricultores a adaptarse á lexislación comunitaria sobre medio ambiente, sanidade humana, animal e vexetal, benestar animal e seguridade no traballo, así como a por en práctica as auditorías das explotacións.

- Propón introducir no capítulo agroambiental do Regulamento (CE) 1257/1999 a posibilidade de outorgar axudas ós agricultores que adquieran compromisos, ó longo dun período mínimo de 5 anos, de cara a aumenta-lo benestar dos animais da súa explotación, sempre que eses compromisos non se limiten ás boas prácticas corren-

tes na cría de animais. A axuda abonarase anualmente, baseándose nos custos adicionais e o lucro cesante como consecuencia dos compromisos adquiridos dentro dunha contía anual máxima de 500 euros por cabeza de gando.


Ademais das devanditas modificacións técnicas, a Comisión propón introducir algunhas modificacións do Regulamento (CE) 1257/1999 para simplificar e aclarar certas disposicións sobre o alcance dos capítulos sobre a silvicultura e a formación, e engadir ó capítulo sobre a adaptación e desenvolvemento das zonas rurais un novo inciso sobre a cobertura dos custos de xestión das agrupacións locais.

No ano 2004, a Comisión examinará en qué grao as medidas de desenvolvemento rural están contribuindo ó logro destes obxectivos de desenvolvemento sostible. Ó mesmo tempo, plantearase a posibilidade de ampliar ós pequenos produtores de alimentos tradicionais as axudas outorgadas ós agricultores para o cumprimento das novas normas comunitarias sobre a calidade dos alimentos. ■



POLÍTICA AGRARIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

5.2



Unha vez analizado o marco europeo no que se desenvolve o subsector agrogandeiro e forestal galego, o obxectivo deste capítulo é a análise da política de desenvolvemento deste subsector en Galicia, para o que se terán en conta, en primeiro lugar, as accións prioritarias ou obxectivos finais directamente relacionados co subsector definidas no Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) 2000-2006, e en segundo lugar, a información recollida nos pre-supostos xerais da Xunta para o ano 2003.

Obxectivos para o desenvolvemento do subsector agrogandeiro e forestal contidos no PEDEGA

O Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia 2000-2006 recolle a proposta estratéxica xeral de política socioeconómica da Xunta, que está constituída sobre dúas bases:

- Unha reflexión prospectiva dos escenarios razoables do contorno no que se moverá o sistema económico galego no futuro;

- Unha definición dos grandes fins socioeconómicos que ten Galicia e a súa tradución en obxectivos finais para o plan. Eses obxectivos están baseados na consistencia interna, a adecuación ós problemas e oportunidades de desenvolvemento e á capacidade operativa para os poñer en marcha.

Entre as accións prioritarias, obxectivos finais, sinaladas no PEDEGA salientan dúas directamente relacionadas co sector primario e o desenvolvemento rural: o 1.B. “Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia” e o 2.B. “Aumenta-la proxección territorial do desenvolvemento”.

As claves estratéxicas que están detrás do obxectivo **1.B. “Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia”** oriéntanse á configuración e desenvolvemento de redes productivas integradas de carácter multisectorial, para dar lugar a conglomerados de actividades articulados funcional e territorialmente.

A fórmula operativa é estrutura-las medi-

das que se van pór en marcha dentro de programas integrados de medidas para os complexos ou agrupamentos (“*clusters*”) de actividades singularmente relevantes para Galicia. A estratexia sectorial sintetízase en dúas fronteas básicas:

- Integración de redes productivas: aumento das ligazóns intersectoriais orientado á extensión da cadea de valor engadido.
- Renovación/diversificación: modernización de produtos, procesos e canles comerciais nas actividades nas que Galicia conta coas vantaxes competitivas derivadas do saber facer, xunto á potenciación de novos complexos que contan xa cun relativo desenvolvemento e asentamento na rexión:
 - Agro-gandeiro
 - Silvicultura/explotación forestal/madeira
 - Mar/industria (pesca/marisqueo/acuicultura/industria conserveira e afíns)
 - “*Clusters*” industriais de importancia singular (pedra natural, construción naval, confección/téxtil, telecomunicacións/audiovisual).
 - Turismo selectivo.

O obxectivo **2.B. “Aumenta-la proxección territorial do desenvolvemento”** ten como referente estratéxico o aproveitamento das capacidades competitivas do conxunto do territorio rexional, así como dos espazos veciños, co fin de reforza-lo principio de cohesión territorial. Trátase de coordina-las actuacións horizontais, sectoriais e territoriais, e de facer compatible o crecemento do principal eixe de aglomeración social e económico co aproveitamento da notable ligazón da actividade económica cun conxunto de recursos endóxenos dispersos ó longo do territorio rexional.

Os instrumentos que deben ir impulsando esta extensión territorial do desenvolvemento son o reforzamento das infraestruturas e equipamentos locais de todo tipo, a identificación, animación e promoción das oportunidades productivas das comarcas de Galicia, a orientación dos impulsos sectoriais procedentes de ámbitos diversos, como o complexo agro-gandeiro, o turismo ou a artesanía, así como o coidado das infraestruturas

rurais e doutras iniciativas de desenvolvemento rural.

As intervencións relacionadas con este obxectivo deben recoller tamén os impulsos procedentes doutros obxectivos finais non sectoriais, cunha clara incidencia sobre o territorio, como o medio ambiente, a conexión das vías de alta capacidade co interior de Galicia, a vivenda, as infraestruturas sanitarias e as iniciativas no desenvolvemento de novas aplicacións das tecnoloxías da información que faciliten a distribución territorial dos servizos públicos. Estas actuacións sinérxicas revisten unha especial relevancia estratéxica para este obxectivo final, dada a necesidade de apoia-lo crecemento dos núcleos de interiores de vertebración nunhas condicións de vida adecuadas e na ruptura do seu illamento respecto ós grandes centros urbanos de demanda.

O **cadro 5.23** recolle unha estimación preliminar dos obxectivos físicos relacionados co sector primario e o desenvolvemento rural perseguidos por cada un destes obxectivos finais, amosando unha serie de indicadores e o valor das súas realizacións previstas para o período 2000-2006.

Seguindo a xerarquización dos obxectivos intermedios recollida no PEDEGA, estes pódense agrupar en obxectivos integrados ou de alto valor estratéxico, obxectivos influentes, obxectivos influídos ou sensibles, e obxectivos independentes. No caso concreto do sector primario e desenvolvemento rural, os obxectivos intermedios poden ser obxectivos influentes ou obxectivos influídos ou sensibles.

• *Obxectivos influentes*

- **1.B.1.-Potencia-lo desenvolvemento integrado do complexo agro-gandeiro.** O complexo agro-gandeiro está composto pola produción gandeira como núcleo sobre o que se articula o complexo, a través das súas fortes ligazóns coa produción agrícola e as industrias de alimentación animal (como provedoras de inputs para a gandería) e coas industrias cárnicas e lácteas como destino da maior parte da produción agraria rexional.

Estimación dos obxectivos físicos perseguidos por cada obxectivo final do PEDEGA.: estimación preliminar

Obxectivo Final	Indicador	Unidades	Valor Realizacións previstas 00-06
1.B.	Alumnos bolsellos I+D agrícola	Becas	67
	Alumnos formación agraria	Alumnos	20.869
	Análise de identificación de variedades ou ecotipos locais	Análise	207.986
	Análise de mostras de leite en control leiteiro	Análise	1.513.717
	Animais de bovino leiteiro en control de rendementos	nº	225.507
	Animais e explotacións acollidos ós programas de erradicación obrigatorios	nº	146.580
	Concentración parcelaria complexo agro-ganadeiro	Has	21.141
	Expedientes de entidades asociativas acollidos ós programas de expansión e consolidación	nº	499
	Explotacións integradas en programas de mellora da eficacia dos sistemas productivos agrarios	nº	7.893
	Implantacións embrionarias	nº	987
O FGGA, dentro do marco da Política Agraria Común (PAC), realiza accións que inciden no incremento da rendibilidade das explotacións, así como na compensación da perda de renda dos agricultores motivada pola baixa nos prezos garantidos (axudas a produtores), ademais de favorece-lo emprego, nos procesos de produción, de determinados produtos de orixe agropecuaria (axudas a industrias): Primas a produtores con vacas nutrices, que supón o pagamento dunha axuda por cada vaca de raza cárnica, ou determinados cruces, para a cría dos seus xatos, se se mantén na explotación durante seis meses, dependendo a súa contía do grao de extensificación daquela; prima a produtores que ceben xatos: supón o pagamento dunha axuda por bovino macho, que se manteña na explotación durante dous meses, dependendo a contía, tamén, do grao de extensificación daquela; prima por sacrificio (os gandeiros que entreguen xatos, para o seu sacrificio, terán dereito a unha prima compensatoria, dependendo a súa contía da súa idade e peso) e a prima a produtores de ovino e cabrún que supón o pagamento dunha axuda por cada ovella ou cabra, que se manteña na explotación, alomenos, 100 días, variando o importe segundo se trate de zonas normais, desfavorecidas ou de montaña.

2. Desenvolvemento rural (61.246 miles de euros): Os obxectivos, entre outros, deste programa é a reorganización das estruturas agrarias, coa finalidade de lograr explotacións viables, e ampara-las accións destinadas ó desenvolvemento do potencial endóxeno das áreas rurais; a realización da concentración parcelaria; a mellora e conservación das redes de camiños inherentes a

zonas de concentración parcelaria; as accións rurais asociadas ó proceso da mellora do medio; a creación e mellora da rede viaria rural; a dotación de novas infraestructuras e obras de equipamento en núcleos rurais; as axudas para o acceso á propiedade ós arrendatarios rústicos históricos e asimilados e a a realización e consolidación do programa de regadíos de Galicia nas zonas de secan.

3. Sanidade animal e vexetal (43.527 miles de euros): O programa ten como obxectivo, entre outros, incrementa-la produtividade nas explotacións agrarias mediante a loita contra os axentes nocivos e controla-la calidade e seguridade das producións, buscando sempre aquelas medidas menos lesivas do medio ambiente, dos animais e dos vexetais.

4. Fomento das industrias agroalimentarias (24.953 miles de euros): O programa potencia a produción agraria de base mediante o apoio ós procesos de transformación e comercialización dos produtos agrarios, mellorando o seu valor engadido e a súa calidade.

5. Dirección e servicios xerais de agricultura (21.053 miles de euros)

6. Capacitación e extensión agraria (9.054 miles de euros): O programa actúa na formación profesional de mozos para a obtención do certificado de aptitude empresarial agraria, na formación continuada e reciclado permanente dos agricultores e das súas familias e na formación interna para o persoal da consellería

7. Regulación da produción e mercados agrarios (6.108 miles de euros): O programa actúa en materia de apoio e promoción dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos, das denominacións de calidade e da mellora das industrias e dos mercados agrarios.

8. Infraestructuras reforma e desenvolvemento agrario (5.229 miles de euros)

9. Fomento da comercialización Agroindustrial (3.905 miles de euros): O programa actúa

en materia de mellora das condicións de comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.

10. Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico (3.415 miles de euros): A finalidade deste programa é a de promover, apoiar e desenvolve-la actividade investigadora, experimental, innovadora e de desenvolvemento tecnolóxico do sector agrario, comprendendo tódalas súas fases: produción, industrialización, comercialización, medio ambiente e desenvolvemento rural.

11. Formación profesional agraria-FSE (3.059 miles de euros): Este programa ampara a totalidade do ensino profesional específico (ensino regrado) que se imparte nos centros de formación e experimentación agraria.


12. Promoción cooperativa e social e divulgación da tecnoloxía agraria (2.711 miles de euros)

13. Investigación e elaboración estatística (69 miles de euros)

A Consellería de Medio Ambiente desenvolve a súa actuación nos seguintes programas de gasto cofinanciados polo FEOGA:

- Ordenación, reestructuración e desenvolvemento do sector forestal (46.627 miles de euros). Financiado polo FEOGA con 12.356 miles de euros. O obxectivo deste programa céntrase na sustentabilidade da xestión forestal, contemplando as múltiples funcións dos montes e a través de accións de conservación e mellora dos ecosistemas forestais e de protección da súa biodiversidade.

Mellora forestal e primeira transformación dos produtos forestais (11.981 miles de euros): Financiado polo FEOGA con 8.043 miles de euros. O obxectivo deste programa é o de integra-la silvicultura, a explotación forestal e os procesos de transformación na cadea monte-industria, dos que deriva, entre outros aspectos, o desenvolvemento rural e a xeración de emprego.




- Prevención e defensa contra incendios forestais (60.596 miles de euros). Financiado polo FEOGA con 3.581 miles de euros. Ten como finalidade cumprir co obxectivo xeral da defensa contra os incendios forestais (Plan Infoga 2003), que é reducir ó mínimo posible as consecuencias ecolóxicas, económicas e sociais producidas polos incendios forestais. Artículase en cinco plans principais: prevención, extinción, investigación, formación e estudos e traballos técnicos.

- Protección e mellora do medio ambiente (129.705 miles de euros). Financiado polo FEOGA con 937 miles de euros. O obxectivo deste programa é a conservación dos espazos naturais protexidos e dos hábitats naturais, así como das especies de flora e fauna, con especial atención ás especies autóctonas e ás ameazadas, a xestión sostible da riqueza cinexética e dos recursos piscícolas das augas continentais de Galicia.

Políticas de formación

Un último aspecto a ter en conta á hora de presenta-la política agraria da Comunidade Autónoma é o que se refire á política de formación. Os **cadros A.20.** e **A.21. (anexo 5)** recollen as actividades de formación agraria levadas a cabo pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural ó longo do período 1997-2002.

No concernente á ensinanza non regrada, **cadro A.20.**, nos seis anos considerados asistiron un total de 63.159 alumnos ós 2.688 cursos realizados, sendo o presuposto total dos cursos de 5.238,4 miles de euros. No caso da ensinanza regrada, **cadro A.21.**, ó longo do período 1997-2002 realizáronse un total de 107 cursos, ós que asistiron un total de 1.892 alumnos.■



5.3.

NORMATIVA URBANÍSTICA NO MEDIO RURAL



A análise da “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia” está dividida en dous grandes subapartados nos que se presenta, dunha banda, a estrutura e o contido do devandito proxecto, para posteriormente centra-lo estudio nos aspectos relacionados co réxime do solo de núcleo rural e o do solo rústico.

No concernente á estrutura e contido da “Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia”, esta divídese en nove títulos, con douscentos trinta e sete artigos, seis disposicións adicionais, doce disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e outra final.

Con esta Lei quedan derogadas a Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia e a Lei 7/1995, do 29 de xuño, de delegación e distribución de competencias en materia urbanismo. Así mesmo, quedan derogados cantos preceptos de igual ou inferior rango, incluídas as determinacións do planeamento urbanístico, se opoñan ó disposto nesta Lei.

No Título Preliminar, “Principios xerais”, artigos 1-6, afirmase o carácter de función pública que ten o urbanismo, definindo as competencias das administracións e determinando os fins da actividade urbanística.

O Título I está dedicado ó “Réxime urbanístico do solo” (artigos 7 a 44). A Lei non só constitúe un exemplo das distintas clases de solo, senón que vai máis alá ó determinar con minuciosidade o réxime do solo de núcleo rural e o do solo rústico. Preténdese que o planificador teña acoutado tanto o réxime de solo como as condicións de uso deste recurso natural, homoxeneizando e recuperando as formas tradicionais de utilización do solo, con parámetros estéticos vinculados ós modos de construción e ocupación do solo.

No caso do solo urbano, continúaase coa distinción entre solo urbano consolidado e non consolidado, mentres que no caso do solo urbanizable, a distinción realízase, segundo o planeamento dispuxese a súa posta en marcha e establececese as súas condicións de desenvolvemento, entre

delimitado ou inmediato e non delimitado ou diferido.

O Título II (artigos 45-103) regula o “Planeamento urbanístico”. Como aspectos importantes cómpre salientala aplicación inmediata e efectiva para o planeamento que se tramite, duns índices ou límites de sostenibilidade. Estes índices aplícanse ó solo urbano non consolidado e ó urbanizable delimitado, de uso residencial, hoteleiro e terciario, e en función do número de habitantes de cada municipio.

Para o solo urbanizable non delimitado, prevese, con carácter xeral, unha densidade máxima de vivendas por hectárea, que non poderá superalo número de 15, e un coeficiente de edificabilidade máxima por metro cadrado de solo.

Establece adicionalmente as determinacións necesarias para que o planificador prevea as reservas de solo necesarias para a implantación das dotacións públicas e sistemas xerais. Asemade, introdúcense condicións e normas de calidade urbana, que afectan ós novos viarios a implantar, ó equilibrio entre usos e actividades e á necesidade de evitar barreiras arquitectónicas.

A Lei establece no seu artigo 45 que “a ordenación urbanística levarase a cabo a través de normas subsidiarias e complementarias de planeamento e de plans xerais de ordenación municipal [... estando estes plans] vinculados xerarquicamente ás determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio e ós instrumentos establecidos pola Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia”.

Ó Plan Xeral correspóndelle defini-lo modelo urbano e as grandes liñas dos novos desenvolvementos. Entre a documentación esixida, cómpre salientalo estudio do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional, e o estudio de sostenibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico.

A Lei reduce a catro os tipos de planeamento derivado: os Plans Parciais, que recaen en solo urbanizable delimitado, os plans de sectorización,

que recae sobre solo urbanizable non delimitado, os Plans Especiais de reforma interior, que só regularán as operacións previstas en solo urbano non consolidado, e os Plans Especiais de protección, rehabilitación e mellora do medio rural, que poden actuar sobre calquera clase de solo, e de infraestructuras e dotacións. Estes Plans Especiais concíbense como “un verdadeiro motor da recuperación e revitalización dos núcleos rurais tradicionais”.


A última figura do planeamento de desenvolvemento son os estudos de detalle, que se centra na fixación de aliñacións e rasantes, readaptación de volumes ou en completa-las condicións estéticas e de composición da edificación.

No concernente á aprobación do planeamento xeral, este estrutúrase en dúas fases: dunha banda, a aprobación inicial e a provisional, así como a súa tramitación e a obrigação de acadalos informes necesarios para completa-lo expediente, correspóndelle ós concellos. Doutra, a aprobación definitiva atribúese á Consellería.

A competencia para a aprobación definitiva do planeamento de desenvolvemento atribúeselle, en principio ó municipio, aínda que no caso dos Plans de Sectorización e Plans Especiais non previstos no Plan Xeral, esixírase previamente a emisión dun informe preceptivo e vinculante da Consellería. No caso dos Plans Especiais de Protección, Rehabilitación e Mellora do Medio Rural, o conselleiro é quen ten a competencia para aprobalos.

O Título III (artigos 104-106), “Normas de aplicación directa”, céntrase nas normas relativas á adaptación das construción ó ambiente no que se sitúen, altura máxima das edificacións nos municipios sen planeamento xeral e protección das vías de circulación.

No título IV “Execución dos Plans de ordenación”, artigos 107 a 173, recóllese a necesidade de aprobar un proxecto de urbanización entre os orzamentos da execución. Mantéñense determinados instrumentos de “equidistribución” como son as áreas de reparto e o aproveitamento



tipo, reducíndose a súa aplicación ó solo urbano non consolidado e a todo o solo urbanizable, delimitado ou non delimitado.

No concerne ós sistemas de actuación, a Lei distingue entre sistemas directos (de actuación pública, como a cooperación e a expropiación), e os indirectos ou privados (concerto, a compensación e a concesión de obra urbanizadora).

Para executa-lo planeamento en solo de núcleo rural, prevíuse o sistema de cesión de viais, que non ten carácter de execución integral, e onde os propietarios se lles esixe o cumprimento de cesión dos terreos destinados a viais e coincidindo coa obtención da licencia.

O Título V “Instrumentos de intervención no mercado do solo” (artigos 174-187) regula os diferentes instrumentos de intervención. O primeiro deles é o patrimonio público de solo, dado que se establece tanto o patrimonio municipal (obrigatorio para os municipios que contén con PXO) como autonómico. Asemade, a Lei previu a posibilidade de que se establezan reservas de solo no planeamento, coa excepción do solo rústico, para ampliar ou constituí-lo patrimonio municipal do solo.

O proxecto amplía o destino deste patrimonio municipal, prevéndose que poida dedicarse á obtención de dotacións públicas, á planificación e xestión urbanística, á creación de solo para o exercicio de actividade empresariais compatibles co desenvolvemento sostible, á conservación e mellora do medio ambiente, do medio rural e do patrimonio cultural.

Asemade, a Lei prevé que en determinados municipios se recolla expresamente que as novas actuacións e desenvolvementos de carácter residencial reserven unha porcentaxe para construír vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.

Do Título VI “Intervención na edificación e uso do solo e disciplina urbanística”, artigos 188 a 223, cómpre salienta-la existencia de edifica-los soares nos prazos previstos, a obriga de efectuar

inspeccións periódicas dos edificios e inmobles, ou a introducción dun mecanismo de conservación e rehabilitación de edificacións tradicionais, con medidas de fomento, como as subvencións, incentivos fiscais e mecanismos, tamén, de policía urbanística.

No caso da disciplina, xunto a actualización das sancións económicas e a tipificación das condutas infractoras, cómpre salienta-la creación da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, como organismo público de natureza consorcial. Está composto pola Comunidade Autónoma de Galicia e todos aqueles concellos que voluntariamente opten por transferi-las súas competencias sancionadoras.

No título VII, “Organización” (artigos 224 a 232) establécese a creación do Xurado de Expropiación de Galicia, como órgano permanente e especializado para coñecer e resolve-los procedementos de fixación do prezo xusto nas expropiacións en que o órgano expropiante sexa a C.A. de Galicia ou algunha das entidades locais do seu ámbito territorial.

O derradeiro título, “Convenios urbanísticos” (artigos 233 a 237), concreta o seu concepto, alcance e natureza, establecendo as súas diferentes modalidades e fixando o procedemento para a súa celebración e perfeccionamento baixo os principios de transparencia e publicidade.

Finalmente, as disposicións adicionais, transitorias, derogatoria e final completan e resolven cuestións puntuais como as relativas á relación coa lexislación básica ou plena estatal, o réxime dos municipios carentes de planeamento, e se establece o oportuno réxime que permita o tránsito á nova situación derivada da presente lei de maneira paulatina, salvo naqueles aspectos que requiren unha aplicación inmediata.

Centrándose nos aspectos directamente relacionados co solo de núcleos rurais e solo rústico, a Lei, no seu artigo 13.1, define como solo de núcleo rural “os terreos que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado en función das súas características morfolóxicas,

tipoloxía tradicional as edificacións, vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación racional do núcleo co medio físico onde se sitúa e que figuren diferenciados administrativamente nos censos e padróns oficiais, así como as áreas de expansión ou crecemento destes asentamentos”. No artigo 15 considérase solo rústico aquel terreo “que deba ser preservado dos procesos de desenvolvemento urbanístico (...)”.

Considérase que os propietarios de inmobles e edificacións nestes tipos de solo estarán obrigados, entre outras cousas, “a realiza-las obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental” (artigo 9.2).

Os terreos considerados como núcleos rurais de poboación serán “destinados ós usos relacionados coas actividades propias do medio rural e coas necesidades da poboación residente (...)” (artigo 24.1). A Lei considera que o uso característico das edificacións nestes núcleos será o residencial, permitíndose novos usos sempre que “contribúa a revitaliza-la vida rural e mellora-lo nivel de vida dos seus moradores e que, en todo caso, resulten compatibles co uso residencial” (artigo 27).

No artigo 28 a lei establece unha serie de actuacións prohibidas no núcleo rural, entre as que figuran “os novos tendidos aéreos de telefonía, electricidade e outros”, “as novas instalacións destinadas á produción agropecuaria que excedan do tipo tradicional e familiar determinado pola consellería competente en materia de agricultura” ou “aqueles usos que, xa sexa polo tamaño das construcións, pola natureza dos procesos de produción, polas actividades a desenvolver, ou por outras condicións, aínda cumprindo cos requisitos da lexislación medioambiental, non sexan propios do asentamento rural”.


As novas edificacións que se pretendan realizar nestes núcleos, “identifícaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolida-la trama rural existente”. Neste senso, o artigo 29 da lei impón unha serie de condicións e parámetros de edificación.

No concernente ó solo rústico, o artigo 32 distingue dúas categorías: dunha banda, considera que o solo rústico de protección ordinaria está “constituído polos terreos que o planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación do territorio consideren inadecuados para o seu desenvolvemento urbanístico (...)”. Doutra, o solo rústico especialmente protexido estará constituído “polos terreos que polos seus valores agrícolas, gandeiros, forestais, ambientais, científicos, naturais, paisaxísticos, culturais, suxeitos a limitacións ou servidumes para a protección do dominio público, ou doutra índole, deban estar sometidos a algún réxime especial de protección incompatible coa súa transformación (...)”.

Dentro deste solo especialmente protexido, distínguense distintas categorías: solo rústico de protección agropecuaria, de protección forestal, de protección de infraestruturas, de protección das augas, de protección de costas, de protección de espazos naturais, protección de interese paisaxístico, e as demais que se determinen regulamentariamente.

No concernente ás condicións de uso do solo rústico, artigos 33-40, cómpre salientar que entre as “actividades e usos non constructivos” (artigo 33.1) non se inclúen as actividades productivas agrícolas, forestais, gandeiras ou cinexéticas.


Os artigos 42-44 establecen as condicións de edificación. O primeiro fai referencia ás condicións xerais das edificacións en solo rústico, entre as que salientan a de “garanti-lo acceso rodado público adecuado” a determinadas implantacións e instalacións (42.a); “preve-las medidas correctoras necesarias para minimiza-la incidencia da actividade solicitada sobre o territorio (42.b); cumprir determinadas condicións de edificación como as referidas á superficie máxima ocupada pola edificación en planta, ou ó volume máximo da edificación, que ha de ser similar ás edificacións tradicionais existentes no contorno (42.c); ou a condición de cumprir unha serie de condicións de posición e implantación, como a de “manterse o Estado natural dos terreos, ou, se é o caso, o uso agrario deles ou cono plantación



de arboredo ou especies vexetais en, como mínimo, a metade da superficie da parcela” (42.d).

O artigo 103 establece que “os edificios e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resultasen desconformes con este quedarán sometidos ó réxime de fóra de ordenación”. Nas construcións sometidas a este réxime por total compatibilidade coas determinacións do novo planeamento, “só se poderán autorizar obras de simple conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente”, namentres que as sexan parcialmente incompatibles “poderanse autorizar as obras de mellora, ampliación ou reforma que se determinen no plan”.

No caso dos dereitos de tanteo e retracto no solo de núcleo rural, o artigo 187 sinala que “as transmisións onerosas de terreos, edificacións e construcións incluídas no ámbito dos núcleos rurais [...] quedarán suxeitas ó exercicio dos dereitos de tanteo e retracto pola Comunidade Autónoma de Galicia e o concello onde aquelas se localicen. En calquera caso, o exercicio destes dereitos pola Comunidade Autónoma será preferente sobre o da Administración municipal”. ■



MELLORA E MODERNIZACIÓN DAS ESTRUTURAS DE PRODUCCIÓN DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS



No contexto moito máis aberto no que nos atopamos, fundamentalmente despois da integración europea, a agricultura non só ten que cumprir coa súa función tradicional de produtor de alimentos e materias primas, senón que debe diversificarse para dar satisfacción ás demandas sociais ligadas á conservación do medio ambiente e á economía do ocio no medio rural.

A análise da política de modernización das explotacións agrarias ten que considerar tres normas fundamentais: a Lei 19/1995, de 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias; o Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello, de 17 de maio, sobre a axuda ó desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agraria (FEOGA); e o Real Decreto 613/2001, de 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias.

Analizado xa o Regulamento 1257/1999 no apartado dedicado á Política Agraria Común, neste

preséntanse os trazos básicos da Lei 19/1995, de 4 de xullo, e o RD 613/2001, de 8 de xuño.

Lei 19/1995, de 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias

O obxectivo fundamental desta Lei é o de corrixi-los desequilibrios e as deficiencias estruturais que condicionan a competitividade das explotacións agrarias, de tal xeito que a agricultura española poda afrontar-la crecente liberalización de mercados, ó tempo que se aseguren os equilibrios ecolóxicos básicos e se abran novas vías para a obtención de rendas complementarias ós profesionais da agricultura.

A referencia básica de actuación é a “explotación prioritaria”, sexa esta familiar ou de carácter asociativo, que ven *“definida por criterios subxectivos ligados ó titular, así como outros de carácter obxectivo de modo que, globalmente, aseguren a viabilidade económica da explotación e xustifiquen a posible concesión de apoios públicos de modo preferente”*.

Tendo en conta que a insuficiente dimensión de moitas explotacións pode condiciona-la súa viabilidade futura, propónse medidas para dinamiza-los mercados de la terra, para permitir un máis fácil acceso á propiedade e ó arrendamento. Entre estas están os incentivos fiscais ás transmisións de fincas rústicas por compra, sucesión ou doazón, no caso de constitución ou consolidación de explotacións prioritarias, ó tempo que se contemplan incentivos especiais na transmisión íntegra de explotacións, ou cando se efectúan en beneficio de agricultores mozos.

No concernente ó mercado de arrendamento de terras, preténdese supera-la súa “rixidez, mediante a modificación dos prazos e prórrogas previstas”. O obxectivo da redución na duración mínima dos arrendamentos é o de permitir unha substancial medra na oferta de terras a arrendar, así como un mercado máis áxil e aberto.

Esta Lei estrutúrase en catro títulos. O título preliminar especifica os seus obxectivos ó tempo que establece un conxunto de definicións, entre as que cabe salienta-las de “agricultor profesional” e “agricultor a título principal”, que veñen definidas en relación á procedencia das súas rendas e ó tempo dedicado ás actividades agrarias ou outras complementarias.

O Título I trata das explotacións agrarias prioritarias, e se divide en seis capítulos. No primeiro determínase o concepto e as características destas explotacións, ás que se recoñece preferencia de trato no acceso ás axudas públicas.

O capítulo II regula unha serie de beneficios fiscais relativos a tributos do Estado, en favor dos titulares de explotacións prioritarias, tendentes a mante-la integridade das explotacións, á ampliación das mesmas, a facilita-la mobilidade do mercado da terra, así como o acceso ó crédito dos agricultores que pretendan moderniza-las súas explotacións.

O capítulo III establece o Catálogo Xeral de explotacións prioritarias, que dependerá do MAPA, e se elaborará a partires da información facilitada polas CC.AA.

O capítulo IV regula as axudas económicas e os beneficios fiscais que se establecen a prol dos agricultores mozos. Estas medidas de fomento, reguladas nos seus aspectos esenciais, fixan criterios orientadores, que deberán ser desenvolvidos e adaptados polas Comunidades Autónomas.


O capítulo V refírese ó réxime sancionador por incumprimento do disposto nesta Lei.

O capítulo VI refírese ó financiamento das axudas, limitándose a establecer un principio xeral, quedando ó arbitrio de cada Comunidade Autónoma determina-lo volume e a distribución dos recursos entre uns e outros tipos de axudas.

O Título II contén o réxime das unidades mínimas de cultivo, dirixido a impedi-lo fraccionamento excesivo de fincas rústicas. O réxime se modifica fundamentalmente, ó atribuír ás CC.AA. a determinación da extensión da unidade mínima de cultivo, ó establece-la nulidade dos actos ou negocios xurídicos que produzan a división ou segregación dunha finca rústica cando dá lugar a parcelas de extensión inferior á unidade mínima de cultivo e, sobre todo, ó constituír un dereito de retracto legal en favor de titulares de explotacións prioritarias.

O Título III contén dous preceptos relativos ós contratos de arrendamentos rústicos. O primeiro establece a duración mínima dos contratos en cinco anos, suprimíndose as prórrogas legais que determinaba a Lei 83/1980, de 31 de decembro, de Arrendamentos Rústicos, coa finalidade de acadar unha maior mobilidade no mercado da terra. Isto afectará tan só ós contratos que se celebren con posterioridade á entrada en vigor da Lei. O segundo establece a concesión de incentivos económicos ó arrendador, cando o contrato contemple unha duración igual ou superior a oito anos, sempre que o arrendamento se destine á constitución de explotacións prioritarias.

A Lei ten ademais, seis disposicións adicionais, unha disposición transitoria e unha disposición derogatoria.



Real Decreto 613/2001, de 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias

Este Real Decreto establece un réxime de axudas para a modernización das explotacións agrarias conforme ó Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello, de 17 de maio, e a Lei 19/1995, de 4 de xullo, e regula as “actuacións acollidas á acción común prevista na regulamentación comunitaria e aquelas outras que se consideren adecuadas para favorecer a solución de problemas estruturais da agricultura española”.

O RD estrutúrase en tres capítulos. No primeiro deles, establécese o obxecto do RD e presenta unha serie de definicións entre as que salientan as de “Plan de mellora da explotación” e “primeira instalación” pola súa importancia nesta norma, así como a de “explotación agraria prioritaria”, que ven definida de acordo co establecido na Lei 19/1995, de 4 de xullo.

Os plans de mellora das explotacións son aqueles “investimentos que, con carácter anual ou plurianual e con planeamentos técnicos, económicos e financeiros adecuados, proxecta introducir o titular da explotación agraria para a súa modernización e mellora da súa estrutura”.

A norma considera primeira instalación tanto “aquela na que un novo accede por primeira vez á titularidade, exclusiva ou compartida, dunha explotación agraria prioritaria ou á calidade de socio dunha entidade titular dunha explotación prioritaria de carácter asociativo”, como “a realizada por un agricultor novo nos demais supostos que, en desenvolvemento da presente norma, se contemplan”.

Para a consideración dunha explotación agraria como prioritaria, este RD, de acordo coa Lei 19/1995, establece os seguintes requisitos:

- que posibilite a ocupación de, ó menos, unha unidade de traballo agrario, e que a renda unitaria de traballo sexa igual ou superior ó 35% da renda de referencia e inferior ó 120% da mesma, sen prexuízo do disposto en la disposi-

ción transitoria única da Lei 19/1995, e na que o seu titular sexa unha persoa física que reúna os requisitos de profesionalidade, capacitación agraria suficiente, ter entre 18 e 75 anos, estar dado de alta na Seguridade Social e residencia na comarca onde radique a explotación.

- En caso de matrimonio, a titularidade da explotación prioritaria poderá corresponder, ós efectos indicados, a ambos cónxuxes, sendo suficiente que un deles reúna os devanditos requisitos.

- As explotacións agrarias que pertencen a unha comunidade hereditaria e sobre as que exista pacto de indivisión por un período mínimo de seis anos, se considerarán como explotacións prioritarias, sempre que a explotación e, ó menos, un dos partícipes na comunidade cumpran os requisitos sinalados no primeiro punto. O período de indivisión contarase a partir da cualificación da explotación como prioritaria.

- Terá tamén a consideración de prioritaria a explotación agraria na que a súa renda unitaria de traballo sexa igual ou superior ó 35% da renda de referencia e inferior ó 120% da mesma, que posibilite a ocupación de, ó menos, unha unidade de traballo agrario e que o seu titular sexa unha persoa xurídica que responda a calquera das alternativas seguintes:

a) Ser sociedade cooperativa de explotación comunitaria da terra ou de traballo asociado dentro da actividade agraria.

b) Ser sociedade cooperativa, sociedade agraria de transformación, sociedade civil ou sociedade mercantil que, en calquera caso, cumpra os requisitos sinalados nun dos tres puntos seguintes:

1º. Que, ó menos, o 50% dos socios cumpran os requisitos esixidos ó agricultor profesional, en canto a procedencia de rendas e dedicación ó traballo.

2º. Que os dous tercios dos socios que sexan responsables da xestión e administración cumpran os requisitos esixidos ó agricultor profesional, e que dous tercios, ó menos, do volume de traballo desenvolvido na explotación sexa aportado polos socios que cumpran os requisitos sinalados.

3º. Que a explotación da que sexa titular se constitúa agrupando, ó menos, dúas terceiras par-

tes da súa superficie baixo unha soa linde, sempre que a superficie aportada por un só socio en ningún caso supere o 40% da superficie total da explotación e, ó menos, un socio cumpra as esixencias de procedencia de rendas e dedicación de traballo.

- Cando o titular da explotación prioritaria sexa unha sociedade civil, laboral ou outra mercantil, as súas accións ou participacións sociais deberán ser nominativas e, no caso de que non se trate dunha sociedade agraria de transformación, terá por obxecto exclusivo o exercicio da actividade agraria na explotación da que sexa titular e máis do 50% do capital social, de existir este, deberá pertencer ós socios que reúnan os requisitos de procedencia de rendas e dedicación de traballo esixidos ós agricultores profesionais.

- Considéranse rendas procedentes da explotación as remuneracións que devenguen os socios polo seu traballo na explotación, as contraprestacións pola cesión á mesma de terra ou outros medios de produción e polas súas contribucións ó capital social e as súas respectivas participacións nos resultados positivos da explotación.

- Terán a consideración de prioritarias, as explotacións ás que resulte de aplicación o disposto na disposición final terceira de la Lei 19/1995: “territorios con insuficiencias estruturais”.

O Capítulo II refírese ás liñas de axudas e indica que estas se aplicarán ós investimentos nas explotacións agrarias mediante plans de mellora e á primeira instalación de agricultores novos.

O capítulo divídese en catro seccións. Da primeira, que trata os investimentos nas explotacións agrarias, cómpre salientar que as axudas se destinarán ós investimentos contemplados nun plan de mellora da explotación para

- mellora das condicións de vida e traballo dos agricultores e dos empregados da explotación;

- mellora cualitativa e ordenación de producións en función das necesidades de mercado e, no seu caso, con vistas á adaptación ás normas comunitarias de calidade, así como para a diversificación das actividades agrarias;

- adaptación das explotacións con vistas a

reduci-los custos de produción, aforrar enerxía ou auga, ou a incorporación de novas tecnoloxías;

- cumprimento das normas mínimas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais;

- mellora das condicións de hixiene das explotacións gandeiras e de benestar dos animais, a protección e mellora do solo, da cuberta vexetal e do medio ambiente;

- compra de terras para adecua-la estrutura productiva da explotación.

A sección segunda, que trata dos agricultores novos, establece os requisitos que hai que cumprir para poder recibir este tipo de axudas:

- posuír un nivel de capacitación suficiente, ou comprometerse a adquirilo nun prazo de dous anos dende o momento da instalación;

- instalarse nunha explotación que requira un volume de traballo equivalente ó menos a unha UTA ou comprometerse a adquirilo nun prazo máximo de dous anos dende o momento da súa instalación;

- comprometerse a exercer-la actividade agraria ó longo de cinco anos, contados dende o momento da concesión da axuda;


- manter ou fixa-la súa residencia na comarca onde radique a explotación ou nas comarcas limítrofes, salvo causa de forza maior ou necesidade apreciada pola C.A.;

- cumprimento das normas mínimas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais, no momento da concesión desta axuda ou nun prazo máximo de dous anos dende a instalación do novo;

- ter menos de corenta anos de idade no momento da concesión da axuda.

A concesión desta axuda esixirá a presentación dun plan de explotación que reflicte o grao de viabilidade económica e a situación da explotación na que quede instalado e prevea para o mesmo unha renda procedente da explotación, medida en termos de marxe neto, igual ou superior ó 35% da renda de referencia. No caso de que o novo presente un plan de mellora, non se requirirá este plan de explotación.

A sección terceira reflicte que a concesión



das axudas nacionais ós investimentos en plans de mellora destinados a adecua-la base territorial da explotación concederáse tanto a titulares de explotacións co obxectivo de que as mesmas podan acada-la consideración de prioritarias, como ós “pequenos agricultores que sexan titulares dunha explotación agraria prioritaria para a adquisición de terras integrantes da devandita explotación que veñan cultivando en réxime de arrendamento, sempre que, trala adquisición manteña a súa condición de prioritaria”.

Na sección cuarta “Axudas territoriais contempladas nos programas operativos”, se recolle que serán computables as axudas reguladas polas CC.AA. que estean incluídas nos seus programas operativos integrados ou programas de desenvolvemento rural acollidos ó financiamento do FEOGA no marco do Regulamento (CE) 1257/1999 do Consello, que cumpran estas condicións:

- axudas ós agricultores profesionais para a construción, adquisición ou acondicionamento da vivenda que constitúa a súa residencia habitual e estea vinculada ás dependencias destinadas a atende-las necesidades derivadas das actividades agrarias;

- axudas ós agricultores profesionais, ás explotacións asociativas prioritarias e ás agrupacións nas que ó menos o 50% dos seus membros sexan agricultores profesionais. Estas axudas destinaranse a investimentos para a prestación de servizos a terceiros na actividade agraria;

- atendendo a determinadas condicións, se poderán outorgar axudas a agricultores que realizan investimentos nas súas explotacións para a mellora do regadío;

- axudas ás agrupacións agrarias que teñan como obxectivo a creación de servizos de substitución nas explotacións do seus socios. Esta axuda destinarase a contribuír á cobertura dos gastos de xestión, funcionamento e posta en marcha orixinados na fase inicial do servizo;

- axudas ás agrupacións agrarias que teñan como obxecto a creación ou o incremento de servizos de axuda á xestión das explotacións dos seus socios, destinadas a contribuír á cobertura dos custos de aqueles;

- axudas ós investimentos colectivos levan-

dos a efecto conxuntamente por varios titulares de explotacións agrarias para a satisfacción de necesidades comúns, sen prexuízo da execución material por terceiros da obra ou mellora obxecto do investimento;

- axudas á cualificación profesional agraria, mediante cursos e seminarios, así como estancias de formación e de aprendizaxe práctico efectuadas en empresas e institucións públicas ou privadas.

No concernernte ó Capítulo III, financiamento e tramitación das axudas, cómpre salientar que “as actuacións previstas na presente norma son cofinanciadas polo FEOGA, a Administración Xeral do Estado e a das Comunidades Autónomas, conforme ós Programas Operativos aprobados pola Comisión da Unión Europea”, sen “prexuízo da aplicabilidade directa dos Regulamentos Comunitarios”. O volume máximo das axudas a conceder polas CC.AA. se “determina de conformidade cos recursos económicos consignados” nos Programas Operativos aprobados pola Comisión da UE para o período 2000-2006.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación financiará o 50% das axudas previstas en canto a investimentos nas explotacións agrarias mediante plans de mellora, e na primeira instalación de agricultores novos, así como os correspondentes ás medidas de desenvolvemento rural prevista na sección 4ª do Decreto, nas condicións alí especificadas. As CC.AA. poderán complementa-la parte das axudas non financiada con cargo ós Presupostos Xerais do Estado.

O MAPA e as CC.AA. poderán establecer procedementos de coordinación y de avaliación que garantan o cumprimento dos obxectivos deste Real Decreto e dos requisitos da normativa comunitaria, así como os mecanismos de compensación financeira entre ámbalas dúas Administracións para, sobre exercicios pechados, cumpra-la porcentaxe do 50% ou, no seu caso, o que proceda en aplicación do correspondente Programa Operativo aprobado por la Unión Europea e as súas modificacións.

As contribucións do FEOGA corresponden-

5.34.

Axudas reguladas polo Real Decreto 613/2001: orixe e aplicación

	Galicia	España	G/E
	<i>(en millóns de €)</i>		<i>(%)</i>
Axuda total	195,03	1.578,37	12,36
Procedencia FEOGA	117,02	877,61	13,33
Procedencia Nacional	78,01	700,76	11,13
Distribución da axuda			
Comunidades de Obxectivo nº1	195,03	1.199,77	16,26
Comunidades fóra do Obxectivo nº1	-	345,87	-
Cantabria	-	32,73	-
En Plans de mellora	117,02	979,85	11,94
En instalación de xoves agricultores	78,01	598,52	13,03
Investimentos totais obxectivo de apoio	433,40	3.507,49	12,36
En Plans de mellora	260,05	2.177,44	11,94
En instalación de xoves agricultores	173,35	1.330,05	13,03
Indicadores de axuda			
Axuda media anual	27,86	225,48	12,36
Axuda / Investimento total (%)	45,00	45,00	

Fonte: Gonzalo Fernández, *Economía rural y agraria en Galicia 2002*.

tes ós pagos efectuados por estas axudas se distribuirán conforme á participación financeira anual de cada Administración e os respectivos Programas Operativos aprobados e as súas modificacións.

Ademais destes tres capítulos, o presente RD ten oito disposicións adicionais, tes disposicións transitorias, unha derogatoria e tres disposicións finais.


No concernernte ó significado e obxectivos das distintas axudas, o anexo I afirma que “poderán excluírse deste réxime de axudas os investimentos que aumenten a produción sen saídas normais no mercado. En todo caso, serán de aplicación as limitacións á produción, investimentos ou axudas reguladas nas OCM.

Os investimentos previstos en aqueles sectores para os que se estableceran cotas, primas ou calquera outros dereitos de produción, serán auxiliares sempre que se acredite á súa finalización a dispoñibilidade dos mesmos en contía suficiente.


Tendo en conta as axudas reguladas polo RD 613/2001, o **cadro 5.34.** reflicte a súa orixe e a súa asignación, tanto en Galicia como no conxunto do Estado. No período 2000-2006 o investimento total obxecto de apoio ascende a 433,4

millóns de euros (o 12,4% do total estatal), dos que 260 millóns de euros corresponden a plans de mellora (o 11,9% do investido en España neste concepto), e 173,4 millóns de euros a investimentos en instalacións de novos agricultores (o 13,0% do total estatal).

O cofinanciamento mediante axudas do FEOGA, da Administración Central e da Comunidade Autónoma supoñen o 45% do total. Tal e como reflicte o devandito **cadro 5.34.**, en Galicia a axuda procedente do FEOGA ascende a 117,02 millóns de euros (representa o 13,3% do total estatal) e as axudas das administracións españolas acadan os 78.01 millóns de euros (o 11,1% do total). ■



O SUBSECTOR AGROGANDEIRO E FORESTAL E O MEDIO AMBIENTE



capítulo que estudia a relación do medio ambiente e a actividade agrogandeira e forestal estrutúrase en catro grandes partes. En primeiro lugar, preséntase o *Plan de xestión de residuos agrarios*, aprobado polo Consello da Xunta o 9 de novembro de 2000, que nace como consecuencia da necesidade dunha xestión integral dos residuos xerados no ámbito agrícola e gandeiro.

Posteriormente, analízase o *Código galego de boas prácticas agrarias*, aprobado pola Orde do 7 de setembro de 1999, que propón unha serie de medidas prácticas tendentes a reduci-la contaminación por nitróxeno á que pode dar orixe as diferentes liñas de produción agrícola e gandeira. Cómpre salientar que o cumprimento das medidas propostas ten o carácter de voluntario.

En terceiro lugar, preséntanse unha serie de datos estatísticos sobre os usos da auga no sector agrario en 1999 (último dato dispoñible), a evolución do emprego da mesma na agricultura entre 1997 e 1999, e sobre as substancias contaminantes no sector agrogandeiro e forestal (1995-1998).

As fontes estatísticas empregadas son a *Encuesta sobre el uso del agua en el sector agrario*, *Las cuentas satélite del agua en España* e *Las cuentas satélite sobre emisiones atmosféricas*, todas elas do INE.

O derradeiro apartado dedícase ós espazos naturais protexidos no ámbito da comunidade autónoma galega.

Plan de xestión de residuos agrarios de Galicia

Co fin de reduci-lo consumo excesivo de recursos naturais e evita-la contaminación, promóvese o desenvolvemento do concepto de xestión do ciclo vital dos produtos e os procesos, o uso das tecnoloxías máis limpas e a substitución de determinados procesos e substancias por outros menos perigosos do modo máis eficaz en función do custo.

• Principios xerais do Plan

A prevención, a valorización e a eliminación controlada son, por esta orde, os tres principios

xerais polos que se rexe o Plan. Tal e como recolle a estratexia comunitaria de xestión de residuos, a prevención/redución redundará nun aforro de materias primas e nunha redución dos volumes finais de residuos que se traten. Para acadar este obxectivo o Plan considera de fundamental importancia os labores de educación e sensibilización ambientais.

O Plan trata de fomenta-la valorización de residuos –entendida como o aproveitamento dos recursos contidos nos mesmos para a súa utilización como insumo, ben neste, ben nun novo proceso de produción– co fin de reduci-la cantidade destes destinada á eliminación, e economizar recursos naturais, por medio da reutilización, reciclaxe, compostaxe e recuperación de enerxía dos residuos, por esta orde.

No concernente á aplicación práctica deste principio, o Plan reflicte como actuacións concretas a aplicación agrícola dos esterco e xurros que a superficie agraria de Galicia sexa capaz de asimilar (supón un aforro equivalente no uso de fertilizantes minerais), o tratamento ambientalmente correcto dos excedentes de xurro que non poidan reutilizarse directamente como fertilizante agrícola, e a xestión dos residuos agrarios non orgánicos.

As medidas de eliminación controlada quedan relegadas a aquelas situacións nas que a valorización dos materiais non orgánicos a xestionar non sexa posible. En todo caso, estableceranse as condicións para a súa eliminación, sen pór en perigo a saúde humana e sen utilizar métodos que poidan causar prexuízos ó medio ambiente.

O Plan reconece a necesidade dunha participación activa de tódolos axentes económicos implicados nos obxectivos da xestión de residuos agrarios. En primeiro lugar, segundo o principio de quen contamina paga e de autosuficiencia, os gandeiros e agricultores como axentes directamente involucrados. Xunto a eles, seguindo os principios de responsabilidade compartida e de subsidiariedade e proporcionalidade, os poderes públicos, as empresas, tanto públicas como privadas, e as organizacións de protección do ambiente.

Asemade, cómpre salientar que, segundo o principio de proximidade, o plan indica que os residuos se han de eliminar nun dos centros adecuados máis próximos.

Para a consecución destes fins, o Plan considera que cómpre preve-la necesidade de:

- Divulgar e educar ós axentes xeradores de residuos agrarios naquel tipo de manexo que supoña un menor consumo de materias e unha menor xeración de residuos.

- Aproveitamento dos recursos e estrutura de persoal da Xunta en contacto directo coa realidade do agro galego, posibilitando unha máis sinxela e rápida implantación das actuacións previstas.

- Promoción das iniciativas particulares.

- Respecto á paisaxe e ós espazos naturais, con especial atención dos protexidos.

- A selección da alternativa máis adecuada de xestión de residuos debe ter en conta tanto os criterios económicos coma os ambientais, na procura dun desenvolvemento sostible.

• *Obxectivos do Plan*

En relación ós obxectivos do Plan, o seu obxectivo principal é xestionar adecuadamente os residuos xerados na actividade agraria, definindo para iso unhas directrices básicas de actuación e a implantación das melloras necesarias para atinxir tal obxectivo.

O Plan establece as **etapas** para a consecución deste obxectivo global:

- Definición e cuantificación da gandería e agricultura galegas involucradas na produción de residuos.

- Identificación e cuantificación dos impactos ambientais das actividades gandeiras no seu contorno.

- Análise das distintas alternativas de xestión, para posteriormente escolle-la máis adecuada tendo sempre en conta tanto os criterios ambientais coma os económicos.

- Análise do aproveitamento dos recursos contidos nos xurros, ben coma fertilizantes ou ben en forma de enerxía.

- Avaliación das necesidades económicas

Plan de Xestión de Residuos Agrarios de Galicia

Residuo	Metas
Xurros	Adecuación das fosas de xurro das explotacións de gando vacún máis de 10 vacas. Eficacia estimada: 80% das explotacións. Aforro no uso de fertilizantes minerais mediante a elaboración Plans de xestión e aplicación dos xurros por explotación. Instalacións de tratamento para os excedentes de xurro.
Plástico de film	Implantación gradual en toda a Comunidade de Galicia dun sistema recollida e xestión posterior. Eficacia inicial estimada dun 60%. Estudio de viabilidade dunha pranta específica de reciclado mecánico de plástico de film.
Envases de fito/zootaxios e residuos sanitarios	Establecemento dun sistema de recollida e xestión posterior, desenvolvendo 2-3 campañas anuais de recollida por puntos. Eficacia media estimada dun 75% na recollida.
Desenvolvemento normativo	Entrada en vigor de normativa específica reguladora dos ambientais e hixénico-sanitarios das explotacións gandeiras.
Formación e sensibilización	Fomenta-la aplicación do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias. Campañas de educación ambiental centradas no medio potenciando a prevención/redución na xeración de residuos. Conciencia-los agricultores e gandeiros de que o Plan non é un instrumento coercitivo da Administración. Conciencia-lo sector agrario de que a adecuada xestión dos residuos presenta vantaxes obxectivas ademais das medioambientais. Publicación de soportes divulgativos.
I + D	Prevenición da contaminación. Redución da produción de xurros. Procesos / Tecnoloxías de tratamento ou valorización.

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Plan de Xestión de Residuos Agrarios de Galicia

para a aplicación do Plan e proposta do modelo financeiro para acadar-las capitais pertinentes.

- Planificación da implantación progresiva das distintas actuacións do Plan.
- Desenvolvemento dun borrador normativo adicional, para completa-lo marco xurídico da produción e xestión dos residuos agrarios.

Con todo isto preténdese a consecución das metas que se detallan no **cadro 5.35**.

A situación ambiental de Galicia vese influenciada de xeito importante por unha serie de afeccións ambientais derivadas da actividade agraria. O **cadro 5.36**. reflicte os efectos ambientais máis importantes, así como a causa dos mesmos, a situación actual e as actuación específicas recollidas no plan.

O plan recolle que os cambios acontecidos nos sistemas de produción, pasando dunha produción de subsistencia a unha produción máis intensiva, condicionaron e modificaron o uso das prácticas tradicionais de xestión de residuos,

dando lugar a unha situación na que cómpre salientar, de forma xeral, as seguintes realidades:


- As explotacións gandeiras de vacún teñen base territorial propia que as veces resulta insuficiente para absorber-las cantidades de residuos procedentes das dexestións dos animais estabulados.
- Tendencia á concentración das explotacións, o que aumenta os riscos de contaminación nestas áreas. Así, hai que sinala-la diminución de vacas de carne distribuídas por toda a xeografía galega, e o aumento de vacas de leite que se foron concentrando nas mellores zonas de prados e cultivos forraxeiros sen que a penas aumentara a superficie destes, provocando o aumento da carga gandeira (UGM/ha) e a diminución da superficie dispoñible para o reparto de xurro. Á súa vez, a xeración de xurro aumentou como consecuencia do incremento da capacidade productiva das vacas.
- Nas explotacións sen base territorial suficiente, increméntase o custo de distribución dos xurros, debido ás maiores distancias a percorrer.
- As fosas para a almacenaxe do xurro están

5.36.

Plan de Xestión de Residuos Agrarios de Galicia

Efecto ambiental	Causa	Situación actual	Actuación específica no plan
Desprendemento de gases e malos cheiros.	Compostos xofrados e amoniacais xerados durante a almacenaxe dos xurros.	Problemas puntuais de cheiros durante a almacenaxe e a posterior aplicación.	Establecemento de distancias mínimas de aplicación. Datas e sistemas de distribución e almacenaxe.
Eutrofización das augas.	Incremento de nutrientes, especialmente de nitróxeno e fósforo, por escorrentías e infiltración nas augas subterráneas dos nutrientes de fertilizantes minerais e xurros.	Problema real na actualidade en determinadas zonas de Galicia e potencialmente importante no resto, polo uso excesivo de fertilizantes minerais e a aplicación inadecuada de xurros.	Redución en orixe. Adecuación das fosas de almacenaxe de xurro. Aplicación de plans de xestión e aplicación de xurros por explotación. Tratamento específico dos excedentes de xurro. Establecemento de distancias mínimas de aplicación.
Diminución do osixeno disolto e contaminación microbiolóxica das augas.	Alta carga orgánica e microorganismos presentes nos xurros, que poden chegar ás augas por vertidos incontrolados, escorrentía e/ou infiltración.	Problemas puntuais de contaminación microbiolóxica. Importante risco sanitario pola importante existencia de pozos e mananciais de abastecemento sen analíse.	Redución en orixe. Adecuación das fosas de almacenaxe de xurro. Aplicación de plans de xestión e aplicación de xurros por explotación. Establecemento de distancias mínimas de aplicación. Tratamento específico dos excedentes de xurro. Instalación de depuradoras
Cambios na permeabilidade e estrutura dos solos e acumulación potencial de compostos nocivos.	Exceso de xurro aplicado no solo e formación de cascás superficiais.	Problemas puntuais e esporádicos, sen importancia real na actualidade.	Aplicación de plans de xestión e aplicación dos xurros por explotación. Tratamento específico dos excedentes de xurro.
Contaminación microbiolóxica e risco hixiénico-sanitario.	Eliminación incontrolada de animais mortos	Enterramentos de vacuín en condicións inadecuadas, eliminación incontrolada de cadáveres de aves.	Control do cumprimento das condicións hixiénicas adecuadas. Desenvolvemento normativo.
Deterioro progresivo e acumulativo do contorno. Contaminación de augas e solos e risco hixiénico-sanitario	Vertido incontrolado de plástico de film, envases de fito/zootosanitarios e residuos sanitarios. Uso inadecuado e vertido incontrolado de envases de fito/zootosanitarios e residuossanitarios.	Deposición inadecuada nas explotacións e vertidos puntuais reparados por toda Galicia.	Establecemento de circuitos de recollida para posterior tratamento por xestores autorizados.

Fonte: *Consellería de Medio Ambiente, Plan de Xestión de Residuos Agrarios de Galicia*



infradimensionadas na maioría das explotacións, presentando en moitos casos problemas de permeabilidade. Á vez, a falta de cubertas provoca a conseguinte entrada de augas pluviais, sendo receptoras tamén de augas residuais de leiterías, etc. O escaso tamaño das fosas, xunto coas elevadas dilucións do xurro, fan necesario o baleirado en épocas innecesarias ou mesmo desfavorables para os ciclos vexetativos, mentres que nas épocas nas que se precisa unha achega maior é frecuente a insuficiencia do xurro dispoñible, polo que se acode ós fertilizantes minerais.

- A mecanización agraria, o uso de produtos químicos, plásticos de ensilado e de invernoiro e residuos de envases, algún deles con carácter perigoso, levan consigo a xeración de residuos non valorizables directamente na propia explotación.

Como complemento a estas características xerais da situación galega, os datos das enquisas realizadas confirman que:

- A nivel do conxunto da Comunidade Autónoma, as explotacións de vacún dispoñen de SAU na que repartí-lo xurro que producen. Sen embargo, onde as explotacións teñen menos SAU, a carga de UGM por hectárea é superior á aconsellable. Municipios como Mesía, Silleda, Dozón ou Portomarín superan os 250 kg N/ha SAU-ano. A práctica habitual no caso de porcino e aves é a cesión do xurro e a galiñaza a agricultores e gandeiros da zona que dispoñen de terra onde aplicalos.

- Malia que actualmente a variedade é o habitual en canto ó tipo de explotación e de limpeza, obsérvase unha tendencia nas novas explotacións a diminuí-lo pastoreo, construíndo grandes cortes nas que o vacún permanece practicamente todo o día.

- Practicamente tódalas augas xeradas na explotación van parar á fosa de xurro.

- O infradimensionamento das fosas de xurro é máis evidente canto máis antiga é a data da súa construción. O tipo de fosa máis xeral é a que non dispón de ningún tipo de cubrición, seguida de aquelas totalmente pechadas e con arquetas para a extracción dos xurros (estas últimas máis frecuentes no caso de porcino).

- En xeral non se segue unha planificación

axeitada para o esterco dos cultivos en función das súas necesidades, debido a unha mala adecuación das infraestructuras das explotacións.

- Non existe constancia, por parte dos agricultores e gandeiros, da perigosidade potencial doutro tipo de residuos xerados na explotación e da súa necesidade dunha xestión correcta, como no caso dos residuos non orgánicos xerados como consecuencia da actividade productiva da explotación.

• *Alternativas de xestión*

No concerne ás alternativas de xestión dos residuos consideradas no Plan, cítanse as principais alternativas de xestión. No caso das alternativas na xestión dos xurros, o plan concibe, como obxectivo indiscutible e como primeira opción, a redución da cantidade de residuos producidos mediante o cambio nas prácticas de explotación ou procesos.

O resto das opcións son a valorización mediante aplicación directa dos xurros e esterco como fertilizantes para os cultivos, a obtención de compost a partir de combinacións de residuos orgánicos, a valorización mediante instalacións de tratamento e redución dos xurros, a valorización enerxética dos xurros e a eliminación mediante depuración dos efluentes contaminantes previa ó vertido, ben á rede de saneamento ou á rede hidrolóxica. Entre estas opcións, as máis axeitadas serán as que acadan minimiza-lo impacto ambiental e o custo, maximiza-lo aproveitamento dos recursos contidos nos residuos, e a maior aceptación social e facilidade de aplicación e mantemento do sistema de xestión.

O Plan resume as alternativas para a xestión dos excedentes de xurro en tres opcións: arranxo das fosas de xurro de cada explotación, fosas de almacenaxe colectiva e plantas de tratamento dos xurros. Asemade, reflicte as vantaxes e inconvenientes destas alternativas (**cadro 5.37.**).

En relación ás principais alternativas na eliminación dos restos de animais, o **cadro 5.38.** amosa as tres alternativas consideradas, así como as súas principais vantaxes e inconvenientes.

5.37.

Alternativas na xestión de xurros: vantaxes e inconvenientes das alternativas consideradas

Solución formulada	Vantaxes	Inconvenientes
Arranxo das fosas individuais	-Continuación das prácticas habituais dos gandeiros, introducindo cambios operativos en canto á xestión. -Mellora das infraestruturas de cada explotación, para beneficio particular de cada gandeiro implicado. -Aforro en fertilizantes minerais.	-Investimento importante que ten que asumir cada titular afectado. -Dificultade de control da xestión do xurro por parte dos organismos competentes.
Fosas de almacenaxe colectiva	-Menor investimento inicial por explotación. -Flexibilidade en canto a dimensionamento e protocolos de funcionamento, fronte a posibles cambios. -Maior facilidade de control por parte dos organismos competentes. -Xeración dunha dinámica de traballo colectiva (procura de solucións conxuntas, intercambio de información, etc.). -Aforro en fertilizantes minerais.	-Necesidade de articular un mecanismo de coordinación global entre os gandeiros e agricultores implicados. -Custo de transporte. -Necesidade de control operacional: articulación dun mecanismo de operación e control específico para cada instalación, establecendo condicionantes, protocolos de funcionamento, etc. -Custo de mantemento: retirada periódica de lodos, etc.
Planta de tratamento	-Posibilidade de xestión independente dos produtores de xurro, por un equipo especializado. -Xeración de postos de traballo. -Obtención de ingresos por aproveitamento dos recursos do xurro.	-Forte investimento inicial. -Importante Custo de operación e mantemento. -Control das características do xurro á entrada do proceso. Necesidade de negociar con cada gandeiro a posibilidade de achega. -Necesidade dun estricto control ambiental da planta.

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Plan de Xestión de Residuos Agrarios de Galicia

5.38.

Vantaxes e inconvenientes de diferentes sistemas de eliminación dos cadáveres


Sistema de eliminación	Vantaxes	Inconvenientes
Fornos crematorios	Eliminación total dos cadáveres e das enfermidades ou parásitos. Admisión de cantidades importantes de residuos. Redución da cantidade de residuos xestionar con posterioridade.	Xeración de cinzas a depositar en vertedoiro controlado. Molestias por cheiros. Posibles problemas coa normativa de emisións de gases e partículas á atmosfera. Investimento e custo altos se non se asegura unha canle de achega de cadáveres.
Enterramento en fosa estanca con adición de cal vivo	Eliminación dos cadáveres e das enfermidades e parásitos. Investimento relativamente baixo.	Ocupación permanente de terreos, dificilmente reintroducibles a posteriori no mercado inmobiliario. Posible migración de contaminantes se non se fai un deseño e manipulación axeitados.
Eliminación con ácidos e lixivias	Eliminación total dos cadáveres e das enfermidades e parásitos.	Manipulación perigosa. Xestión de custo elevado. Precisase unha fosa impermeabilizada e estanca.

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Plan de Xestión de Residuos Agrarios de Galicia

No caso da xestión global dos residuos de carácter non orgánico, as opcións resúmense no establecemento dun sistema de recollida controlada e posterior entrega a xestor autorizado. Esta recollida e xestión dos residuos xerados en explotacións agrícolas e gandeiras como consecuencia da súa actividade, é responsabilidade dos propios gandeiros e agricultores, así como dos axentes

económicos responsables da posta no mercado dos produtos asociados a esta actividade.

Co fin de potenciar, promover e velar pola existencia de vías de recollida e xestión adecuadas, o Plan inclúe o establecemento de sistemas de recollida e xestión de residuos sanitarios, envases de fitosanitarios e zoonosanitarios, e plásti-



co de filme. Estas actividades serán promovidas dende os organismos públicos competentes, no marco de desenvolvemento do presente Plan.

• *Plan de actuación*

Tendo en conta a necesidade de coordinación e supervisión de tódolos programas de actuación previstos, o Decreto 72/1998, do 30 de xaneiro, crea o Comité Galego de Integración e Coordinación Ambiental. Este comité, dependente da Consellería de Medio Ambiente, funciona como órgano consultivo en materia de medio ambiente, con carácter administrativo, promovendo e impulsando a coordinación administrativa de tódalas actuacións sectoriais tanto a nivel autonómico coma local.

Para impulsa-la adopción de acordos cos distintos axentes implicados o Plan indica que se creará unha Comisión Coordinadora de Residuos Agrarios. Ademais, será a encargada de comprobar que as distintas medidas se leven a cabo e, en caso contrario, informar e atopar solucións apropiadas.

O obxectivo final é o de coordina-las actuacións que se leven a cabo polas distintas administracións en materia ambiental no medio rural.

Tendo en conta a orde de prioridades establecida nos principios xerais do Plan, este describe os programas concretos en materia de xurros, plástico de filme, envases de fitosanitarios e zoonosanitarios, residuos sanitarios, cadáveres de animais, formación e sensibilización, I+D, e desenvolvemento normativo.

No que ó programa de **xestión dos xurros** se refire, pártese da base de que o emprego dos propios recursos da explotación diminúe o consumo de insumos externos, mellorando así a marxe económica das explotacións, ademais dos beneficios ambientais que isto implica.

Comparando a demanda de nitróxeno dos cultivos coa produción por parte do gando, pódese comprobar que son localizados os casos en que hai un exceso de nitróxeno producido con

respecto ó demandado. Dos 315 concellos de Galicia só son excedentarios en nitróxeno 32 (Mesía, Frades, A Capela, Curtis-Teixeiro, Monfero, Santiso, Sobrado e Tordoia, na provincia de A Coruña; Portomarín, Paradela, Barreiros, A Pastoriza e Meira, en Lugo; Ribadavia, A Rúa, Castrelo de Miño, Cenlle, Maceda, A Peroxa e Vilar de Santos, en Ourense, e Dozón, Tomiño, Salvaterra de Miño, Silleda, Barro, Cambados, Lalín, Moraña, Pontearreas, Rodeiro, O Rosal e Tui, en Pontevedra), acadándose o equilibrio en tres (Touro, en A Coruña, e en Chantada e Sarria, en Lugo).

O Plan enumera tres medidas que se consideran fundamentais para permiti-lo desenvolvemento das explotacións gandeiras en Galicia cunha xestión sustentable dos residuos que xeran de acordo cos principios xerais:

- Fomento da mobilidade das terras agrarias mediante unha lexislación adecuada;
- Fomento dunha normativa que permita a forestación de terras sen que provoque perda da SAU;
- Fomento dunha ordenación do territorio que contemple o desenvolvemento agrícola e gandeiro.

Entre as técnicas dispoñibles no mercado para a eliminación dos excesos de xurros o Plan salienta a produción de metano a través de plantas de biogás, a produción de compost, a coxeración, a depuración ou unha combinación das anteriores.

No concerne ós programas de xestión de residuos non valorizables nas explotacións, os **plásticos de filme** empregados nas actividades de ensilado e cultivo en invernadoiros son reutilizados ata o momento no que perden as características necesarias para cumprir coa súa función.

Antes de establecer un sistema de recollida e xestión deste tipo de plástico, o Plan considera necesario ratificar e coñecer *in situ* o comportamento e a resposta dos afectados neste caso. O seguimento da planificación das actuacións de recollida, que se realizarán de xeito gradual e progresivo, se fará tendo en conta a análise da:

- Cantidade de plástico recollido.
- Resposta dos agricultores e gandeiros.
- Problemas asociados á recollida.
- Calidade do material recollido.
- Posibilidade de reciclaxe posterior.

En base ós criterios de seren áreas con uso predominante dun tipo de plástico de filme (invernadoiro, ensilado), da implantación nas cooperativas ou entidades agrarias da zona, e a súa accesibilidade, a implantación inicial deste sistema se realizará no eixo Ferrol-Arteixo, a zona de Ribadeo e a comarca de Ordes.

Os esforzos de redución dos residuos de **envases de fitosanitarios e zosanitarios** deben encamiñarse cara á limitación destes produtos, contribuíndo á redución dos niveis de substancias tóxicas aplicadas. Para que estes esforzos teñan éxito, son necesarias as campañas de formación, información e sensibilización.

As dúas actuacións que hai que desenvolver para garanti-lo cumprimento dos obxectivos establecidos na Lei 11/1997, de envases e residuos de envases, son o deseño dun sistema de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos xerados, e a promoción dun sistema integrado de xestión para este tipo de envases.

En canto ó deseño da loxística de recollida dos envases, as actuacións a desenvolver son o establecemento dunha rede de depósitos e almacenaxe temporal distribuída no ámbito territorial, aproveitando a infraestrutura existente mediante cooperativas e/ou asociacións agrarias, e o establecemento de campañas de recollida específicas (2-3 campañas ó ano), centralizadas nestas cooperativas.

O almacenamento temporal de residuos considerados como perigosos implica unha autorización administrativa previa, polo que a súa tramitación será o primeiro paso para as entidades seleccionadas.

A xestión dos **residuos sanitarios** pasa polo establecemento dunha sistemática de recollida e xestión por parte dun xestor autorizado. Nas coo-

perativas seleccionadas para a recollida de plástico de filme dispórase, en principio, dun mínimo de tres bidóns axeitados para a deposición destes residuos, para posteriormente amplíalos puntos de recollida en función da demanda concreta de cada zona.


O Plan recolle que se promoverá a inclusión das prácticas de recollida e xestión de residuos sanitarios dentro de sistemas integrados de xestión xa en marcha como o SIGRE, formado por fabricantes de medicamentos.

Un último aspecto a tratar dentro da análise do programa de xestión de residuos non valorizables nas explotacións é o relativo ós **cadáveres de animais**. O plan parte da consideración de que a medicina preventiva, así como unha mellora nas condicións hixiénicas xerais e un manexo adecuado da explotación gandeira, redundarán nunha mellor sanidade da facenda e consecuentemente nun menor número de baixas.

No caso dos animais mortos, os responsables das explotacións deberán especificar lugar e solución proposta para a eliminación destes animais. Os tres medios propostos para a devandita eliminación son as fosas de enterramento, fornos crematorios e vertedoiros controlados ou instalacións similares. O plan sinala que as principais anomalías detectadas na actualidade respecto á eliminación destes residuos se localizan nas explotacións avícolas.

No concernente ó programa de **educación e sensibilización ambiental**, o obxectivo xeral deste programa é conseguir nos responsables das explotacións un nivel adecuado que permita a aplicación do Plan. Dun xeito máis concreto, os obxectivos que se pretenden son:

- Fomenta-la aplicación do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias.
- Identificación da diferenza entre o xurro utilizado como fertilizante e o exceso de xurro que non se aproveita, ou ben que se aplica cando no se debe (xurro como residuo), non é aproveitado pola terra e pode producir episodios contaminantes máis ou menos graves.
- Comprensión da necesidade de que se xes-



tionen dun xeito específico os residuos con certa perigosidade para o medio ambiente, e incluso para a súa propia explotación.

- Concienciar de que o Plan non é un instrumento coercitivo da administración, senón un xeito de contribuír á mellora da calidade e do rendemento das explotacións.

- Concienciar de que a adecuada xestión dos residuos presenta vantaxes obxectivas para a propia explotación independentemente das vantaxes medioambientais xerais.

Estes programas de formación comprende tres liñas de actuación diferenciadas, pero necesariamente complementarias: As accións de sensibilización, mediante campañas publicitarias e campañas específicas mediante correo ós potenciais destinatarios; accións formativas, a través de charlas informativas e visitas personalizadas por equipos especializados; e as accións avaliativas das intervencións educativas, realizadas a través dos instrumentos aplicados polos formadores en cada intervención para medir o impacto das mensaxes transmitidas, dos cuestionarios a cubrir polos destinatarios despois de cada intervención e, finalmente, a avaliación da penetración das intervencións medidas un tempo despois por un axente externo.

No concernente ós **programas de I+D**, considérase que a aplicación das políticas de investigación, o desenvolvemento e a innovación non pode estar soamente dirixida a aumentala produción senón tamén a evita-los impactos que eses incrementos productivos teñen no ambiente, na procura dun desenvolvemento sustentable.

O programa de I+D para o sector agrario enmárcase na xestión de xurros, xa que os outros residuos ós que fai referencia o Plan (plásticos, envases, etc) deberán ser obxecto doutro tipo de investigacións por non se-la súa produción exclusiva do sector agrario.

O Plan sinala cinco liñas de investigación, que tratan de complementar e afondar nos seus obxectivos xerais: diagnóstico da situación, prevención da contaminación, redución da produción de xurros, valoración agronómica dos

xurros, e finalmente, o tratamento dos excedentes.

No que ó seu financiamento se refire, o *Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2002-2005*, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa sesión do día 14 de marzo de 2002, contén un programa sectorial, *Tecnoloxías ambientais*, que ten como finalidade favorecer-la incorporación a tódolos sectores productivos de procesos máis limpos e respectuosos co medio. Este programa considera de interese tanto aqueles proxectos relacionados coa incorporación de tecnoloxía limpas ó proceso productivo, como aqueles relacionados co tratamento de residuos e coa redución de emisións atmosféricas.

Con obxecto de garanti-lo cumprimento das directrices e mecanismos de control o Plan, establece a necesidade de incorporar un desenvolvemento normativo específico, que regule as condicións hixiénico-sanitarias e ambientais para a autorización de explotacións gandeiras de carácter intensivo.

Dada a diversidade das accións, establécese un Plan de Vixilancia e Seguimento que permita a actualización das accións previstas, adaptando iniciativas e corrixindo posibles desviacións. A Comisión Coordinadora de Residuos Agrarios de Galicia será a responsable destas labores de seguimento, e determinará en último termo en qué medida se van cumprindo os obxectivos marcados *a priori* e, en función das conclusións obtidas, propondrá as medidas correctoras que considere oportunas.

• **Planificación**

A execución das distintas actuacións do Plan esténdese ó longo dos seus cinco anos de vixencia. Dada a multiplicidade e alcance das distintas actuacións previstas, o Plan prevé ó longo do terceiro ano unha primeira revisión xeral de obxectivos e prazos, co fin de axustar e racionalizalas actuacións que se leven a cabo a partir dese momento. No quinto ano terá lugar unha revisión xeral máis polo miúdo dos obxectivos e metas.

5.39.

Seguimento e actualización da loxística establecida 2000-04

Actuación	2000	2001	2002	2003	2004
Redacción e aprobación do Plan					
Arranxo das fosas de gando vacún					
Campaña de información e tramitación de axudas					
Comezo dos traballos, ata un investimento do 20% do total plantexado					
Investimento do 20% do total plantexado (acumulado: 40%)					
Investimento do 30% do total plantexado (acumulado: 70%)					
Investimento do 30% restante					
Xestión de plástico de film					
Inicio da proba piloto. Negociación e desenvolvemento das primeiras campañas					
Análise, seguimento e actualización. Extensión a un 15% do territorio					
Análise, seguimento e actualización. Extensión a un 40% do territorio					
Análise, seguimento e actualización. Extensión a un 75% do territorio					
Cobertura total. Análise de implantación dunha planta específica de reciclado					
Xestión de envases de fito/zoosanitarios					
Inicio da proba piloto					
Promoción dun SIXRE. Extensión a toda Galicia. Seguimento e actualización					
Xestión de residuos sanitarios					
Establecemento da rede de recollida. Negociacións con SIX					
Seguimento e actualización					
Desenvolvemento normativo					
Información e análise cos axentes implicados. Preparación de Borradores					
Aprobación da normativa e entrada en vigor					
Formación e sensibilización					
Programa de I + D					

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Plan de Xestión de Residuos Agrarios de Galicia

5.40.

Investimento e custo / ano dos programas do Plan de Xestión de Residuos Agrarios de Galicia 2000-04

	2000	2001	2002	2003	2004	Total período
	(en miles de €)					
Proba piloto plásticos e envases	90,2	90,2	-	-	-	180,3
Desenvolvemento normativo	-	48,1	-	-	-	48,1
Infraestructuras plástico de film	-	46,3	-	-	-	46,3
Infraestructuras envases	-	61,9	-	-	-	61,9
Xestión plástico de film (1)	-	135,8	180,3	420,7	821,0	1.557,8
Xestión envases (2)	-	90,2	643,1	643,1	643,1	2.019,4
Educación ambiental	-	150,3	240,4	300,5	300,5	991,7
Arranxo fosas de xurro (3)	-	28.537,3	28.537,3	42.805,9	42.805,9	142.686,3
Plantas coxeneración	-	-	9.015,2	24.040,5	12.020,2	45.075,9
Plantas biometanización	-	-	6.010,1	18.030,4	12.020,2	36.060,7

(1) Levárase a xestión segundo a seguinte programación prevista: ata o 17% o ano 2001, ata o 22% o ano 2002, ata o 50% o ano 2003, e cobertura total do ámbito xeográfico galego durante o ano 2004.

(2) Posta en marcha da rede de recollida. Eficacia estimada do 75%.

(3) Para explotacións de máis de 10 vacas. Eficacia estimada do 80%. Na programación de investimentos tívoose en conta que o cumprimento do Plan polos propietarios das explotacións será gradual. Así considérase que a execución de inversións sería do 20% para o ano 2001, o 20% para o ano 2002, o 30% para o ano 2003, e o 30% para o ano 2004.

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Plan de Xestión de Residuos Agrarios de Galicia

O **cadro 5.39.** resume a planificación das distintas medidas e actuacións recollidas no Plan.


• **Investimento e financiamento do Plan**

O **cadro 5.40.** recolle tanto a estimación de investimentos e custo asociados a asumir polos diferentes axentes implicados como a súa anualización. O investimento estimado máis elevado corresponde á adecuación das fosas de gando vacún, con 142.686,3 miles de euros, seguido

polos investimentos en plantas de coxeración e biometanización, con 45.075,9 e 36.060,7 miles de euros, respectivamente.

Para financia-lo devandito investimento, recorrense tanto ós fondos europeos como ó sector privado. No concerne ós fondos europeos como fonte de financiamento do plan acudirase a:

- Fondos de Cohesión, creados segundo o Regulamento (CE) nº 1164/94 do Consello e modificado polos Regulamentos (CE) 1264/1999



e 1265/1999 do Consello do 21 de xuño de 1999.

- Programa LIFE: Regulamento nº 1404/1996 do 15 de xullo de 1996 (DOCE nº L 181 do 20 de xullo de 1996).

- Fondos Estructurais, do que o instrumento financeiro en agricultura é o FEOGA (Fondo de Orientación e Garantía Agraria).

- Regulamento (CE) nº 2078/92 do Consello do 30 de xuño de 1992, sobre métodos de produción agraria compatibles coas esixencias da protección do medio ambiente.

Por outra banda, o sector privado financiará parcial ou totalmente as actuacións relativas ó arranxo de fosas de xurro, xestión de plásticos de ensilado ou de invernadoiro, recollida selectiva e a xestión dos envases de produtos fito e zosanitarios e envases de produtos farmacéuticos, e ás plantas de tratamento para residuos excedentarios.

Ademais destas fontes de financiamento, poderanse xestionar os investimentos asociados ás actuacións mediante as denominadas “liñas verdes” que diversas entidades financeiras ofrecen para o desenvolvemento de proxectos de tipo medioambiental.

A xunta de Galicia actuará na promoción das axudas asociadas á educación e sensibilización ambiental, ó arranque e infraestruturas para a recollida selectiva, á elaboración de normativa, e á canalización de fondos europeos para financiar parte dos arranxos das fosas.

Código galego de boas prácticas agrarias

A contaminación das augas por elementos alleos ó seu normal ciclo natural é cada vez máis patente na maioría dos cursos naturais en Galicia. Esas achegas de contaminantes prodúcense de forma máis acusada naquelas zonas onde a poboación tende a acumularse e se carece da correspondente infraestrutura correctora destas achegas. Sen embargo, o incremento das explotacións intensivas de gando, en maior medida das granxas “sen terra” dedicadas á produción avícola e porcina e mesmo as de recría de cuxos, así como

á concentración do gando vacún, en maior parte de produción leiteira, fan que tamén estes sectores productivos inflúan na calidade das augas tanto superficiais como subterráneas.

No conxunto do Estado, o *Código de boas prácticas agrarias* recollido na Directiva do Consello 91/676/CEE traducíuse no Real Decreto 261/96, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.

No cumprimento do recollido no artigo 5 do devandito RD, desenvolveuse en Galicia o *Código galego de boas prácticas agrarias* (aprobado pola Orde do 7 de setembro de 1999), no que se recollen aqueles aspectos específicos das principais liñas de produción agrícola e gandeira que poderían dar orixe á contaminación por nitróxeno e se propoñen unha serie de medidas prácticas tendentes a reduci-lo ó mínimo. Cómpre salientar que o cumprimento das medidas propostas ten o carácter de voluntario.

No concernerne á **estructura** do código de boas prácticas agrarias, este divídese nos seguintes 11 capítulos:

- Definicións.
- Tipos de fertilizantes nitróxenos.
- O ciclo do nitróxeno nos solos agrícolas.
- Períodos nos que é recomendable a aplicación de fertilizantes ás terras.
- A aplicación de fertilizantes a terreos pendentes e esgrevios.
- A aplicación de fertilizantes a terras en terreos hidromorfos, inundados, xeados ou cubertos de neve.
- Condicións de aplicación de fertilizantes en terras próximas a cursos de auga.
- Capacidade e deseño dos tanques de almacenamento de esterco e medidas para evitar a contaminación da auga por escorradura e filtración en augas superficiais ou subterráneas de líquidos que conteñan esterco ou residuos procedentes de produtos vexetais almacenados, como a forraxe ensilada.
- Aplicación de fertilizantes químicos e esterco ás terras para controla-las perdas de nutrientes cara ás augas.

5.41.

Períodos en que a aplicación de fertilizantes non é recomendable

	Tipos de fertilizantes														
	(1)	(2)	(3)	(4)	(5)	(6)	(7)	(8)	(9)	(10)	(11)	(12)	(13)	(14)	(15)
Solos non cultivados	Todo o ano			Todo o ano			Todo o ano								
Cereais outono, inverno	Desde a sementeira ata a recolección			Desde a sementeira ó comezo do afillado			Desde a presemteira ó comezo do afillado								
Cereais de primavera	Desde a sementeira ata a recolección			Desde a sementeira ata a preparación do solo para o seguinte cultivo			Cando o cereal sobrepare os 50-60 cm. de altura								
Cultivos industriais	Desde a sementeira ata a recolección			Desde a sementeira ata a preparación do solo para o seguinte cultivo			Cando o cerre do cultivo (Lay-by)								
Hortalizas	Desde un mes antes da sementeira ata despois da colleita			Desde quince días antes da sementeira ata despois da colleita			Nin antes da plantación, nin antes dos regos, excepción feita de g.								
Plantacións leñosas	Durante a parada vexetativa ata un mes antes da saída invernal			Durante a parada vexetativa ata quince días antes da saída invernal			Desde o remate do outono ata o comezo da brotación								
Praderías de máis de seis meses non pastadas	Durante a parada vexetativa ata un mes antes da saída invernal			Durante a parada vexetativa ata un mes antes da saída invernal			Desde o remate do verán ata pouco antes de rematar o inverno								

(1) Esterco bovino
(2) Esterco ovino ou sirle
(3) Esterco de galiña
(4) Xurro bovino
(5) Xurro porcino
(6) Compost
(7) Lodos de depuradora
(8) Fertilizantes con N exclusivamente nítrico

(9) Fertilizantes con N exclusivamente amoniacal
(10) Fertilizantes con N nítrico e amoniacal
(11) Fertilizantes con N urícos
(12) Fertilizantes con N exclusivamente en forma orgánica
(13) Fertilizantes con N orgánico e mineral
(14) Fertilizantes con N de liberación lenta
(15) Inhibidores da actividade encimática

Fonte: Consellería de Agricultura, gandería e política agroalimentaria, Código galego de boas prácticas agrarias

5.42.

Máximo de cabezas de gando maior permisibles por hectárea de S.A.U. para non reborda-los 170 Kg. de N por Ha e ano nas dexestións

Cabezas de Gando	Dexestións ano (en Kg.)	N (%)	N		
			(en Kg.)	(en Kg.)	
Vaca leiteira 1CGM	Sólidas	9.125	0,35	32	70 Kg. N/CGM/ano
	Líquidas	5.475	0,70	38	Máx. 170Kg. N/Ha/ano 2,5CGM/Ha/ano
Porcos 80-90 Kg. 0,15 CGM/55 Kg. todo o ano	Sólidas	912	0,60	5,5	7,5Kg. N/porco/ano
	Líquidas	657	0,30	2,0	Max. 170Kg./Ha/ano 23,3 porcos cebados 3,50CGM/Ha/ano
Ovellas 40 Kg.	Sólidas	365	0,75	2,74	7,42Kg. N/ovella/ano
	Líquidas	328	1,40	4,68	Max. 170Kg./Ha/ano 23,6 ovellas 2,36CGM/Ha/ano
0,8 Equino 500 Kg. 0,8 CGM	Sólidas	6.205	0,50	31	50Kg. N/cabalo/ano
	Líquidas	1.551	1,20	19	Max. 170Kg./Ha/ano 3,5 cabalos 2,80CGM/Ha/ano
Aves - Galiñas 0,01 CGM		58	1,40	0,8	0,8Kg. N/galiña/ano Max. 170Kg./Ha/ano 218,75galiñas 2,2CGM/Ha/ano

Fonte: Consellería de Agricultura, gandería e política agroalimentaria, Código galego de boas prácticas agrarias

Usos da auga no sector agrario en Galicia e España 1999

	Galicia	España
	(en miles de m ³)	
Concesión de auga	65.490	23.848.187
Augas superficiais	64.026	22.417.086
Augas subterráneas	-	1.072.304
Outros recursos hídricos	1.464	358.797
Auga adquirida e subministrada		
Auga adquirida a outras unidades económicas	-	744.693
Augas superficiais	-	708.937
Augas subterráneas	-	30.017
Outros recursos hídricos	-	5.739
Augas subministrada por outras unidades económicas	31.053	17.925.418
A explotacións agrarias	31.053	17.681.329
A outras Comunidades de Regantes	-	227.713
A empresas abastecedoras ou non de auga	-	16.376
Distribución de auga nas explotacións agrícolas		
Por tipos de cultivos	31.053	17.681.327
Herbáceos (non inclúe millo)	29.994	2.705.460
Millo	1.019	3.418.310
Frutais	1	3.207.406
Patacas e hortalizas	6	1.213.424
Cultivos industriais	-	3.473.959
Outros tipos de cultivos	33	3.662.768
Polas técnicas de rego e manexo	31.053	17.681.330
Aspersión	22.831	3.173.948
Goteo	-	860.071
Gravidade	8.222	11.416.259
Outros	-	2.231.052

Fonte: INE, Encuesta sobre el uso del agua en el sector agrario 1999

- Xestión do uso das terras con referencia ós sistemas de rotación de cultivos e á proporción da superficie de terras dedicadas a cultivos permanentes en relación con cultivos anuais.

- Mantemento durante períodos chuviosos dun manto mínimo de vexetación que absorba o N do solo, que do contrario podería causar fenómenos de contaminación da auga por nitratos.

- Establecemento de plans de fertilización acordados coa situación particular de cada explotación e a consignación en rexistros do uso de fertilizantes.

- Prevención da contaminación das augas debido á escorredura e á lixivación nos sistemas de rega.

Xunto a estes once capítulos hai un apartado dedicado ós anexos, onde se presentan os **cadros 5.41.** (períodos en que a aplicación de fertilizantes non é recomendable) e **5.42.** (máximo de cabezas de gando maior permisibles por hectárea de SAU para non reborda-los 170 kg de N por Ha e ano nas dexeccións).

Estatística medioambiental no sector agrario

O estudo da situación medioambiental no sector agrario parte da consideración da *Encuesta sobre el uso del agua en el sector agrario*, de *Las cuentas satélite del agua en España* e de *Las cuentas satélite sobre emisiones atmosféricas* do Instituto Nacional de Estadística.

Centrándose no caso dos usos da auga no sector agrario, o **cadro 5.43.** amosa que a concesión da auga (volume total de auga a que unha comunidade de regantes ten dereito en virtude dunha concesión administrativa previamente outorgada) ascendeu en Galicia en 1999 a 65.490 miles de metros cúbicos (o 0,3% do total estatal) dos que 64.026 miles de m³ procede das augas superficiais e 1.464 miles de m³ procede doutros recursos hídricos.

Atendendo á distribución por tipos de cultivo, o devandito **cadro 5.43.** reflicte que en

5.44.

Emprego da auga na agricultura nas CC.AA. 1997-99

	Agricultura			Total usos			Agricultura / total usos		
	1997	1998	1999	1997	1998	1999	1997	1998	1999
	(en miles de metros cúbicos)						(en %)		
Andalucía	4.869.042	5.215.828	5.459.974	5.409.050	5.809.204	6.076.876	90,0	89,8	89,8
Aragón	2.570.224	2.754.327	2.883.472	2.667.753	2.859.660	2.992.056	96,3	96,3	96,4
Asturias	15.850	16.900	17.050	91.497	94.861	97.251	17,3	17,8	17,5
Baleares	10.580	12.080	12.340	63.580	66.350	66.372	16,6	18,2	18,6
Canarias	140.923	150.939	157.980	275.045	291.072	308.403	51,2	51,9	51,2
Cantabria	6.853	6.905	7.342	60.469	62.367	63.669	11,3	11,1	11,5
Castela e León	2.016.128	2.158.322	2.258.967	2.204.009	2.366.378	2.471.303	91,5	91,2	91,4
Castela-A Mancha	1.763.082	1.888.368	1.975.533	1.895.145	2.025.234	2.118.354	93,0	93,2	93,3
Cataluña	1.787.884	1.914.960	2.004.793	2.441.207	2.605.426	2.717.528	73,2	73,5	73,8
C. Valenciana	2.200.749	2.356.571	2.467.348	2.511.849	2.696.554	2.822.312	87,6	87,4	87,4
Extremadura	1.403.523	1.502.292	1.572.800	1.471.943	1.575.391	1.648.429	95,4	95,4	95,4
Galicia	31.547	33.789	35.374	249.494	255.462	264.205	12,6	13,2	13,4
Madrid	133.644	143.143	149.857	594.654	632.047	663.272	22,5	22,6	22,6
Murcia	361.750	387.462	405.639	448.471	480.502	503.992	80,7	80,6	80,5
Navarra	393.039	420.704	440.332	444.370	472.803	493.112	88,4	89,0	89,3
País Vasco	21.753	23.298	24.391	213.119	229.745	239.099	10,2	10,1	10,2
Rioxa (A)	235.701	252.355	264.098	267.758	284.554	296.925	88,0	88,7	88,9
Ceuta e Melilla	352	365	405	9.657	9.830	9.928	3,6	3,7	4,1
España	17.962.624	19.238.608	20.137.695	21.319.070	22.817.440	23.853.086	84,3	84,3	84,4

Fonte: INE, Cuentas satélite del agua. Serie 1997-1999

5.45.

Emprego da auga na agricultura nas CC.AA. 1997-99

	Agricultura			Total usos			Agricultura / total usos		
	1997	1998	1999	1997	1998	1999	1997	1998	1999
	(en millóns de €)						(en %)		
Andalucía	201,7	215,4	224,5	422,0	455,5	479,0	47,8	47,3	46,9
Aragón	18,1	19,8	21,0	42,0	48,0	54,1	43,1	41,3	38,9
Asturias	4,3	4,6	4,6	25,8	27,2	27,7	16,7	16,9	16,8
Baleares	5,0	5,9	6,0	54,7	57,3	58,2	9,2	10,2	10,4
Canarias	10,9	11,6	12,1	209,4	221,0	240,2	5,2	5,2	5,0
Cantabria	2,3	2,4	2,5	22,9	23,8	24,8	10,2	10,0	10,3
Castela e León	23,0	24,3	25,1	99,7	111,6	114,8	23,1	21,8	21,8
Castela-A Mancha	32,3	34,3	35,3	70,3	75,7	79,1	46,0	45,4	44,7
Cataluña	21,1	22,6	23,5	448,2	510,5	551,3	4,7	4,4	4,3
C. Valenciana	59,2	62,8	65,5	227,1	247,4	261,2	26,1	25,4	25,1
Extremadura	17,8	18,5	19,3	45,0	47,7	49,9	39,6	38,9	38,6
Galicia	0,5	0,5	0,6	105,6	113,9	125,6	0,5	0,5	0,4
Madrid	2,4	2,5	2,6	280,8	301,1	321,6	0,9	0,8	0,8
Murcia	31,8	34,0	35,5	82,8	89,9	97,0	38,4	37,8	36,6
Navarra	4,9	5,1	5,3	27,7	28,4	29,0	17,7	18,1	18,2
País Vasco	1,0	1,0	1,1	103,8	115,5	126,1	0,9	0,9	0,9
Rioxa (A)	4,5	4,8	5,0	16,7	17,1	17,5	27,3	28,1	28,2
Ceuta e Melilla	0,2	0,2	0,2	5,5	5,6	5,7	3,3	3,2	3,6
España	441,1	470,4	489,7	2.289,8	2.497,1	2.662,9	19,3	18,8	18,4

Fonte: INE, Cuentas satélite del agua. Serie 1997-1999

Galicia o 96,6% da auga consumida nas explotacións agrarias (29.994 miles de metros cúbicos) corresponde ós cultivos herbáceos (non inclúe o millo) e que un 3,3% (1.019 miles m³) ó millo. No caso estatal, estas porcentaxes ascenden ó 15,0% e 19,3%, respectivamente.

Segundo as técnicas de rego e manexo, o 73,5% da auga consumida é a través de rego por aspersión, e un 26,5% a rego por gravidade. No

conxunto estatal, predomina o rego por goteo, que acolle o 64,6% da auga consumida, en tanto que a auga consumida por rego por aspersión foi do 18% do total.

Atendendo á información recollida nas contas satélite da auga, que se limita exclusivamente á auga producida, canalizada a través de redes de abastecemento (ver **Anexo 1**: terminoloxía), os **cadros 5.44.** e **5.45.** reflicten a evolución do

5.46.

Principais substancias contaminantes no subsector agrogandeiro e forestal en España 1995-98

	SO _x : Óxidos de xofre	NO _x : Óxidos de nitróxeno	COVNM: Compostos orgánicos volátiles (excluído o metano)	CH ₄ : Metano	CO: Monóxido de carbono	CO ₂ : Dióxido de carbono	N ₂ O: Monóxido de nitróxeno	NH ₃ : Amoníaco	SF ₆ : Hexafluoruro de azufre
1995 Agricultura, gandería, caza e silvicultura	15.759	129.367	731.885	969.428	390.785	8.349	96.032	450.357	1.430
	15.475	127.194	731.295	969.402	387.777	8.187	96.026	450.355	1.430
	284	2.173	590	26	3.008	162	6	2	-
1996 Agricultura, gandería, caza e silvicultura	14.978	139.605	665.849	1.014.422	479.334	8.570	111.339	500.589	-
	14.721	135.276	665.019	1.014.396	476.271	8.408	111.332	500.587	-
	257	4.329	830	26	3.063	162	7	2	-
1997 Agricultura, gandería, caza e silvicultura	14.683	140.819	676.093	1.014.452	477.904	8.709	99.527	500.562	-
	14.437	136.510	675.209	1.014.425	474.907	8.547	99.520	500.560	-
	246	4.309	884	27	2.997	162	7	2	-
1998 Agricultura, gandería, caza e silvicultura	12.906	136.755	666.129	1.014.413	477.442	8.886	111.355	500.576	-
	12.721	132.605	665.211	1.014.388	474.469	8.722	111.348	500.573	-
	185	4.150	918	25	2.973	164	7	3	-

Fonte: INE, Cuentas satélite sobre emisiones atmosféricas. Serie 1995-1998

emprego da auga no sector agrícola, en termos físicos e monetarios, e o seu peso relativo no total dos usos da auga.

No período 1997-1999 o emprego de auga no sector agrícola medrou en Galicia, en termos físicos, un 12,1%, fronte ó 5,9% rexistrado polo total de usos. O peso relativo do emprego da auga na agricultura no total de emprego de auga medrou no devandito período de tempo do 12,6% ó 13,4%. No conxunto do Estado esta importancia relativa media pasa do 84,3% de 1997 ó 84,4% de 1999.

Finalmente, a partir das contas satélite sobre emisións atmosférica, o **cadro 5.46.** amosa a evolución das principais substancias contaminantes no sector agrogandeiro e forestal (ver **Anexo 1:** terminoloxía). Atendendo as diferentes substancias contaminantes, o devandito cadro reflicte que entre 1995 e 1998 se experimenta unha medra no caso dos óxidos de nitróxeno, do metano, do monóxido de carbono, do dióxido de carbono, do monóxido de nitróxeno e do amoníaco. Pola contra, no subsector agrogandeiro e forestal, as substancias que descenden son os óxidos de carbono, os compostos orgánicos volátiles (excluído o metano) e o hexafluoruro de xofre.

Se considerámo-la desagregación entre o subsector agrogandeiro e o subsector forestal,

cómpre salientar que as substancias contaminantes que descenden son os óxidos de xofre e os compostos volátiles (agás o metano) no primeiro caso, e os óxidos de xofre e o monóxido de carbono no caso do subsector forestal (onde permanecen constantes as substancias contaminantes).

Espacios naturais con réxime de protección

No ámbito da comunidade autónoma de Galicia, en función dos bens e dos valores a protexer, os espacios naturais se clasifican en nove categorías: reservas naturais, parques nacionais, espacios naturais de protección xeral, monumentos naturais, humidais protexidos, zonas de especial protección de aves, zonas de especial protección dos valores naturais, espacios naturais de interese local e espacios privados de interese natural.

Dende un punto de vista cuantitativo, cómpre salientar que a Rede Natura 2000 en Galicia está integrada por 65 espacios, dos que 57 son considerados como Lugares de Importancia Comunitaria (LICs) (**cadro 5.47.**) e 8 Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPAs), unha das cales é compartida con Asturias. Estes espacios abranguen unha superficie de 369.057 hectáreas, das cales 340.759 son de superficie terrestre, o que supón o 11,5% da superficie galega.


Lugares de Importancia Comunitaria (LICs) da Rede Natura 2000 ⁽¹⁾

	Superficie (2)	Municipios
<i>(ha)</i>		
A Coruña		
Ortigueira-Mera	3.795	Cariño, Cerdido, Ortigueira, As Pontes, As Somozas
Costa Ártabra	7.659	Cariño, Cedeira, Ferrol, Narón, Valdoviño, Ortigueira, Ares, Mugardos
Fragas do Eume	9.387	Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes
Encoro de Cecebre	522	Cambre, Carral, Abegondo, Betanzos, Oza dos Ríos
Costa da Morte	11.885	Arteixo, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Cee, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Muxía, Ponteceso e Vimianzo
Complexo húmido de Corrubedo	9.302	Porto do Son e Ribeira
Betanzos Mandeo	865	Aranga, Bergondo, Betanzos, Coirós, Irixoa, Miño, Paderne e Oza dos Ríos
Carnota-Monte Pindo	4.629	Carnota, Mazaricos, Cee e Dumbría
Costa de Dexo	350	Oleiros
Estaca de bares	926	Mañón e Ortigueira
Esteiro do Tambre	1.583	Brión, Negreira, Noia, Outes e Porto do Son
Monte e Lagoa de Louro	1.161	Camota e Muros
Xubia-Castro	1.986	A Capela, Moeche, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e As Pontes
Serra de Careón	6.568	Melide, Santiso, Toques, Friol e Palas de Rei
Río de Anllóns	42	Cabana de Bergantiños, Ponteceso, Coristanco e Carballo
Río Tambre	152	Tordoia, Ordes, Mesía, Trazo, Oroso, Frades, Santiago de Compostela e O Pino
Lugo		
Ancares-O Courel	102.685	Becerreá, Cervantes, Folgoso do Courel, O Incio, Navia de Suarna, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Quiroga, Samos, Triacastela e Ribas do Sil
Río Eo	781	A Fonsagrada, A Pontenova, Ribadeo, Ribeira de Piquín, Trabada, Riotorto e Meira
Parda-Ladra-Támoga	5.009	Begonte, Cospito, Guitiriz, Outeiro de Rei, Rábade, Vilalba, Xermade, Abadín, Castro de Rei, Lugo e Friol
A Marronda	1.212	Baleira e A Fonsagrada
As catodrais	304	Barreiros e Ribadeo
Carballido	4.634	A Fonsagrada, A Pontenova e Ribeira de Piquín
Cruzul-Agüeira	618	Becerreá e As Nogais
Monte Faro	303	Carballedo, Chantada e Rodeiro
Monte Maior	2.143	Viveiro e Xove
Negueira	4.512	Negueira de Muñiz
Ría de Foz-Masma	575	Barreiros, Foz, Lourenzá e Mondoñedo
Río Landro	89	Ouro e Viveiro
Río Ouro	72	Alfoz, Foz e O Valadouro
Cañón do Sil	5.961	Pantón, Sober, Nogueira de Ramuín e Parada de Sil
Serra do Xistral	22.564	As Pontes de García Rodríguez, Abadín, Alfoz, Mondoñedo, Muras, O Valadouro, Ouro, Vilalba, Xermade, Xove, Viveiro e Cervo
Río Cabe	1.576	Bóveda, O Incio, Monforte de Lemos, Pobra de Brollón, Pantón e Sober
Ourense		
Baixa Limia	34.248	Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muíños, Padrenda, Quintela de Leirado e Vereia
Macizo Central	45.196	O Bolo, Chandrexa de Queixa, Laza, Manzaneda, A Pobra de Trives, Viana do Bolo, Vilarín de Conso, Quiroga, Larouco e Montederramo
Bidueiral de Montederramo	1.949	Montederramo e Vilar de Barrio
Pena Veidosa	2.355	San Cristovo de Cea e Carballedo
Río Tamega	719	Castrelo do Val, Laza, Monterrei, Verín e Oimbra
Veiga de Ponteliñas	130	Porqueira e Rairiz de Veiga
Pena Trevinca	24.860	Carballeda de Valdeorras, A Veiga, Viana do Bolo, Manzaneda e O Bolo
Pena Maseira	5.854	A Gudíña e A Mezquita
Serra de Enciña da Lastra	1.723	Rubiá
Pontevedra		
Sistema fluvial Ulla-Deza	1.153	Catoira, A Estrada, Pontecesures, Silleda, Valga, Vila de Cruces, Boqueixón, Dodro, Padrón, Rianxo, Teo, Touro e Vedra
Río Lérez	19	Pontevedra, Campo Lameiro e Cotobade
A Ramallosa	92	Baiona e Nigrán
Complexo Ons-O Grove	7.490	Bueu, Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Sanxenxo e Ribadumia
Illas Cíes	990	Vigo
Río Tea	97	Covelo, Fornelos de Montes, Mondariz, Mondariz-Balneario, Pontareas e Salvaterra de Miño
Baixo Miño	2.792	A Guarda, O Rosal, Salvaterra de Miño, Tomiño, Tui, As Neves, Arbo, Crecente, A Cañiza e Padrenda
Brañas de Xestoso	1.080	A Estrada, Forcarei e Silleda
Cabo Udra	623	Bueu e Cangas
Costa da Vela	1.385	Cangas
As Gándaras de Budiño	834	O Porriño, Salceda de Caselas e Tui
Illas Estelas	713	Nigrán
Serra do Candán	10.683	Forcarei, Lalín, Silleda, Beariz e O Irixo
Serra do Cando	5.402	Cerdedo, Cotobade, Forcarei, A Lama e Beariz
Sobreirais do Arnego	1.081	Agolada, Lalín e Vila de Cruces
Ensenada de San Simón	2.252	Redondela, Soutomaior, Vilaboa, Moaña e Pontevedra

(1) Actualizada á Orde do 7 de xuño de 2001 / DOG 19-VI-2001

(2) Superficie a Escala 1:50.000

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Consellería de Medio Ambiente



5.48.

Espacios naturais protexidos a nivel de Galicia

	Municipios	Superficie (en Ha.)	Data de declaración	Lexislación	Outras proteccións
Espacios naturais en réxime de protección xeral					
Ría de Ortigueira e Lourido	Ortigueira	2.940	8/5/90	Orde do 9/3/90	RAMSAR (BOE 8/5/90) ZEPA (22/11/89)
Complexo Intermareal Umia-Grove, A Lanzada, lagoa Bodeira e Punta Carreirón	Vilagarcía, Cambados, Ribadumia, Meaño, Sanxenxo e O Grove	2.551	10/5/90	Orde do 9/4/90	RAMSAR (BOE 8/5/90) ZEPA (22/11/89)
Lagoa e areal de Valdoviño	Valdoviño	255	5/6/95	Decreto 157/1995, de 3 de xuño	RAMSAR (BOE 26/3/93)
Ría do Eo	Ribadeo	1.740	5/6/95	Decreto 157/1995, de 3 de xuño	RAMSAR (BOE 15/11/94) ZEPA (26/11/89)
Encoro de Abegondo-Cecebre	Abegondo, Cambre e Carral	369,6	4/5/95	Decreto 165/1999, de 20 de maio (DOG nº 106 de 4 de xuño)	
Reserva nacional de caza de Ancares	Cervantes	12.667,2	11/7/97	Lei 37/1996 de 31 de maio	
Lagoa do Rei	Rábade	4,5	26/9/00	Decreto 2177/00 (DOG nº 187, de 26 de setembro)	
Monumentos naturais					
A Fraga de Caiasos	Lalín	4,5	25/2/00	Decreto 76/2000 DOGA 72, páx 5.140	
O Souto da Retorta	Chavín-Viveiro	3,2	25/2/00	Decreto 77/2000 DOGA 72, páx 5.142	
O Souto de Rozabales	Manzaneda	1,8	25/2/00	Decreto 78/2000 DOGA 72, páx 5.144	
A CostadeDexo	Mera-Lorbé	266	31/3/00	Decreto 1018/2000 DOGA 89, páx 7.416	
Zonas húmidas de importancia RAMSAR					
Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán	Ribeira	550	5/12/89		
Ría de Ortigueira e Ladrado	Ortigueira	2.920	5/12/89		
Lagoa e areal de Valdoviño	Valdoviño	255	26/3/93		
Complexo Intermareal Umia-Grove, A Lanzada, lagoa Bodeira e Punta Carreirón	Vilagarcía, Cambados, Ribadumia, Meaño, Sanxenxo e O Grove	2.561	26/3/93		
Ría do Eo	Ribadeo	1.740	304/10/94		
Zonas de especial protección para as aves (ZEPAS)					
Illas Cies	Vigo	990,3	24/2/88		
Ribadeo	Ribadeo e Trabada	1.915,3	12/1/90		
Ría de Ortigueira e Ladrado	Ortigueira e Carriño	2.939,1	12/1/90		
Complexo Intermareal Umia-O Grove	Illa de Arousa, Cambados, Ribadumia, Meaño, Sanxenxo e O Grove	2.782,5	12/1/90		
Illas Sisargas	Malpica de Bergantinos	99,2	31/3/99		
Illa de Ons	Bueu	923,8	3/7/01		
Lagoa e areal de Valdoviño	Valdoviño	490	3/7/01		
Serra de Enciña da Lastra	Rubia	1.722,8	3/7/01		

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Consellería de Medio Ambiente


Atendendo á distribución provincial, Lugo e Ourense son as provincias cunha maior participación na Rede, co 41,2% e 32,8%, respectivamente. A Coruña acolle o 16,4% e Pontevedra o 9,5% restante.

Analizando os diferentes espacios protexidos, o primeiro que hai que salientar é a declaración das illas Cíes, Ons e Sálvora como Parque Nacional. A lei 15/2002, de 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, reflicte na súa exposición de motivos, que se define este parque nacional porque *“a singularidade e riqueza faunística das Illas Atlánticas, a variedade de formacións vexetais, a espectacularidade paisaxística de interese xeomorfolóxica constitúen un patrimonio natural e cultural de indubidable valor científico, recreativo e educativo, que xustifica declarar de interese xeral da nación a súa conservación”*.

No artigo 1 da devandita Lei establécese que o obxecto da declaración destas illas como Parque Nacional é o de:


- Protexe-la integridade de ecosistemas ligados a zonas costeiras e á plataforma continental da rexión eurosiberiana;
- Asegura-la conservación e recuperación, no seu caso, dos hábitats e as especies, así como a preservación da diversidade xenética;
- Asegura-la protección, recuperación, fomento e difusión dos seus valores medioambientais e do seu patrimonio natural, regulando de forma compatible coa súa conservación tanto a actividade investigadora e educativa como o acceso dos visitantes;
- Promover e apoiar no interior do parque as actividades tradicionais compatibles coa protección do medio natural;
- Aportar ó patrimonio común unha mostra representativa do ecosistema litoral da rexión eurosiberiana, incorporando este Parque Nacional ós programas nacionais e internacionais de conservación da biodiversidade.

O **cadro 5.48.** amosa a distribución provincial dos distintos espacios naturais protexidos, así como a súa superficie e a data de declaración. ■



5.6.

POLÍTICA SANITARIA



Obxectivo deste capítulo é facer referencia á política sanitaria relacionada co subsector agrogandeiro e forestal, para o que se analiza en primeiro lugar a sanidade vexetal, para posteriormente presenta-los aspectos relacionados coa sanidade gandeira e situación da enfermidade da encefalopatía esponxiforme bovina (EEB) en Galicia.

Sanidade vexetal

No marco das medidas previstas no programa operativo integrado de Galicia 2000-2006, a Orde do 2 de agosto de 2002 establece as bases reguladoras para a concesión de axudas a programas agrarios para a mellora técnica e desenvolvemento sustentable dos sistemas productivos agrícolas.

O seu ámbito de aplicación esténdese tanto a programas agrarios para a mellora dos procesos productivos agrícolas, como a programas agrarios especiais que comprenden a promoción de iniciativas de desenvolvemento coa creación de activi-

dades alternativas ou complementarias das explotacións, a creación e mellora de empresas de servizos agrarios, e o fomento da produción integrada, da agricultura ecolóxica e doutros programas sanitarios e técnicas de respecto ambiental.

A orde establece que as axudas e subvencións reguladas concederanse con suxeición ós principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, estando as mesmas supeditadas á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes partidas orzamentarias.

As distintas actividades subvencionables deberán formar parte dun programa de mellora entendido como un conxunto de accións coordinadas e coherentes que pretendan a consecución dalgúns dos seguintes requisitos:

- Reconversión e reorientación da capacidade de produción agraria e introdución de novas tecnoloxías e a mellora da calidade dos produtos;
- Diversificación das actividades coa creación doutras complementarias ou alternativas;
- Desenvolvemento de actividades económi-

cas e creación e mantemento de postos de traballo;

- Fomento de sistemas agrícolas de baixos inputs;
- Conservación e promoción dunha agricultura sustentable.

No concernente ás axudas dos **programas agrarios para a mellora dos procesos productivos agrícolas**, a orde establece que poderán ser beneficiarios das mesmas as asociacións ou agrupacións de agricultores e as súas federacións recoñecidas oficialmente, as entidades relacionadas coa agricultura formalmente constituídas, así como outras entidades sen ánimo de lucro.

Os obxectivos destas axudas, que poden consistir no fomento da asistencia técnica (contratación de persoal técnico e auxiliar, ou contratos con empresas de servizos de garantía suficiente para o seguimento e asistencia en programas agrarios), en investimentos en bens e servizos necesarios para a correcta execución do programa, ou no apoio técnico e outros programas especiais (estudios técnicos, de viabilidade ou de mercado, así como proxectos de demostración e outros estudos de campo ou de laboratorio) son:

- A creación de sistemas productivos de réxime asociativo que persigan a redución de custos e/ou a mellora da calidade;
- Asenta-las bases estruturais para o establecemento de sistemas de produción respectuosos co ambiente e a saúde dos consumidores;
- A dotación tecnolóxica e de asistencia técnica para levar a cabo os programas, así como as actividades encamiñadas a incrementa-lo nivel de formación dos asociados e traballadores;
- Senta-las bases técnicas necesarias para o desenvolvemento de procesos productivos innovadores mediante estudos, proxectos e ensaios, para a súa posterior transferencia.

En relación ós programas agrarios especiais, estes comprenden a promoción de iniciativas de desenvolvemento coa creación de actividades alternativas ou complementarias das explotacións; a creación e mellora de empresas de servizos agrarios; e o fomento da produción integra-

da, da ecolóxica e doutros programas sanitarios e técnicas de respecto animal.

Centrándonos neste último programa, a orde prevé catro liñas de actuacións. A primeira son os programas de defensa sanitaria dos cultivos, e o seu obxecto é o control fitopatolóxico dos cultivos agrícolas, a través de agrupacións de carácter agrario formalmente constituídas, mediante programas técnicos ben definidos, de xeito que exista certa periodicidade no uso de métodos de control fitobiolóxico e que ademais, se recorra ó emprego racional de produtos químicos.


A segunda liña de actuación corresponde ós programas de control integrado dos patóxenos dos cultivos a través de agrupacións para tratamentos integrados na agricultura (Atrias). O obxecto destes programas é o de fomenta-lo control integrado contra as pragas e enfermidades e a loita en común, mediante a constitución de Atrias que teñan por finalidade aplicar nun cultivo ou grupo de cultivos asociados, en razón das rotacións anuais da zona, as técnicas de loita integrada.

As distintas actuacións oriéntanse a estudar a fenomenoloxía do cultivo; a bioecoloxía das pragas e a fauna útil; os métodos de tratamento máis rendibles e menos lesivos para o ecosistema; e o axuste de limiares económicos de tolerancia das pragas e enfermidades.

A terceira liña de actuación corresponde ó fomento da produción integrada, en resposta a un maior compromiso ambiental e intentando compatibilizar a rendibilidade económica coa protección do ambiente, a calidade das producións e a seguridade alimentaria.

A última liña de actuación corresponde ó fomento da agricultura ecolóxica como sistema productivo de máximo nivel de esixencia nos compromisos ambientais e maior repercusión na calidade e salubridade das producións.

No concernente ás **axudas para a utilización de métodos de produción agraria compatibles co ambiente en Galicia**, a Orde do 23



5.49.

Axudas para a utilización de métodos de produción agraria compatibles co ambiente en Galicia: técnicas ambientais de racionalización no uso de produtos químicos ⁽¹⁾

Actuación agroambiental	Beneficiarios	Obxectivos
Control integrado de tratamentos fitopatolóxicos		Mellora-la calidade e rendemento dos cultivos Diminuí-los residuos químicos en solos e alimentos Implanta-la utilización de métodos biotecnolóxicos de loita contra pragas e enfermidades respectuosos co medio ambiente e coa conservación do espazo rural Mante-la biodiversidade no medio no que se aplica o programa
Producción integrada	Titulares de explotacións agrarias que se comprometan por un período mínimo de cinco anos, a cumprir, en toda ou parte da súa explotación, os compromisos establecidos nesta medida. Na totalidade da explotación deberán de respectar, como mínimo, as obrigas en materia de política ambiental sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes da agricultura.	Redución de efectos contaminantes no aire, solo e auga Adopción tecnoloxías de prod. vexetal que empreguen ó máximo os recursos e mecanismos de prod. naturais asegurando a longo prazo unha agricultura sustentable e a protección dos recursos naturais Redución dos tratamentos químicos en alomenos un 30%, priorizando na loita contra pragas os métodos biolóxicos e físicos fronte ós químicos Mellora da calidade e rendemento dos cultivos
Agricultura ecolóxica		Promove-la obtención de alimentos caracterizados pola súa calidade nutritiva, sanitaria e organoléptica, a través dunha xestión sustentable do medio Reduci-los efectos contaminantes da actividade agraria restrinxindo o emprego de produtos químicos de síntese Contribuír ó mantemento do capital xenético promovendo o emprego de variedades ou recursos fitoxenéticos adaptados ó medio

(1) Orde do 23 de agosto de 2002

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

5.50.

Axudas para a utilización de métodos de produción agraria compatibles co ambiente en Galicia: xestión integrada das explotacións ⁽¹⁾

Actuación agroambiental	Beneficiarios	Obxectivos
Mellora e conservación do medio físico en zonas de prados e pastos	Titulares de explotacións dedicadas de forma estable e permanente á prod. gandeira que se comprometan a realizar, por un período de 5 anos, en toda ou parte da súa explotación, medidas de mellora e conserv. do medio físico en zonas de prados ou pastos	Mellora e conservación do medio físico en zonas de prados e pastos Redución dos efectivos de gando bovino, ovino e caprino Mantemento de razas autóctonas en perigo de extinción Gandería ecolóxica Xestión racional de sistemas de pastoreo para a protección de flora e fauna
Redución dos efectivos de gando bovino, ovino e caprino	Titulares de explotacións que desexen diminuí-la súa carga gandeira por baixo das establecidas no código de boas prácticas agrarias.	Protección do solo, diminuíndo de forma efectiva a carga gandeira en praderías e pastos que sufriron un desequilibrio polo pastoreo excesivo na súa composición florística. Fomentar sistemas de aproveitamento de pastos racionais, adaptados a cargas gandeiras que permitan explotacións gandeiras máis extensivas cunha redución efectiva de, alomenos, o 20% da inicial.
Mantemento de razas autóctonas en perigo de extinción	Titulares de expl. gandeiras con algún exemplar de razas autóctonas puras en perigo de extinción que se comprometan, mediante contrato coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenv. Rural, a cumprir durante un período de 5 anos, en toda ou parte da explotación, cos compromisos especificados.	Contribuír ó mantemento e conservación do patrimonio xenético do gando galego autóctono en perigo de extinción, ligando as razas ó seu espazo natural de orixe; Axudar ó mantemento da renda das explotacións nas zonas de orixe destas razas, contribuíndo a evita-lo despoboamento e conservando a riqueza natural e paisaxística do medio Fomenta-lo aproveitamento de terras onde poidan sobrevivir unicamente razas autóctonas Contribuír á conservación do medio natural así como diminuí-la incidencia dos incendios forestais ó manter limpo o mato.
Gandería ecolóxica	Titulares de explotacións agrarias inscritas no Rexistro Oficial do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (Creaga) e que se comprometan durante un período de cinco anos contados desde o momento da concesión da axuda a asumir-los compromisos establecidos	Fomenta-la protección dos recursos naturais, auga, solos e paisaxe Redución dos potenciais focos e niveis de contaminación a través dunha metodoloxía de xestión sustentable da explotación, como é a produción gandeira ecolóxica sobre superficies acollidas á agricultura ecolóxica. Cómpre salientar que nesta medida tamén se inclúe a aplicación ecolóxica
Xestión racional de sistemas de pastoreo para a protección de flora e fauna	Titulares que acollidos á medida de mellora e conservación do medio físico teñan caderno de explotación, anexo de notificación de traslado de animais ou guía de traslado, s é o caso, e acheguen autorización de acto a disposición	Conservación da biodiversidade da flora e fauna, beneficiando, en gran medida, áreas incluídas na Rede Natura 2000 Fomentar unha xestión racional dos pastos coa redución efectiva da carga gandeira da explotación de orixe, conseguíndose a recuperación do solo e da súa diversidade florística, tanto da explotación de orixe coma da receptora.

(1) Orde do 23 de agosto de 2002

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

5.51.

Axudas para a utilización de métodos de produción agraria compatibles co ambiente en Galicia: protección da paisaxe e prácticas de prevención contra incendios ⁽¹⁾

Actuación agroambiental	Beneficiarios	Obxectivos
Compatibilización dos sistemas de pastoreo tradicionais no hábitat do lobo	Titulares das explotacións gandeiras extensivas de bovino, ovino, caprino e porcino en zonas con presenza de lobos	Protección do lobo como especie ameazada, concedendo unha prima ós titulares das explotacións gandeiras que teñan o risco de ser atacadas polo lobo;

(1) Orde do 23 de agosto de 2002

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

de agosto do 2002 establece as súas bases reguladoras e considera que poderán ser obxecto de axuda as actuacións agroambientais que estean comprendidas nas seguintes tres medidas:

- Técnicas ambientais de racionalización no uso de produtos químicos (**cadro 5.49.**);
- Xestión integrada das explotacións (**cadro 5.50.**);
- Protección da paisaxe e prácticas de prevención contra incendios (**cadro 5.51.**).

A orde establece a creación dun comité técnico encargado de coordinar, verificar e fixa-los criterios que se considerarán para o mellor cumprimento dos obxectivos de cada medida, así como a súa vixilancia e seguimento. Entre as funcións deste órgano colexiado cómpre salienta-las de defini-las características técnicas dos compromisos agroambientais que deben presenta-los titulares acollidos a estes programas, ou as de harmonizar e dirixi-las actuacións que supoñan un mellor cumprimento dos compromisos agroambientais.


En relación ás axudas ás técnicas ambientais de racionalización no uso de produtos químicos, estas comprenden o control integrado de tratamentos fitopatolóxicos, a produción integrada e a agricultura ecolóxica. Poderán beneficiarse deste tipo de axudas os titulares de explotacións agrarias que se comprometan por un período mínimo de cinco anos, a cumprir, en toda ou parte da súa explotación, os compromisos establecidos nesta medida. Na totalidade da explotación deberán de respectar, como mínimo, as obrigas en materia de política ambiental sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes da agricultura.

Os obxectivos da primeira actuación son o de mellora-la calidade e rendemento dos cultivos; diminuí-los residuos químicos en solos e alimentos; implanta-la utilización de métodos biotecnolóxicos de loita contra pragas e enfermidades respectuosos co medio ambiente e coa conservación do espacio rural; e mante-la biodiversidade no medio no que se aplica o programa.

No caso das axudas á produción integrada, os catro obxectivos mencionados son os da redución de efectos contaminantes no aire, solo e auga; adopción de tecnoloxías de produción vexetal que empreguen ó máximo os recursos e mecanismos de produción naturais asegurando a longo prazo unha agricultura sustentable e a protección dos recursos naturais; redución dos tratamentos químicos en alomenos un 30%, priorizando na loita contra pragas os métodos biolóxicos e físicos fronte ós químicos; mellora da calidade e rendemento dos cultivos.

Os obxectivos das axudas á agricultura ecolóxica son tres: promove-la obtención de alimentos caracterizados pola súa calidade nutritiva, sanitaria e organoléptica, a través dunha xestión sustentable do medio; reduci-los efectos contaminantes da actividade agraria restrinxindo o emprego de produtos químicos de síntese; e en terceiro lugar, o de contribuír ó mantemento do capital xenético promovendo o emprego de variedades ou recursos fitoxenéticos adaptados ó medio.

No concernente á medida de axudas relacionadas coa xestión integrada das explotación, cómpre salienta-las cinco actuacións agroambientais: mellora e conservación do medio físico



en zonas de prados e pastos; redución dos efectivos de gando bovino, ovino e caprino; mantemento de razas autóctonas en perigo de extinción; gandería ecolóxica; e xestión racional de sistemas de pastoreo para a protección de flora e fauna.

Sanidade animal

A sanidade animal constitúe o factor fundamental para acadar e soste un adecuado Estado sanitario dos animais que garanta no posible unha mellora das producións e unha alta rendibilidade, para o cal é imprescindible a colaboración do sector gandeiro establecendo programas sanitarios comúns de prevención e de actuación fronte a diversas enfermidades.

O Decreto 91/2001, do 19 de abril, polo que se regulan as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG) en Galicia, modificado polo Decreto 245/2002, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras en Galicia, establece o marco normativo para a constitución destas asociacións en Galicia.

No concerne ás condicións que deberán cumprir para o seu recoñecemento, estes decretos establecen que:

- Poderanse constituír ADSG de gando bovino, ovino e caprino, nun ou varios concellos, cando as explotacións que pretendan constituí-la agrupación supoñan, como mínimo, o 30% de todas aquelas que, dentro do concello ou concellos afectados, posúan un censo gandeiro que supere o 30% do tamaño medio das explotacións da C.A.

- Poderanse constituír ADSG nun ou varios concellos, en función das súas especiais características productivas, sempre que, con independencia do número de explotacións que as integren, contén cun número mínimo de UGM ou un número mínimo de explotacións, enxames ou reproductoras, para as especies aviar, apícola e cunícola respectivamente, segundo se indica:

- Bovino: 1.500 UGM
- Porcino: 2.000 UGM
- Ovino: 500 UGM
- Caprino: 500 UGM

• Poderanse formar ADSG mixtas das especies ovina e cabrúa, cun mínimo de 500 UGM

- Especie aviar: 50 explotacións
- Especie cunícola: 4.000 reproductoras
- Especie apícola: 1.000 enxames
- No caso da especie equina serán válidas algunha das seguintes opcións: 500 UGM en sistema intensivo ou semiextensivo; 2.000 UGM en sistema extensivo; 1.500 UGM en combinación de sistemas intensivo e extensivo, tan que 300 como mínimo sexan en sistema intensivo.

O Decreto 91/2001, de 19 de abril establece a creación do Rexistro de Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras recoñecidas en Galicia. Para o mantemento da inscrición rexistral, as ADSG deberán presentar anualmente unha memoria de xustificación do cumprimento do programa sanitario aprobado pola Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, así como a listaxe actualizada das explotacións integrantes da ADSG, con indicación das que causaron alta ou baixa, e a relación dos seus titulares e o correspondente censo gandeiro.

Unha vez establecido o marco básico, é necesario desenvolve-lo devandito decreto, establecendo os procedementos para o recoñecemento e inscrición no rexistro das ADSG, así como procedendo á aprobación do programa sanitario común que será de obrigatorio cumprimento para tódalas explotacións da agrupación.

Neste senso, xurde a Orde do 2 de outubro de 2002 pola que se establecen os procedementos relativos ó recoñecemento e extinción das agrupacións de defensa sanitaria gandeiras, á modificación do programa sanitario e ó recoñecemento de novo veterinario responsable na Comunidade Autónoma de Galicia.

O órgano competente para estes recoñecementos e para a aprobación do programa sanitario común e as súas modificacións é a Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

Encefalopatía Esponxiforme Bovina (EEB)

No concerne á enfermidade da EEB (nome científico dunha enfermidade que é coñe-

5.52.

Animais afectados pola Encefalopatía Esponxiforme Bovina (EEB) en Galicia e España 2000-02

	2000	2001	2002	Total
Galicia	2	26	34	62
A Coruña	1	7	10	18
Lugo	1	14	7	22
Ourense	0	3	3	6
Pontevedra	0	2	14	16
España	2	82	121	205
Galicia / España (%)	100	31,7	28,1	30,2

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *Información EEB* [<http://www.eeb.es> (última revisión: 24-04-2003)]

5.53.

Situación da Encefalopatía Esponxiforme Bovina (EEB) 2000-2002: casos

Ano	Provincia	Municipio	Data de confirmación	Data de nacemento	Raza
2000	Lugo	Carballedo	22 novembro	30/5/95	Cruce
	A Coruña	Coristanco	7 decembro	7/9/95	Fleckvich
2001	Lugo	Guitiriz	5 xaneiro	30/12/94	Rubia galega
	A Coruña	Ordes	31 xaneiro	30/10/95	Cruce
	Lugo	O Incio	31 xaneiro	30/7/93	Cruce
	Pontevedra	Rodeiro	31 xaneiro	30/9/95	Frisona
	A Coruña	Aranga	5 febreiro	30/7/93	Cruce cárnica
	Ourense	Viana de Bolo	5 febreiro	30/3/95	Cruce cárnica
	Lugo	Sarria	5 febreiro	28/2/94	Frisona
	Lugo	Lugo	14 febreiro	30/4/96	Frisona
	Lugo	Meira	14 febreiro	30/7/95	Cruce
	Lugo	Castroverde	14 febreiro	30/12/95	Frisona
	Lugo	Barreiros	14 febreiro	20/7/97	Frisona
	A Coruña	Touro	22 febreiro	30/6/93	Frisona
	Ourense	San Amaro	22 febreiro	30/9/93	Cruce
	Lugo	Vilalba	22 febreiro	30/1/96	Frisona
	A Coruña	Zas	22 febreiro	30/3/94	Frisona
	Lugo	Antas de Ulla	28 febreiro	30/6/89	Cruce
	A Coruña	Vilarmaior	28 febreiro	30/1/95	Frisona
	Lugo	Monterroso	28 febreiro	30/12/94	Frisona
	Lugo	Pedrafita do Cebreiro	28 febreiro	30/3/93	Cruce cárnica
	Lugo	Castro de Rei	23 xullo	1997	Frisona
Pontevedra	A Estrada	23 xullo	1995	Frisona	
Lugo	Portomarín	7 agosto	-	-	
Ourense	San Cristovo de Cea	13 setembro	30/4/95	Parda Alpina	
A Coruña	Laracha	4 outubro	30/3/94	Frisona	
A Coruña	Santiso	16 outubro	1997	Frisona	
Lugo	Sarria	30 novembro	30/1/97	Frisona	
2002	Ourense	Viana de Bolo	9 xaneiro	28/2/95	Rubia galega
	Lugo	Samos	17 xaneiro	8/12/95	Mestiza
	Ourense	San Cristovo de Cea	4 febreiro	30/1/95	Frisona
	A Coruña	Aranga	21 febreiro	30/11/96	Cruce
	Pontevedra	Forcarei	21 febreiro	7/5/97	Frisona
	Lugo	Abadín	13 marzo	30/7/97	Frisona
	Pontevedra	Forcarei	13 marzo	30/12/95	Frisona
	Lugo	O Saviñao	2 abril	30/12/97	Frisona
	A Coruña	Melide	22 abril	30/1/93	Frisona
	Pontevedra	Lalín	22 abril	30/9/93	Frisona
	Pontevedra	Lalín	21 maio	30/1/96	Frisona
	Lugo	Guitiriz	21 maio	30/4/94	Frisona
	Pontevedra	Moraña	3 xuño	30/12/96	Frisona
	A Coruña	Santa Comba	3 xuño	30/3/96	Frisona
	Lugo	Guitiriz	10 xullo	30/4/93	Cruce
	Pontevedra	Lalín	10 xullo	30/5/95	Cruce
	A Coruña	Sobrado	31 xullo	30/10/94	Frisona
	Pontevedra	Rodeiro	31 xullo	30/4/96	Frisona
	A Coruña	San Sadurniño	29 agosto	30/3/96	Frisona
	Pontevedra	Lalín	29 agosto	30/12/96	Frisona
	A Coruña	Touro	12 setembro	30/11/96	Frisona
	Lugo	Castroverde	12 setembro	30/11/96	Cruce
	A Coruña	Cabana	27 setembro	30/4/95	Cruce
	Lugo	Bóveda	27 setembro	30/1/96	Cruce
	Ourense	San Cristovo de Cea	10 outubro	30/5/95	Cruce
	Pontevedra	Silleda	10 outubro	30/7/97	Frisona
	Pontevedra	Agolada	10 outubro	30/10/95	Cruce
	A Coruña	Cesuras	23 outubro	28/12/97	Frisona
	Pontevedra	Lalín	23 outubro	12/9/97	Cruce
	Pontevedra	A Estrada	25 novembro	28/2/96	Frisona
	A Coruña	Carballo	25 novembro	15/3/97	Frisona
	Pontevedra	Dozón	10 decembro	8/10/97	Frisona
	A Coruña	Val de Dubra	10 decembro	28/2/97	Frisona
	Pontevedra	A Estrada	10 decembro	2/10/97	Frisona

(1) O día 23/10/02 detéctase un animal positivo que foi sacrificado dentro das medidas de erradicación do foco de San Sadurniño (confirmado o 29/08/02)

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *Información EEB* [<http://www.eeb.es> (última revisión: 24-04-2003)]

Test prionics realizados en relación coa EEB nas CC.AA.

	Data derradeira información	CC.AA.	LNR de Algete (1)	Total
Andalucía	17/12/2002	43.786	1.409	45.195
Aragón	16/12/2002	3.020	4	3.024
Asturias (2)	16/12/2002	25.402	6	25.408
Baleares	10/12/2002	4.157	7	4.164
Canarias	16/12/2002	3.660	1	3.661
Cantabria	16/12/2002	36.967	8	36.975
Castela A Mancha	16/12/2002	32.572	42	32.614
Castela e León (3)	05/12/2002	103.592	47	103.639
Cataluña (4)	17/12/2002	25.206	11	25.217
Estremadura	13/12/2002	12.966	242	13.208
Galicia (5)	10/12/2002	158.413	1	158.414
Rioxa, A	16/12/2002	2.619	2	2.621
Madrid	13/12/2002	23.907	2	23.909
Murcia	13/12/2002	162	2.788	2.950
Navarra	16/12/2002	9.123	7	9.130
País Vasco	04/12/2002	32.736	4	32.740
C.Valenciana	09/12/2002	5.098	1	5.099
Ceuta		-	-	-
Meillla	16/12/2002	-	7	7
Total		523.386	4.589	527.975
Galicia / España (%)		30,3	0,0	30,0

(1) LNR de Algete: O Laboratorio Nacional de Referencia de Algete é o LNR para a realización das probas rápidas "post-mortem" de vixilancia da EEB

(2) Inclúe un resultado positivo de Zaragoza dun animal pertencente á cohorte do animal do foco de Castropol confirmado o 25 de marzo do 2002.

(3) Inclúe 3 resultados positivos de Zaragoza de tres animais sacrificados como medida de erradicación dos focos de Cimanos de la Vega e Tortoles (confirmados o 4 de xullo de 2002) e de Villaluenga de la Vega (confirmado o 25 de setembro de 2002).

(4) Inclúe un resultado positivo de Zaragoza dun animal sacrificado como medida de erradicación do foco de Massanes (confirmado o 5 de xuño de 2002)

(5) Inclúe un resultado positivo de Zaragoza dun animal sacrificado como medida de erradicación do foco de San Sadurnillo (confirmado o 29 de agosto de 2002)


Fonte: Información EEB [<http://www.eeb.es>] (última revisión: 24-04-2003)

cida coloquialmente como “mal das vacas tolas”), os cadros 5.52. e 5.53. reflicten os datos dos casos rexistrados en Galicia entre os anos 2000 e 2002. Neste período de tempo, confirmáronse en Galicia un total de 62 casos dos 205 casos confirmados no conxunto do Estado (o 30,2%).

Atendendo á distribución provincial, dos 62 casos confirmados, 22 corresponden á provincia de Lugo, por diante de A Coruña e Pontevedra, con 18 e 16 casos, respectivamente. A provincia con menos casos confirmados foi Ourense, con 6 casos detectados.


O **cadro 5.54.** reflicte que a 10 de decembro de 2002 realizáronse en Galicia un total de 158.414 *test prionics*, o que representa o 30,3% do total dos test realizados no conxunto do Estado. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é a comunidade onde máis test se realizaron, por diante de Castela e León,

con 108.639 *test prionics*, e Andalucía, con 45.195 test realizados. ■



57

SEGUROS AGRARIOS



endo en conta que a agricultura e a gandería son actividades económicas afectadas pola incidencia de múltiples riscos como os derivados da súa exposición a diferentes adversidades climáticas e os que son consecuencia das incertezas dos mercados (carácter perecedeiro da produción, rixidez da oferta, importancia do desenvolvemento da actividade no mantemento do hábitat rural, ...), o sector agrogandeiro é un sector onde a utilización de instrumentos de xestión dos riscos con criterios cada vez máis racionais e eficaces adquiren unha grande importancia.

Tal e como reflicte o **cadro 5.55.**, o custo total dos seguros agrarios ascendeu no ano 2001 a 6,4 millóns de euros, dos que 2,7 millóns de euros están subvencionados pola Entidad Estatal de Seguros Agrarios (ENESA) e 0,6 millóns de euros pola Comunidade Autónoma. Comparado co ano 1997, o devandito cadro amosa que se duplica o importe do seguro agrario, así como a subvención do ENESA, rexistrándose unha medra do 81,1% na subvención da Comunidade Autónoma galega.

Considerando as diferentes liñas de actuación, o **cadro 5.56.** amosa que no ano 2001 a principal liña de actuación é a correspondente á explotación de gando vacún, cun custo total de 4,9 millóns de euros, dos que a subvención de ENESA ascende a 2,0 millóns de euros e a da Comunidade Autónoma a 0,4 millóns de euros. Séguelle en importancia as liñas de actuación correspondentes a afronta-lo efecto da EEB, con 730,5 miles de euros (a subvención de ENESA ascende a 365,2 miles de euros), e a correspondente a uva de viño, con 608,8 miles de euros (a subvención de ENESA ascende a 207,6 miles de euros e a da Comunidade Autónoma a 114,2 miles de euros). Estas tres liñas de actuación acollen o 97,2% do custo total, así como o 97,7% da subvención de ENESA e o 98,2% da subvención da comunidade autónoma.

Comparado co ano 1997, rexístrase unha medra importante no número de liñas de actuación. Fronte ás 18 liñas do ano 2001, no ano 1997 había un total de 11 liñas. Asemade, cómpre salientar que no ano 1997 a principal liña de actuación corresponde á reproductores e recría,

5.55.

Aseguramento e subvencións dos seguros agrarios 1997-2001

	Superficie (en m ²)	Nº animais	Custo	Subvención ENESA (en euros)	Subvención CC.AA.
1997	2.919,4	45.897	3.141.212,09	1.316.160,18	310.334,93
1998	1.613,6	35.438	2.530.477,80	980.279,92	245.397,88
1999	3.003,0	31.027	1.843.842,86	747.624,93	214.786,42
2000	3.143,6	96.957	4.274.421,14	1.808.251,23	469.347,61
2001	18.652,0	237.717	6.424.866,80	2.659.318,10	561.964,83
			(%)		
1998/1997	-44,7	-22,8	-19,4	-25,5	-20,9
1999/1998	86,1	-12,4	-27,1	-23,7	-12,5
2000/1999	4,7	212,5	131,8	141,9	118,5
2001/2000	493,3	145,2	50,3	47,1	19,7
2001/1997	538,9	417,9	104,5	102,1	81,1

Fonte: Entidad Estatal de Seguros Agrarios

5.56.

Seguros agrarios 2001: distribución segundo liñas de actuación 2001

Liña	Superficie (en m ²)	Nº animais	Custo	Subvención ENESA (en euros)	Subvención CC.AA.
Reproductores e Recría	-	109	5.131,47	2.212,96	311,07
Gando Vacún de Cebo	-	154	3.445,22	1.409,66	253,74
Uva de Viño	17.943,3	-	608.763,02	207.563,77	114.160,13
Cereais de Inverno	32,5	-	72,15	12,11	2,18
Cereais de Primavera	142,0	-	2.215,05	390,99	70,40
Cereixa	1,9	-	452,73	172,05	94,62
Cultivos Protexidos	0,5	-	498,31	144,51	26,01
Xudía Verde	0,4	-	736,02	243,51	43,82
Kiwi	60,1	-	33.139,15	8.647,26	4.756,00
T. G. Pedrisco	2,3	-	51,27	8,45	1,52
Explotación de Gando Vacún	-	129.730	4.904.026,23	2.024.971,26	437.456,15
Exp. Ovino e Caprino	-	8.829	3.261,79	1.075,50	193,58
Rdto. Uva de Viño (Mod. A)	293,1	-	65.779,86	21.994,93	3.959,12
Rdto. Uva de Viño (Mod. B)	3,4	-	494,71	232,52	41,85
Compl. Rdto. Uva (Mod. A)	169,1	-	11.025,09	3.200,62	576,15
Compl. Rdto. Uva (Mod. B)	3,4	-	244,53	102,70	18,49
Exp. de Gando Vacún Cebo	-	1.121	55.059,89	21.739,56	-
Encef. Esponxiforme Bovina (EEB)	-	97.774	730.470,31	365.195,74	-
Total	18.652,0	237.717	6.424.866,80	2.659.318,10	561.964,83

Fonte: Entidad Estatal de Seguros Agrarios

con 2,4 millóns de euros (o 76,9% do custo total) fronte ós 5,1 miles de euros do ano 2001 (0,1% do custo total). No caso da uva para viño, no ano 1997 o custo do seguro agrario ascendeu a 627,4 miles de euros fronte ós 608,8 miles de euros do ano 2001. A principal diferenza entre estes anos nesta liña de actuación radica na superficie afectada, que medra dende os 2.733,7 metros cadrados de 1997 ós 17.943,3 metros cadrados do ano 2001. ■